PUBLIC DIBRIS 30

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ANO XVIII · 23 DE NOVEMBRO · 1995 — Nº 701 · 200 PTA (500 CON SUPLEMENTO)

Para a direita é inasumíbel que o nacionalismo teña preséncia no governo da capital de Galiza

Fraga dítalle a política a Estévez

A mesma noite eleitoral, Fraga prometeulle o seu apoio a Xerardo Estévez para que non pactase co BNG en Compostela. As diferéncias na dereita recharon o acordo. A capitalidade europea para Santiago fixo que Fraga tomase de novo a iniciativa e lle propuxese ao alcalde de Compostela a axuda do PP para levar a cabo unha política de *feitos consumados*, coa inhibición dunha dereita que non pode aceitar que a capital de Galiza pudese ser usada como símbolo nacional nos fastos que se aveciñan.

Santiago confórmase cun noveno de capitalidade cultural

A primeira vez que a capitalidade cultural se comparte en várias cidades faise na Unión Europea ao grande. Nada menos que nove son as urbes nominadas para o ano 2000 nunha decisión na que non houbo excluidos. Compostela que puxara forte por conseguir a designación entra asi nun circuito de máis de 200.000 quilómetros no que non se sabe cal será o fin, nen o inicio. **(Páx. 23)**



Novo *Caderno* á venda con este número

Urbanismo, terra e sociedade

A Galiza que busca alternativas presente en Santiago o dia 25

Hai que moverse

Responsábeis da Confederación Intersindical Galega constatan "un aumento da conciéncia sobre o desmantelamento que sofre o país". A mobilización a celebrar en Compostela o dia 25 teria como obxetivo mostrar "que ainda hai solucións, sempre e cando non nos resignemos". **(Páx. 4)**

MASCARADA

Antón Risco

Catro personaxes illados do mundo e empeñados nun perigoso xogo de identidade. A mellor novela de Antón Risco.

galaxia

Pujol volve gañar (Páx. 5)

A *ecotasa* baixo a presión das eléctricas (Páx. 9)

Terrorismo contra a muller (Páx. 15)

Entrevista con Lídia Senra, secretária do SLG (Páx. 12 e 13)

Nixéria: o papel das multinacionais en Africa (Páx. 19)

A literatura galega a debate (Páx. 28 e 29)

Paul Preston, biógrafo de Franco

"Franco alongou a guerra para erradicar á esquerda e ao nacionalismo"

A história do franquismo cambiou despois de Preston publicar o seu ensaio biográfico. O profesor da Faculdade de Económicas de Londres estableceu a partir de documentación nunca antes revisada a profunda convicción fascista de Franco e a sua resolución de facer unha guerra lenta na que a erradicación dos nacionalismos e as ideas de esquerdas eran máis importantes que os obxectivos militares. Preston veu falar sobre o seu biografiado aos 20 anos do 20-N. **(Páx. 16 e 17)**

A Xunta deixa sen axudas á

A Nosa Terra, por terceiro ano consecutivo

Estévez negouse a asinar o acordo co BNG cando xa estaba todo pactado

As conversas con Fraga marcaron a política do PSOE en Compostela

ALFONSO EIRÉ

Xerardo Éstevez pasou de negarse en redondo a pactar co BNG a presentar a sua dimisión en Madrid, iniciar conversas co BNG e, cando o acordo estaba feito, negarse a firmalo. No fin destas decisións sempre estaban as conversas con Fraga Iribarne. O PSOE, como partido quedou totalmente á marxe das decisións.

Dositeo Rodríguez chamou a Xerardo Estévez. Eran as 12 da noite do 28 de Maio e habia só uns minutos que se deran a coñecer os resultados das eleicións municipais como definitivos. A proposta do mandadeiro de Fraga Iribarne foi clara: "terás o apoio preciso do PP, pero non pactes co BNG. É un compromiso do Presidente".

Xa aquela mesma noite, Xerardo Estévez, cabeceira de lista do PSdG-PSOE pola capital de Galiza e candidato máis votado, ainda que sen maioria absoluta, afirmaba que non ia chegar a ningun acordo de governo co BNG. "Por razóns institucionais teño que ter as mans libres e pactarei pontualente co PP ou co BNG". Nas suas comparecéncias ao dia seguinte ante os meios de comunicación tamén resaltou que "o proxeto político que defende o BNG está moi lonxe do PSOE, polo que é imposíbel un acordo programático".

O 28 de Xullo celebrouse un pleno no concello de Compostela no que se tiñan que elixir os representantes da Corporación Municipal no *Consórcio da Cidade de Santiago*. Nos dias anteriores, o BNG fixera moito fincapé na necesidade de que todos os grupos estiveran representados neste organismo. Tamén a voceira municipal do PP, Maria Xesus Sáiz, mostrara o se desexo de estar presente "onde realmente se van tomar as decisións máis importantes para a cidade". Xerardo Estévez negaba esta posibilidade, argumentando a necesidade de consenso institucional que, por suposto, el encarnaba como alcalde ante a Xunta, o Governo central e máis Bruxelas.

Pero os desígnios de Estévez non se cumpliron. Chegada a votación, Maria Xesús Sáinz rachou as recomendacións de Fraga e decidiu que queria estar presente no *Consórcio*. Encarna Otero viuse sorprendida por esta atitude e decidiu que apoiaria a proposta do PP se o PP apoiaba a do BNG. Foi asi como no Consello de Administración do *Consórcio* entraron os dous partidos da oposición. Noutros vários pontos a discusión, como dedicacións exclusivas, persoal aventual e de confianza e a preséncia dnos distintos organismos municipais, PP e BNG tamén votaron conxuntamente, impedindo que prosperasen as iniciativas da alcaldia que, deste xeito quedaba totalmente atada na sua marxe de manobra.



Xerardo Estévez non queria compartir as labouras da capitalidade con Encarna Otero. XOAN SOLER / V.N.

Estévez sentíuse atrapado e doido co PP por non ser capaz de controlar aos seus próprios concelleiros. A situación de *ingovernabilidade* levou a que parte dos concelleiros do seu grupo, con Sánchez Bugallo á cabeza, comezasen a presionar para chegar a un acordo co BNG. Estévez non admitia esta situación e nun arranque, definido como "moi próprio", por un seu compañeiro, decidiu marchar a Madrid e apresentar a dimisión de todos os seus cárregos, incluido o de deputado en Cortes. Borrell e o aparato socialista convencérono para que seguise, indicándolle que eles estaban de acordo coa posibilidade de que pactase co BNG.

> Os alicerces do acordo serian o compaxinar o medre da capital coa garantia aos seus habitantes, de feito e de direito, dos servícios básicos.

Cando Estévez regresou de Madrid viña co seu discurso mudado e non tivo reparos en convocar unha rolda de prensa na que deu a coñecer a sua disposición para comezar as negociacións co BNG e chegar a un acordo de governo.

Comezan as negociacións

As conversas comezaron rápidamente, participando polo PSOE os concelleiros, Sánchez Bugallo. Xosé Manuel Villanueva e António Fernández, que abranguian todo o abano presente na candidatura elaborada por Estévez á marxe do PSOE. Pola BNG Estaban presentes a sua voceira Encarna Otero, o concelleiro Nestor Rego e o responsábel local do BNG, Xosé Fernández. En algunhas reunións tamén participou un dos responsábeis da Comisión Institucional do BNG, Anxo Quintana.

As conversas avanzaban a bó paso e os integrantes de ambos partidos non tiñan reparos en sair publicamente afirmando que se producian moitos pontos de coincidéncia entre as duas formacións. Así o poñia de manifesto en *El Correo Gallego*, Sánchez Bugallo en numerosas ocasións. Ao rematar Outubro xa existia un documento de 14 fólios no que se recollen os "acordos programáticos que as duas forzas, PSOE e BNG, asumimos conxuntamente para os catro anos de governo municipal (1995-1999)". O concelleiro socialista, Xosé Manuel Villanueva xa deixara claro no primeiro dia de negociación que as duas premisas *si ne qua non* do PSOE eran "un programa estábel, a corresponsabilidade no governo e a responsabilidade institucional ante os diferentes governos". Propostas que o BNG aceitou.

"Os alicerces do acordo", segundo a terminoloxia recollida no documento, serian o compaxinar o medre da capital coa garantia aos seus habitantes de feito e de dereito dos servícios básicos, "sen desequilíbrio nen desigualdades habítase no rural, nun báirro ou no casco vello". Tamén se recollian como pontos básicos o "proceso de democratización, transparéncia, servizo á cidadania xunto co compromiso de apostar por un Santiago moderno, produtivo, xerador de traballo e acolledor de persoas, é dicer, universal". O único que restaba por negociar era o Plano Espacial de Urbanismo e os servícios sociais, que decidiran sería matéria específica de consenso.

Marcha atrás de Estévez

O 13 de Novembro, as 9 de noite, reuníanse as delegacións do BNG e PSOE para selar definitivamente o acordo de pacto. A este reunión asistia por primeira vez Xerardo Estévez. O primeiro que puxo de manifesto Estévez foi que a reunión tiña que ser unicamente "de grupo municipal a grupo municipal", para seguidamente deixar ben claro que non estaba disposto a que o BNG asumise funcións de governo, por máis que, segundo pudo saber *A Nosa Terra*, o próprio PSOE xa tiña elaborado o novo organigrama de governo, asinándolle ao BNG a área de servícios sociais e participación cidadá.

Ante a postura de Estévez, as negociacións quedaron rotas. Ao dia seguinte, Xerardo Estévez afirmaria que "nunca me vin, nen me verei, governando co BNG", argumentando os compromisos institucionais que lle demandaban ter as mans libres para actuar así como que o seu eleitorado procede en parte do PP (fixo relación á diferéncia entre os votos ao PSOE nas municipais e nas xerais e autonómicas).

> Estévez sentíuse atrapado e doido co PP por non ser capaz de controlar aos seus prórios concelleiros.

Antes de tomar esta decisión, Xerardo Estévez xa se entrevistara con Fraga Iribarne que voltaba estar "moi preocupado polo pacto que vades firmar co BNG, sobre todo cando xa está decidido que Compostela será *Capital Cultural Europea*". Fraga pediulle que reconsiderase a sua posición dándolle razóns *institucionais* e do que significaria a preséncia do BNG no governo municipal, que ia aproveitar para proxectarse ao exterior. O Presidente da Xunta aseguroulle que ia surtir efecto o pacto que firmaran o mesmo dia das eleicións, dándolle tranquilidade de que Maria Xesus Sáinz e o seu grupo municipal ian seguir as suas directrices. Estévez pediulle feitos e, aos dous dias, saen todas as propostas por unanimidade no pleno, ante a surpresa de todos, agás de Estévez. O BNG votaba a favor porque xa as tiña pactado co PSOE e o PP decidiu apoiar tamén seguindo as instrucións de Fraga. Por votar, até votaron por unanimidade as taxas, algo pouco frecuente.

Esta decisión, apresentada polos concelleiros como "algo lóxico", trouxo nembargantes un amplo descontento no seo do PP, como recollia *El Ideal Gallego* esta mesma semana, afirmando que o grupo máis próximo a Xosé Maria Aznar estaba totalmente en contra destes apoios do PP ao PSOE, ollados en Madrid como *antinatura* e contrários á sua estratéxia.

Que foi o que lle levou a Estévez a perder o medo de governar en solitário, incluso no Consórcio donde todas as decisións se teñen que adoptar por unanimidade? Segundo lle comentou a xente próxima, está convencido de que pode levar unha política de feitos consumados: "negociando coas altas instáncias e adxudicar as obras, pois, controlado o PP, o BNG nunca poderá opoñerse aos proxetos, pois a sua postura non poderia explicala ante a opinión pública". Esta sería a saida que lle suxeria Fraga. ♦

No PSOE néganse a opinar oficialmente

O BNG afirma que Estévez "apostou por apoiar á direita"

As posturas do BNG e PSOE son coincidentes á hora de valorar a postura de Xerardo Estévez rachando o acordo de governo cos nacionalistas. A diferéncia está en que mentres o BNG proclama sen reservas que "a clave está en que Estévez non só lle tomou o pelo ao BNG, senón tamén ao PSOE, rachando o compromiso que existia en toda Galiza, senón tamén ao seu próprio grupo municipal, aos que ninguneou", en palabras de Encarna Otero.

Desde o BNG consideran que foi Fraga Iribarne quen convenceu a Estévez para que rachase este pacto, pois "non podian permitir que Compostela, como capital de Galiza, se convertira nun símbolo, tanto dun xeito de facer política, como ocurriu na pasada lexislatura en Vigo, como polo que representa Santiago, donde a preséncia do nacionalismo acentuaria o seu carácter".

Para Encarna Otero "Estévez apoia á dereita, enfrontándose mesmo as estratéxias do seu próprio partido". Tamén considera que caeu nunha trampa política, "pois o apoio de Fraga non é garantia para ter máis recursos, como se está tamén a comprobar en Vigo". Ao mesmo tempo a voceira municipal do BNG pergúntase se o PP "se vai a comprometer a que se executen os convénios, como o realizado co Instituto da Vivenda e Solo".

A coincidéncia do BNG co PSOE ven á hora de calificar a Xerardo Estévez, coincidindo na sua incapacidade "a calquer caste de diálogo ou de compromiso de participación". Pero no PSOE non hai quen queira realizar declaracións. Si hai moitas perguntas e afirmacións *of the record*. a primeira pergunta é cal vai ser o futuro de Estévez no ano 2.000. "Que saida ten agora, dimitindo do Parlamento? Marcharse a traballar fora despois de entregarlle a alcaldia ao PP?", inquírise un socialista compostelán. Hai quen considera dentro do PSOE que Estévez "xa da por sentado que Aznar vai chegar á Moncloa e amedoñárono decíndolle que se pactaba co BNG, Santiago non ia recibir ningunha axuda. Cedeu porque nunca fixo análises politicos e sempre antepuxo os seus intereses aos do partido". Critícase que agora teña apartado ao concelleiro Sánchez Bugallo, o que máis loitou polo pacto de governo e consideran que "hoxe por hoxe é difícil o recámbio pois ninguén teria o apoio da prensa local e dos empresários do Támbre como ten Xerardo". Outros consideran, nembargantes, que se Estévez dimitiu de deputado foi para non verse desprazado nos próximos comícios. Pero hai no partido quen considera que "si podia ter asegurado un posto de senador". A coincidéncia existente entre os distintos socialistas consultados e que "Estévez fixo todo á marxe do partido, xa se sabe como actua, sempre foi un ególatra personalista" e que o alcalde "estivo agardando a saber se Compostela ia ser capitalidade europea. De ningun xeito queria compartir a foto con Encarna. Agora tampouco quer que ninguén lle poda sacar unha migalla de protagonismo". Máis, oficialmente, no PSOE non hai unha versión e até se discrepa sobre o papel que xogou Francisco Vázquez, se foi verdade que Fraga lle pediu o seu apoio para abortar o acordo de Estévez co BNG ou non. ♦



A comisión negociadora do PSOE e BNG xa tiñan chegado a un acordo.

O tabu nacionalista

O nacionalismo é máis ca un inimigo eleitoral: representa un proxecto de país. Aquelas opcións que antepoñen outros valores aos próprios da nación galega acaban por ver nel un enemigo, por máis capa de moderación que presente. Serva, niste senso, o exemplo de Pujol.

Só de acordo con esta idea se pode entender a teimosia de Manuel Fraga Iribarne por impedir que o BNG chegue a un acordo de governo co PSOE en Compostela e que o alcalde Xerardo Estévez prefira acubillarse nos brazos adormecedores da dereita, desmentindo ao seu próprio partido, antes de compartir o protagonismo cos nacionalistas.

A cidade de Compostela pola sua delongada e influinte história, como tantas veces sinalou Otero Pedrayo, posue un grande simbolismo. Capital e emblema de Galiza, vai ter unha enorme proxección exterior na preparación dos fastos do *Xacobeo 99* e da *Capitalidade Europa do 2.000*. O nacionalismo rexeita a deturpación que significa erixir a Santiago en divisa da cultura española no marco europeo, remitindo ao máis escandaloso dos silenzos a evidéncia da pátria do Mestre Mateo. A galeguidade nen é sectária, nen aillante, pero ten que revolverse ante os que baixo a capa dunha pseudo-modernidade exercen dia a dia a censura da nosa identidade e de quen a representa. O nacionalismo opta pola relación universal, en termos de igualdade. Outros elixen o camiño, máis cómodo, pero tamén máis torpe, do mimetismo e dos oropeis. Un camiño esclerótico e sen futuro, pero que lle rende a alguns bons tributos en vida.

Se acaso, as razóns de Estado son condescendentes co galeguismo de *mesa camilla* que encontra na enganosa xenerosidade das forzas estatais o menos mao dos mundos posíbeis.

O nacionalismo é o garante de que Santiago de Compostela non se convirta nun decorado de cartón pedra, lugar de veraneo de xerarcas continentais. Esta opción que está a gañar a confianza da sociedade, que se manifesta o dia 25 contra a morte matada de Galiza, é a que sulaga no nervosismo ás filas oficiais. Por iso Fraga condicionou a opción democrática de Estévez. ♦

A NOSA TERRA

RESPOSTA AO DESMANTELAMENTO ECONÓMICO

A CIG, co apoio de todo o arco nacionalista, defenderá a economia produtiva frente á subvencionada

A mobilización do 25 en Santiago mostra de que "non nos resignamos"

■ M.V.

Responsábeis da Confederación Intersindical Galega constatan "un aumento da conciéncia sobre o desmantelamento que sofre o país". A mobilización a celebrar en Compostela o dia 25 teria como obxetivo mostrar "que ainda hai solucións, sempre e cando non nos resignemos".

A. IGLESIAS

Un artigo da publicación mensual francesa *Le Monde Diplomatique* do mes de Novembro, sinala, en referéncia ao Estado español, que "o custo da entrada en Europa foi moi alto. Sectores enteiros da economia —pesca, gandeiria, indústria láctea, asteleiros, siderúrxia, mineria do carbón, etc.— están en crise". Ainda que esta información non menciona a Galiza, non deixa de ser notório que dos, seis sectores aos que fai referéncia, catro son específicos da nosa comunidade. O rotativo francés sinala tamén que "España paga o prezo social dunha sumisión demasiado servil aos sacrosantos *critérios de converxéncia* impostos polo Tratado de Maastricht".

Resulta notabel que en Galiza só os sectores relacionados co nacionalismo asuman afirmacións como as expresadas arriba. Son con todo máis cada vez os sectores sociais que se senten próximos dos postulados nacionalistas, ainda que só seña porque a sua economia sectorial está a verse seriamente danada.

A campaña da CIG extendeuse polos centros de traballo e recolleu a solidariedade de colectivos sociais diversos. O BNG, a FPG, o Sindicato Labrego e os CAF, entre outras forzas, fixeron pública a sua postura de apoio á mobilización do próximo Sábado.

O BNG que celebrou reunións e asambleas en todas as localidades, lembrou que nos últimos cinco anos "Galiza perdeu 130.000 empregos". A portavoz desta organización, Encarna Otero, afirmou que "temos destruidos todos os sectores económicos, desartellados os grupos empresariais, empobrecida a povoación e mesmo agrandada a desmoralización da cidadania".

> *Le Monde Diplomatic* do mes de Novembro sinala que "España paga o prezo social dunha sumisión demasiado servil aos sacrosantos *critérios* de Maastricht"

"Independéncia real", pide a FPG

Mariano Abalo sinalou a este periódico, en representación da Frente Popular Galega, que "non podemos permitir que se siga a destruir impunemente a nosa economia", conforme sinalou que "a independéncia real é necesária para non seguir baixo a presión do que se decida en Madrid ou Bruxelas".

O Comités Abertos de Facultade chamarán aos estudantes "a non quedar descolgados" e a "moverse polo emprego".

A Confederación Intersindical Galega exixiu tamén o dereito a que "Galiza conte con alternativas produtivas e non se vexa relegada a un posto subsidiário dentro de Europa".♦

GALBRAITH ESTÁ CONNOSCO

MANUEL DIOS

John Kenneth Galbraith, catedrático de Teoría Económica en Harvard, con oitenta e sete outonos nas costas —cumpreunos o pasado 15 de Outubro—, keynesiano, colaborador do Partido Demócrata estadounidense, autor de obras como *A Sociedade Opulenta*, *O Novo Estado industrial* ou *A economía e o interese público*, entre outras, así como dunhas interesantísimas memórias co título de *Unha vida do noso tempo*, nada sospeitoso de esquerdismo ainda que —desde logo— comprometido nos EE.UU. con moitas causas perdidas: antifascista, opositor á Guerra do Vietnam, contrario á carreira armamentista... etc., debería ser de leitura obrigada, condición *sine qua non*, para acceder a unha praza de Conselleiro ou de Ministro do ramo, presidente da Confederación de Empresários e, por qué non, dirixente sindical.

Pois ben, este americano-canadiano, de Iona Station, Ontário, ascendéncia escocesa e liberal, segue a denunciar coa súa autoridade as políticas económicas que pretenden obsesivas privatizacións e a liquidación do chamado Estado de Benestar. Temos que dicer aqui, inmediatamente, que tal modelo de sociedade á Galiza chegou, como vulgarmente se dí: tarde, mal e arrastro.

Aquí, na realidade, a maioría está ubicada no que algúns (malintecionados, por suposto) denominamos como *Estado do Malestar*. Ainda que logo nas Eleicións non se note...

Galbraith contradí, cáseque a diário, aos que están empeñados en reducir drasticamente os gastos sociais, a aqueles que afirman, machaconamente, que a carga presupostária da Seguridade Social, por exemplo, as pensións, o seguro de desemprego (para quén o cobra), os gastos sanitários ou educativos serán imposíbeis de soster a médio prazo.

Afirma este keynesiano vitalista que "os gastos do Estado só se converten en cargas cando favorecen, precisamente, aos máis pobres". Curiosamente, outros gastos, elevadísimos gastos, non son —para os poderosos— nunca cargas. Por exemplo, afirma Galbraith, que: "O gasto destinado a Defensa, para eses mesmos que predican o final do Estado de Benestar, non supón nunca unha carga".

Se a metade dos ríos de tinta que se adican a criar a opinión de que os gastos sociais non teñen futuro, se adicasen, pola contra, a falar dos cuantiosos gastos supérfluos, socialmente innecesários, absurdos... outro galo cantaría. Isto é o que se pode permitir, fiel aos seus princípios, John Kenneth Galbraith, sen que ninguén poida tildalo de esquerdista, radical e outras lindezas, desde a máis pura e ortodoxa teoría keynesiana.

> "O sindicalismo galego ven poñendo sobre a mesa, desde ahi máis de seis meses, que isto ten que cambiar"

Sen embargo aquí, na periféria atlántica, no território comanche, asistimos impasíbeis a unha venda a prazo fixo do País cos grandes xefes danzando e disfrutando no supermercado dos abalórios da vanidade.

O *Consello Galego de Relacións Laborais* ven de emitir un *Informe sobre o Estado e Situación da Economía Galega* que desmonta, literalmente, o espectáculo virtual que sobre Galiza ten montado JPV que non son, precisamente, as siglas de *Jóvenes Preparados VIP*, senón as do Javier Pérez Varela, levantador de páxinas, autor principal do recoñecido sainete *Galiza no país das maravillas*.

Non é un informe da CIG. Ten carácter institucional e está consensuado por toda a representación social: a saber, administración, empresários e sindicatos. Foi presentado en sociedade por Benigno Sánchez, presidente do CGRL. Os datos que se aportan son demoledores. O futuro industrial, o sector público, o noso futuro como Nación, está hipotecándose ás agachadas.

Asistimos ao desmantelamento do sector naval (basta xa de eufemismos reconversores), á escalonada liquidación do sector pesqueiro (única actividade tecnolóxicamente avanzada e integrada económicamente, referente e signo de identidade da Galiza atlántica), ameazan con privatizar os poucos buques insignia da empresa pública galega, a povoación inactiva supera á activa, a precariedade aumenta, as condicións de traballo, para os poucos que o teñen, son cada vez máis leoninas, as autovías para o século que vén... para qué seguir.

E mentras tanto, Don Manuel anúncia novos viaxes, como non, "de Estado". Os psoistas, quén o diría, Uxío Labarta, de escudeiro de Atienza, quéda só defendendo aquí o Acordo Pesqueiro da UE con Marrocos cando máis do 80% da povoación galega considera que a UE defende pouco ou nada ao sector. CC.OO. e UGT en babia, manifestándose, todos revoltos, me lo dijo Pérez, contra da CIG. Qué sarcasmo.

Os medios embobados cos Xacobeos, capitalidades culturais, festas e ceremónias, a sucesión, jarrai —mellor xarrete— e a mocidade, a violéncia dos oprimidos, os perigos do nacionalismo... mentiras mediáticas, falso pero creibel, como dí Margarita Ledo.

E o anúncio televisivo da CIG vetado. Iso sí, en pro da liberdade de expresión e a legalidade. Ten coña. ¿Onde están os defensores dos dereitos e das liberdades democráticas? E ¿os intelectuais? ¡Amáñame a subvención, fulano!

HAI QUE MOVERSE. HAI QUE MOVELOS

A todos nos gustaría que os problemas desaparecesen a *"padrenuestros"*. Pero a realidade é moi dura. Sobre todo cando lle apreta a ún. Hai que empurrar. Desde a pasividade e a resignación non temos futuro. Desde a confusión tampouco. Fai falla, máis que nunca, claridade e tamén, como non, coraxe.

O sindicalismo galego, certeiramente, ven poñendo sobre a mesa, desde hai máis de seis meses, que isto ten que cambiar. Que Galiza non se merece este reparto. Que coas políticas que nos están impoñendo desde Bruxelas e Madrid, e coa Xunta no Rosário, non temos futuro.

Por eso, o 25 de Novembro, Compostela será, de novo, obreira e nacionalista. O noso futuro como Nación está en xogo e, Galbraith, o mismísimo John Kenneth Galbraith, está da nosa parte. Qué máis queremos...♦

MANOLO DIOS é Secretario de Comunicación da Executiva Confederal da CIG.

ELEICIÓNS AUTONÓMICAS

CiU gaña 93.000 votos, pero baixa un 5% debido ao incremento da participación

O PSOE dá a surpresa ao descender só o 2,7% en Cataluña

■ M.V.

A onda positiva do PP en todo o Estado fíxose notar tamén en Cataluña, onde este partido gañou 262 mil votos, pero segue a grande distáncia das duas principais forzas. A grande surpresa foi a do Partido Socialista, a quen os méios de comunicación de Madrid agoiraban un forte baixón que logo non foi tal. CiU aumentou en votos, pero viuse máis afectada que os socialistas polo incremento da participación.

Todos os partidos aumentaron o seu número de votos, grácias ao aumento da participación. CiU mantén unha elevada cuota do 41% de votantes e 60 escanos, ainda que baixa cinco pontos en porcentaxe e perde 10 escanos. Non se pode falar, con todo, de que Pujol sofrise unha grave derrota porque incrementou en 93.000 o seu número de sufráxios.

Cataluña posue máis competéncias que Galiza, froito da esixéncia das forzas nacionalistas. Na foto pequena o candidato do PSC Joaquin Nadal.

O PSOE gaña 68.000 votos e descende menos de tres pontos porcentuais. En realidade, resultan os gañadores simbólicos destes comícios, toda vez que non sofriron a derrota que alguns vaticinaban e mantense en 34 escanos, perdendo só 6.

ERC e Iniciativa por Cataluña tamén ven mellorados os seus resultados, tanto en número de votos, como en porcentaxes.

O tirón estatal do PP

O significativo incremento do Partido Popular débese, sen dúbida, as espectativas deste partido a nível estatal, o que debeu animar a participar a unha franxa de eleitorado habitualmente abstencionista, pero proclive ao ideário conservador.

Tamén é probabel que o PP roubase a PSOE e CiU alguns posíbeis votantes, prestados na *década prodixiosa*.

Resultados definitivos

	1995			1992		
	Votos	%	Esc.	Votos	%	Esc.
CiU	1.314.108	41,0	60	1.221.233	46,1	70
PSC	786.859	24,8	34	728.311	27,5	40
PP	419.932	13,1	17	157.772	5,9	7
ERC	304.832	9,5	13	210.366	7,9	11
IC	312.328	9,7	11	171.794	6,5	7



Non hai que esquecer con todo que os maiores éxitos de CiU e PSOE producíronse nun periodo de crecemento e nunha época de eventos como as Olimpiadas. Proceso no que Cataluña ocupou un lugar destacado. Pero, facendo omisión dese periodo, hai que lembrar que CiU conta agora con 14 deputados máis que en 1980, cando conseguiu governar en minoria e que a dereita centralista (UCD máis PP) conseguiran en 1977 e 1979 o 20% dos votos, un cuota dá que ainda está lonxe o PP actual.

As alianzas a favor de Pujol

As alianzas tamén xogan a favor de Pujol. O lider nacionalista conta cun amplo abano de posibilidades cara posíbeis pactos, sexan de governo, ou, o que resulta máis probabel, de carácter pontoal. A oposición, en cámbio, teríao moi difícil para criar unha alternativa a CiU, toda vez que o PP é un aliado non desexado por ninguén.

En todo caso, e con 60 escanos de 135 posíbeis, non cabe dúbida de que o nacionalismo moderado catalán segue a ser a opción máis representativa de Cataluña. De sumarlle os 13 escanos de ERC lograriase unha tranquila maioria autóctona. A este factor convén engadir o carácter, senón nacionalista, si catalanista do PSOE e IC. ♦

OS PRIVILÉXIOS DE PUJOL

M. VEIGA

Os mesmos que agora anúncian a *debacle* de Pujol, antes afirmaban que Cataluña era a grande beneficiada do pacto entre Felipe e o lider catalán. De duas unha. Ou aquel pacto non privilexiaba a Cataluña ou os cataláns que teñen fama de listos e de *agarrados* deixaron de saber o que lles convén e agora penalizan surpresivamente a quen tantas prebendas lles estaba a conseguir.

O que non se pode cuestionar, en todo caso, despois destes comícios, é que a política estatal condiciona en grande medida calquer proceso eleitoral autonómico. Cataluña que puxo en prática un grado de autonomia maior que outras comunidades e que conta cun sistema de méios de comunicación relativamente independente e non só en virtude dos dous canais autonómicos de televisión, senón tamén grácias a xornais como *La Vanguardia* ou os numerosos diários comarcais, padece non en grado despreciabel, polo que se viu, a influéncia da onda propagandística e crepuscular dos grandes diários e das emisoras de rádio que se editan ou emiten desde Madrid.

A burguesia catalana, madura —segundo se di— e a povoación dotada dunha conciéncia moi afincada nas referéncias próprias, non foron de todo alleos ao choque de intereses, e ao ronsel que deixan tras si, os dous sectores económicos enfrentados a nível estatal polo rango dos seus privilléxios na próxima década.

> "Demostrouse que a política estatal condiciona mesmo a autonomias tan consolidadas como a catalana"

Cando isto sucede en Cataluña, non hai porque extrañarse de que a política estatal posua tan elevado poder de determinación en realidades menos articuladas como a galega. Trátase, en todo caso, dun problema difícil de resolver en canto o cidadán vexa que as rendas da maioria das decisións importantes seguen a estar no *foro* madrileño. ♦

PROMOCIÓNS CULTURAIS GALEGAS S.A.

A NOSA TERRA

CONVOCATÓRIA DE XUNTA XERAL EXTRAORDINÁRIA

Segundo acordo do Consello de Administración de 4 de Novembro de 1995, convócase aos señores accionistas de Promocións Culturais Galegas S.A., con domicílio en Vigo, na rua do Príncipe Nº 22, a unha Asemblea Xeral Extraordinária, que se celebrará na devandita sede social, a celebra o dia 8 de Decembro ás 17 horas en 1ª convocatória : o dia **9 de Decembro á mesma hora en segunda** e definitiva. A asemblea desenvolverase de acodo coa seguinte:

ORDE DO DIA

1 .— Exame de novos proxectos empresariais.
2 .— Ampliación de Capital.
3 .— Rogos e perguntas.

En Vigo, a 8 de Novembro de 1995

Asdo.: O secretário
XAN X. PIÑEIRO

Visto e prace: O Presidente
CESAREO SANCHEZ

■ O recurso da CIG contra as televisións públicas vai adiante

O recurso que a CIG interpuxo no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza contra a TVG e a TVE foi admitido a trámite. Agora son os responsábeis de publicidade de ambas canles públicas os que teñen que apresentar as alegacións oportunas ante o TSXG. O recurso foi motivado pola negativa da TVG e da TVE a emitir unha campaña de publicidade de marca da central nacionalista. ♦

■ Aos alunos do cámpus de Pontevedra chóvelles nas aulas

Cando semella que se arranxaron os problemas dos alunos de Belas Artes ao habilitarse o cuartel de San Fernando, a facultade de Maxistério segue a ser a filla pobre da Universidade de Vigo. Os eternos problemas do cámpus de Pontevedra non se dan solucionado ano tras ano. Aos alunos de Maxistério e Forestais, que conviven no mesmo edificio, chóvelles dentro das clases. O problema non é novo, pero as últimas choivas fixeron da faculdade "unha auténtica lagoa", segundo as delegacións das duas escolas. O "arranxo chafalleiro" que se fixo na cuberta do edifício non fai máis que filtrar a mínima choiva. O Mércores 22, os alunos estiveron pechados na faculdade e o Xoves 23, a protesta trasládase ao reitorado, en Vigo, polo que consideran desinterese e pasividade co cámpus pontevedrés. ♦

■ Carga policial contra alunos dun instituto de Santiago

Cortaron o tráfico e remataron na comisária. Os alunos do Instituto de Formación Profesional Lamas de Abade, de Santiago, protestaban polos accesos ao centro e polos problemas do transporte, no mediodia do Martes 21. Os alunos estaban acompañados dalguns dos seus profesores. A presenza policial rematou nunha carga, da que sairon cinco mozos feridos, tres dos cales foron detidos. Un deles, de dezaseis anos, pasou toda a noite na comisaria por querer aplicarlle o delito de agresións a un policia. O claustro de profesores decidiu interpoñer unha querela criminal contra os policias responsábeis por extralimitarse na sua función e actuar con brutalidade. Os docentes aseguran que entre a advertência de disolución e a carga transcorreron só uns instantes sen que houbera intento de diálogo e que a violéncia extrema na que se incurriu, algun aluno foi apaleado por vários axentes, non procedia ao tratarse os manifestantes de "adolescentes que a penas rozan a idade penal". ♦

SUSO SANMARTIN

■ O alcalde das Neves ten duas casas e vive nunha da Xunta

Osvaldo González, alcalde *popular* das Neves, segue a disfrutar do piso que se puxo á sua disposición cando era funcionário da cámara agrária local. Ao ser esta transferida e xubilarse, en Febreiro deste ano, tiña a obriga de abandonala. Segundo o concelleiro do BNG, Manuel Domínguez, o alcalde leva vivindo de balde desde ese momento, antes disto, non tiña obriga de pagar aluguer por tratarse dunha vivenda oficial. O representante nacionalista lembroulle a Osvaldo González que debe abandoar o piso porque depende da Consellaria de Agricultura. "Podiamos dicer que As Neves é o primeiro concello cun *alcalde okupa*, se non fose porque o tema é moi sério e o alcalde xa posue duas casas, esas si claramente da sua propriedade, e ás que na actualidade está sacando un benefício económico, xa que as ten alugadas", di Manuel Domínguez. ♦

Eva Lavandeira.

■ Sen pistas sobre a desaparición da nena de Vimianzo

Eva Lavandeira, a cativa de cinco anos que despareceu o Domingo 19, non dá nengunha sinal de vida. Non se lembra na parróquia de Calo, do concello de Vimianzo un feito semellante. Tras vários dias na sua busca, cun despregue que mobilizou a perto de mil persoas, entre viciños e gardas civís, non se conseguiu dar cunha mínima pista que dera luz sobre o seu paradeiro. A nena, con problemas de comunicación derivados do autismo que sofre, quedou no automóbil do seu pai o Domingo 19 no monte da Vela, mentres este ia vixiar o gado. Cando este voltou, tras quince minutos, segundo a sua declaración, a nena xa non estaba. Imediatamente comezou unha busca que conduce á desesperación. Comeza a descartarse a posibilidade de que fora atacada polos lobos, presentes no monte, xa que non se atopa ningún indicio disto como tampouco se atopou nada nos múltiples pozos que hai pola zona.

O governador civil da Coruña, Carlos Vacas, que participou na busca, anunciou que haberia que empezar a traballar con outras hipóteses, referíndose á participación dalgunha persoa na desaparición de Eva Lavandeira. ♦

■ Piden seis anos de prisión para Amador Vázquez polo caso de *don Felisindo*

Rematou o xuízo pola irregularidade das obras de Castrelo do Val e Verin, no que se procesaba a seis persoas: o ex-delegado de Política Territorial en Ourense, Amador Vázquez, o crego Felisindo Rodríguez, os técnicos Fernando Villacé, Celestino Manuel Alvárez e Leopoldo González e o constructor Xosé Luis Carrajo, adxudicatário das obras. Villacé acusou a Vázquez de intentar ocultar a documentación sobre o proceso, que comezou hai dous anos cando a empresa *Hermanos Carrajo* acometeu várias obras en Verin e Castrelo do Val e PSOE e BNG denunciaron que, cando saian convocadas, estas xa estaban comezadas ou rematadas.

Tanto o conselleiro Xosé Cuiña como o presidente da Deputación de Ourense, Xosé Luis Baltar, afirmaron non coñecer o caso e, en todo momento, apareceu o crego de Tamaguelos, *don Felisindo*, como o inductor das irregularidades. Para el, pide o fiscal sete anos de inhabilitación e para Amador Vázquez, seis de prisión e oito de inhabilitación. Para os técnicos Villacé e Alvárez, rebaixouse a petición a dous anos e medio por ter elaborado informes sobre o estado das obras sen telas visto e, para Leopoldo González, cinco anos de inhabilitación. ♦

■ O Parlamento tratou os embarazos nas adolescentes

A proposta da parlamentária do PSOE, Maria Xosé Porteiro, para iniciar unha campaña de información sexual para evitar os embarazos non desexados, foi aprobada unanimemente polo Parlamento. Porteiro informou sobre a grande cantidade de menores de 20 anos que quedaron embarazadas o pasado ano, máis de duas mil cincocentas, e tamén reseñou que houbera máis de mil abortos entre mozas nesa franxa de idade. O alto nível de desinformación entre as mozas é razón de abondo, segundo a deputada, para que a consellaria de Família inicie unha campaña nesa dirección.

A intervención que causou máis sorpresa foi a da parlamentária do PP, Elisa Madarro, que achacou a alta taxa de embarzos entre adolescentes á influéncia da televisión e do alcol e as drogas. ♦

A. IGLESIAS

■ Os barcos de Ribeira ainda agardan para poder pescar

A saida de barcos cara o banco canário-sahariano freouse en Ribeira e A Guarda pola imposibilidade de poder pescar estes dias. Alguns barcos da frota palangreira prefiren esperan ante a proibición de entrar no caladoiro antes do primeiro de Decembro. Mentres, chegan a estas vilas os mariñeiros marroquinos que teñen que incorporarse aos barcos de máis de cincuenta toneladas. ♦

■ Manifestación en Xenebra contra a exclusión laboral dos imigrantes

Dous centenares de manifestantes —entre os que se atopaba un nutrido grupo de galegos— ocuparon o concello de Xenebra o pasado Martes 21 para protestar contra a exclusión laboral dos estranxeiros imposta recentemente. Os participantes, convocados pola Comunidade Xenebresa de Acción Sindical (CGAS) comezaron a sua acción ás tres da tarde e enfrentáronse ás forzas da policia. O resultado do enfrentamento foi que vários manifestantes resultaron feridos pola acción dos gases lacrimóxenos, asi como numerosos destrozos a resultas da confusión reinante. Os manifestantes aproveitaron un desfile militar para comezar a sua protesta e a policia, en número de 350 axentes, optou por reprimir duramente a acción reivindicativa. O próprio chanceler da República Robert Hensler tivo que intervir xa que na Suiza non están afeitos a accións deste tipo. Contodo, a ocupación durou unha hora. ♦

POLÍTICA LINGÜÍSTICA

O conselleiro afirma que "o que queira axudas que saia diário"

A prensa en galego non diária volta quedar sen axudas

■ **CARME VIDAL/COMPOSTELA**

O Conselleiro da Presidéncia, Dositeo Rodríguez, anunciou no Parlamento que a prensa totalmente en galego, non diária, voltaba a quedar un ano máis sen axudas pola utilización do galego. Surprendemente, o conselleiro afirmou que non existia nengunha caste de axudas para a prensa non diária, afirmando que o único meio integramente en galego que solicitara axudas fora *O Correo Galego*, polo que levará o total do montante das axudas estipuladas.

O Correo Galego **recibiu a exigua cantidade de 16 millóns de pesetas e** ***A Nosa Terra*** **voltou ficar sen axuda un ano máis.**

Á interpelación apresentada pola deputada do BNG Pilar Garcia Negro a respeito da transferéncia de 158 millóns da Conselleria de Educación á da Presidéncia para promover o uso do galego nos meios e os critérios seguidos para o seu reparto, o conselleiro Dositeo Rodríguez respondeu que toda a partida destinada aos meios escritos integramente en galego (16 millóns, 8 de Educación e 8 transferidos á Secretaria de Comunicación) iria destinada a *O Correo Galego*.

Das duas vias ás que os meios podian optar para acadar axudas á promoción do galego a primeira estaba destinada a empresas escritas e radiofónicas de carácter diário e a segunda á que se apresentou *A Nosa Terra* a aqueles meios escritos integramente en galego. Despois de mesmo ignorar a candidatura do semanário ao sinalar Dositeo Rodríguez que unicamente *O Correo Galego* concurria nesa opción anunciou xa publicamente que o importe total reverteria nesta empresa. Mesmo asi, o Conselleiro da Presidéncia volveu a mentar como o seu único argumento o feito de acatar a que el chamou normativa oficial para poder acceder a calquer tipo de subvención mentras non evitou resaltar que o feito de ser diario —condición non esixida na convocátoria— facia que tivese "maior incidéncia na sociedade".

Dositeo Rodriguez que, a pesar da pregunta directa de Pilar Garcia Negro, evitou mentar en calquer momento o nome de *A Nosa Terra* asegurou o estricto "cumprimento do decreto que se aplica con toda escrupulosidade" e nun confuso discurso no que saltou dun argumento a outro para tentar explicar as condicións da negativa dixo que non era responsabilidade do governo "que este fose un semanário e non un diário como seria necesário para obter subvención" ao tempo que repetia con contundéncia que "quen non utilice o galego normativo non terá subvención".

A deputada nacionalista lamentou que nun "estado do idioma tan necesitado de exhibición pública se poda permitir semellante guillotina" mentres chamaba a atención sobre os desvios que Dositeo tivo na sua intervención sobre a que el mesmo nomeou como normativa oficial. No entanto, Pilar Garcia Negro foi moito máis directa ao lle preguntar ao conselleiro se "o único semanário de información xeral escrito integramente en galego que se leva publicando desde o 1977 e que responde a unha cabeceira histórica neste pais, parécelle que non cumpre os requisitos de accesibilidade para non poder merecer nin unha peseta de subvención pública?"

Garcia Negro denunciou tamén que se estivesen a subvencionar desde a Dirección Xeral de Política Lingüística suplementos escritos integramente en español e que se destinasen 500 millóns á televisión e radio galegas que polos seus próprios estatutos teñen a obriga de empregar exclusivamente o galego. Tanto a deputada nacionalista como Ventoso Mariño do PSOE —quen se referiu a critérios políticos e non técnicos no feito de que fose a Secretaria de Comunicación quen xestionase este tipo de axudas— pediron resultados da rendabilidade das subvencións habida conta de que as axudas non se concretaron en avances do galego nos medios de comunicación que pola contra está en constante retroceso.

Na sua intervención Dositeo Rodriguez rexeitou asimesmo as acusacións sobre o emprego de español polos próprios gabinetes de prensa da Xunta, nunha xornada na que os médios presentes no Parlamento recibiran un comunicado da Conselleria de Economia na que se incluia un extracto do Proxecto de lei do imosto sobre a contaminación atomosférica integramente escrito en español. Á defensa de Rodriguez do "bilingüismo limpo" promovido por Fraga, Pilar Garcia Negro sinalou que máis ben se estaba a tratar dunha "limpeza con deterxente abraxivo". ♦

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración.
Presidente: Cesáreo Sánchez Iglesias. **Vicepresidente**: Xaquin Acosta **Conselleiro Delegado:** Xosé Fernández Puga.
Vogais: Francisco Carballo, Francisco Torrente, Alberte Ansede, Xosé Mª Dobarro e Manuel Veiga. **Secretário**: Xan Piñeiro.

Director: Alfonso Eiré López

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballa, Horácio Vixande, Arantxa Estévez, Carme Vidal, Anxo Iglesias (fot.).

Correspondentes: Ricardo Sandoval e Merche Vázquez (A Coruña), Xavier López (Compostela), Carme Carballo (Ourense), H. Sanfiz (Ferrol), F. Arrizado (Lugo), X. Castro Ratón (Vilagarcia), Antón Malde (As Mariñas), Anxo Rosende (Ortegal), X.M. Suárez Estévez (O Condado Baixo), H. Naval (A Mariña), X. López Témez (O Bierzo), G. Docampo (Valdeorras), Paulo Naseiro (Terra Chá), X.M. Santiago Cagigao (Barbanza), Manoel Bello (A Montaña), Manuel Diaz (Melide), Xosé R. Castro (O Carballiño), X. Gabriel Pàcin (A Fonsagrada), A. Díaz Amor (Ribadeo), M.A. Torres (Verin), Manuel Pan (Bergantiños), Daniel Lazaré, Pepe Rei (Euskadi), Paco Soto (Barcelona), Maribel Lugilde (Asturias), Begoña Moa (Alemaña), Gonçalo Nuno (Porto).
Axenda: Iago Luca. **Pesca:** Severino Xestoso.

Colaboradores: Paula Castro, Manuel Vilar, Xosé Cid Cabido, Pilar Piñeiro, Maria Alonso, Viki Costas, Avelina Barreiro, Lino Braxe, Primitivo Carbajo, X C. Garrido Couceiro, Nanina S. Castroviejo, Anxos Salgado, Amanda Alvarez, Manuel Rivas, Xosé A. Gaciño, Xurxo Estévez, Margarita Ledo, Víctor F. Freixanes, Carlos Mella, César Varela, X. Fernández Mateo, António Mascato, X.L. Iglesias, Rodolfo Dacuña.
Internacional: Xúlio Rios, Patricia Grinberg, Juan C. M. Betelú.
Literatura: Xesús González Gómez, Xosé M. Eiré, Miro Villar, Miguel Vázquez Freire, Xosé M. Millán. **Música:** Xoán M. Estévez, Xico Peña, Xoán Manuel Carreira, Óscar Losada. **Arte:** Fernando Ferro, Fernando M. Vilanova. **Cinema e Televisión:** Celso López Pazos, Gonzalo Vilas, Carlos Amaro. **Arquitectura:** Prácido Lizancos. **Historia:** Francisco Carballo, Anselmo López Carreira, Xesus Torres Regueiro.

Fotografía: Carlos Puga, X. Marra, Che, Xosé L. Díaz,. X. L. Suárez Canal, M. Sendón, Tino Viz, X. M. Albán, Délmi Álvarez, *Voz Noticias*, El Progreso.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo, Xúlio Gaioso, Tokio, Hermida, P. Núñez, Manel,

Corrección lingüística: Fernando Carballa.

A NOSA TERRA
PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Deseño Gráfico e Maquetación: Xoselo Taboada.

Administración: Blanca Costas.

Publicidade: Carlos Martínez Muñoz.

Subscricións: Lola Fernández Puga.

Redacción e Administración: Rua do Príncipe, 22, planta baixa (36202 Vigo). Apartado postal 1371.

Teléfonos:
Administración, Subscricións e Publicidade (986) 43 38 30*.
Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977

ISSN 02-13-3105

Non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se citar procedéncia.

ESTRATEXIAS DO NACIONALISMO

Celebrará unha Conferéncia Nacional o 2 de Decembro

Unidade Galega cre que o BNG é a grande alternativa ante a situación de emerxéncia que vive o país

■ H.VIXANDE

Logo de un ano no seo do BNG, Unidade Galega quer facer balanzo e definir cales son as suas aportacións á frente nacionalista. A forza que lidera Domingo Merino preve retornos e, sobretodo, pretende afortalar o BNG. Son os eixos da Conferéncia Nacional que Unidade Galega celebra o Sábado 2 de Decembro en Compostela.

Para os herdeiros do Partido Socialista Galego-Esquerda Galega, "a integración de UG no BNG foi un feito histórico que uniu ás duas grandes famílias do nacionalismo moderno, esa unidade produciuse por responsabilidade ante a grave situación que está a viver o país e pola demanda social que asi nolo indicaba. Pero, contodo, houbo un intento de escurecer esa unidade e a significación da mesma. Magnificáronse outras operacións anecdóticas coa pretensión de negar o feito da grande alternativa que significa o BNG. Pois ben, chegados a esta conferéncia, hai que examinar ese proceso, comprobar a sua trascendéncia e disipar calquer dúbida".

A. IGLESIAS

Reconciliación

Neste último ano, a confusión en torno ao papel de Unidade Galega foi despexándose; recuperou parte da militáncia que inicialmente non se incorporou ao proceso de integración no BNG, e está a completar a reconciliación cunha afiliación que ensaiara anteriormente camiños distintos. Agora, coa Conferéncia, pretende dar expresión oficial a esa reconciliación e enceitar o camiño de acadar que se achegue definitivamente ao BNG o sector social que tiña ao PSG-EG e a UG como referéncia política. Neste sentido, prevese a integración dalgun colectivo descolgado, ainda que Merino neogouse a dar nomes concretos "para despois non entrar en polémicas".

No plano dos documentos políticos que UG leva á sua conferéncia nacional, a análise da situación estatal e galega centran o debate. "Cunha crise moi grave —explica Domingo Merino—, e cun Governo que non sabe que facer coa autonomia porque non cre no autogoverno, Galiza necesita unha viraxe e aproveitar a autonomia que ten para a pór ao servizo do país; non hai outra opción que non pase porque melloren as posicións políticas do BNG".

É desde esa perspectiva da necesidade de ampliar os apoios sociais do BNG, que UG "quer o proxecto común do Bloque chegue a máis espazos sociais, algo no que podemos aportar moito".

"Comodos no BNG"

Con respeito á posición do UG no BNG, Merino asegura que "no Bloque debe haber un equilibro entre as forzas integradas e os independentes, para que estes non se sintan discriminados e participen na frente, neste sentido creo que o actual equilibro de forzas está ben".

> "A prensa escureceu o feito histórico da entrada no BNG", afirma Domingo Merino

Por outra banda, Unidade Galega non elaborará propostas para presentar ao BNG, "o que non implica que os nosos militantes, como militantes do Bloque, non podan trasladar posicións expresadas nesta conferéncia á asemblea do Bloque", explica Merino. Cómpre ter en conta que esa conferéncia antecede á Asemblea Nacional do BNG, a celebrar a meiados de Decembro.

A un ano da integración no Bloque, Domingo Merino asegura que "no plano persoal estamos integrados e cómodos no Bloque, eu estou na Permanente e Ana [Gandón] e eu formamos parte do Consello Nacional; temos participación nas localidades... A nosa entrada no BNG non foi para que, se nos pisan un callo, vaiamos a pedir que se mate ao ciruxán. Estamos para traballar polo país, se cadra poderiamos ter un papel máis importane porque somos un colectivo que ten moito que dicer, pero rematamos de entrar".

Nogueira non quer provocar polémica

Camilo Nogueira, desque abandonou a política activa, non deixou de pagar as suas cotizacións en Unidade Galega. "Camilo ten un estátus atenuado —explica Merino—, é cotizante, algo asi como afiliado, pero non é militante porque os militantes de UG teñen a obriga de militar tamén no BNG". Este é o único dado confirmado sobre a posición política de Nogueira.

Domingo Merino non quixo entrar na polémica sobre o papel que quer desenvolver Camilo Nogueira "por respeito á sua posición persoal".♦

RECOMPOSICIÓN DA ESQUERDA

Asegura que incrementou a militáncia

Federalismo e europeismo marcan a primeira asemblea de Esquerda Unida-Esquerda Galega

■ H.V.

A primeira Asemblea de Esquerda Unida-Esquerda Galega, que se celebra o Sábado 25 en Compostela, reclama un estado federal e a participación na construción europea e coincide cunha campaña desta forza para exixir un plano industrial que saque á Galiza da crise.

Esquerda Unida-Esquerda Galega celebra a sua I Asemblea Nacional o Sábado 25 no Monte do Gozo, en Compostela. O acto ten carácter de asemblea de confluéncia, despois de que Unidade da Esquerda Galega celebrara o seu congreso constituinte e que no mesmo decidira a sua incorporación a EU.

As cifras que fai público EU-EG son abultadas. "Asistirán 400 delegados en representación de 2.000 militantes e 100 invitados", dixo o secretário de prensa, Xan Hermida. Contodo, a asemblea ten carácter aberto a todos os militantes e daquela non hai delegados que representen a outros afiliados.

Segundo Hermida, Esquerda Unida-Esquerda Galega está experimentando un grande crecimento en canto ao número de afiliados. "Desde a unidade das duas forzas non houbo nengunha baixa por parte dos militantes de Unidade da Esquerda Galega, mesmo aumentou a militáncia en 700 persoas", asegura Hermida. Contodo, fontes solventes sinalan que son moitos os dirixentes procedentes de UEG que están desmobilizados.

Princípios políticos

En calquer caso, EU-EG quer aproveitar a Asemblea para definir a sua posición política, que por unha banda incide sobre a cuestión nacional, que situa no marco europeu, e pola outra aponta cara unha organización federal do Estado. O debate estrutúrase nun documento político con cinco apartados e un capítulo dedicado aos princípios políticos e unha ponéncia de estatutos.

"Galiza nación europea" é o lema que resume a posición de EU-EG sobre a cuestión nacional. A forza de Anxel Guerreiro defínese como soberana e de esquerda que se compromete coa construción europea. Desde ese ponto de vista, estima que non o PP nen o PSOE teñen ese carácter nacional e de esquerda e o BNG carece de orientación europeista.

Con respeito á articulación do Estado, EU-EG fai unha proposta federal porque considera que etapa autonómica está pechada. "O noso proxecto choca co PP e o PSOE porque nen sequer tiñan vocación autonomista e co BNG porque fai unha formulación moi abstracta no referente á cuestión nacional—explica Xan Hermida—, nós tamén estamos pola soberania nacional, pero iso hai que concretalo e é daquela a razón pola que facemos a proposta federal".

Por outra banda, EU-EG está a levar adiante unha campaña en solitário para demandar a reindustrialización do país e un plano económico para sair da crise; asi, o pasado Sábado 18 congregou aos seus militantes en Compostela para, nunha manifestación, apoiar esas demandas. A organización calcula que ao acto reivindicativo acudiron 2.000 persoas. A estimación das autoridades reducia a asisténcia a 500 persoas.♦

INDÚSTRIA E CONTAMINACIÓN

Orza recoñece un elevadísimo grao de contaminación atmosférica na Galiza

As presións das empresas eléctricas e do PP de Madrid contra a ecotaxa poideron costarlle o cargo a Cuiña

■ CARME VIDAL

O portavoz do BNG Xosé Manuel Beiras acusou ao governo da Xunta de terse plegado ante as presións das grandes empresas e de certos sectores do PP de Madrid á hora de deseñar o proxecto de lei que regulará a taxa de contaminación. O deputado nacionalista sinalou que o debate mesmo estivera a ponto de lle costar o posto ao conselleiro Xosé Cuiña na reunión do consello da Xunta do día 13 de Outubro na que se trataron os presupostos para 1996.

Beiras mantivo a sua afirmación a pesares da intervención do escano do portavoz do PP Victor Manuel Vázquez Portomeñe para rexeitar calquer tipo de "liortas internas dentro do consello da Xunta". O voceiro nacionalista asegurou-lle que o podería "destrozar con datos que o deixaria caladisimo" sobre as presións dos grupos empresariais para que a chamada ecotaxa non entrara en vigor, feito que tivo "repercusións no consello de governo con presións de sectores do PP estatal que estiveron a ponto de costarlle o cargo ao conselleiro Cuiña Crespo".

Beiras dixo que un membro do governo, do que non quixo desvelar o seu nome, foi quen lle proporcionou a información do debate producido no seno do PP. O episódio producido desde os próprios escanos do Parlamento viña a raiz da análise desenvolvida polo deputado nacionalista sobre o proxecto de lei segundo o que, dadas as condicións estipuladas, só catro empresas terian que pagar o imposto de contaminación atmosférica: Endesa de As Pontes, Unión Fenosa pola factoria de Meirama, Repsol na Coruña e Ence-Elnosa de Pontevedra. O nome das empresas, algunhas cunha máis que longa história de contaminación na Galiza sen que a Xunta tomase cartas no asunto, levou a Beiras a sospeitar sobre o cumprimento da lei e a se referir ao combate entre "as eléctricas españolas e os sectores do PP que queren levar adiante esta iniciativa con presións para que contaminar non lles coste nada". A desconfianza viña ademais producida polo reiterado rexeitamento por parte do PP das iniciativas apresentadas polo BNG a respeito da implantación de taxas á industria termoeléctrica como medida provisória ou o desenvolvemento de redes de control, inspección e aplicación de medidas fiscalizadoras no tema da contaminación, proposición esta última apresentada por Francisco Rodríguez hai pouco máis de dous meses.



A central de Meirama, na foto, coa das Pontes acumula o 93% das emisións de xofre á atmósfera galega. A. IGLESIAS

O carro antes que os bois

O feito de se teren incluidos nos presupostos do 96 xa 4.000 millóns de pesetas como unha partida de ingresos en conceito de ecotaxa —menos da metade do previsto antes de que as grandes empresas presionaran segundo Beiras— con antelación a ser debatido o proxecto de lei que regula a aplicación do imposto produciu malestar nos voceiros da oposición. Para Xosé Manuel Beiras o PP cometeu unha "chafallada" ao ter apresentado antes os presupostos.

O grupo socialista apresentou unha emenda de devolución e achacoulle ao proxecto da Xunta o ser só "unha lei fiscal" do que daba conta, segundo engadiu, o feito de tela apresentada o conselleiro de Economia. Oujo calificou o proxecto de "maquillaxe e fachada".

O conselleiro de Economia Xosé António Orza defendeu o proxecto da Xunta como médio para "proporcionar recursos a Facenda que poderán utilizarse con fins medioambientais" e para iso non evitou utilizar como argumento o elevadísimo grado de contaminación atmosférica que soporta Galiza chegando, segundo as cifras que el mesmo aportou no pleno, ao 33% e o 10% do total do Estado Español en dióxido de xofre e dióxido de nitróxeno. ♦

Xavier Lavandeira e Xosé Maria Da Rocha, economistas

'A ecotaxa, se funciona ben, non recada, consegue eliminar a contaminación'

■ H. VIXANDE

"A sociedade non debe pagar os custos pola contaminación que xeran as empresas, son estas quen teñen que internalizar eses custos na sua produción"; que asi fala é Xavier Lavandeira, profesor de Economia que, xunto co tamén profesor Xosé Maria Da Rocha, ten estudado polo miudo o factor da contaminación nos custos de produción e a aplicación da chamada ecotaxa.

"O que ocorre é que as empresas non teñen os incentivos correctos para tomar as decisións que leven é diminución da contaminación emiten porque non está estabelecido un prezo para esa contaminación", precisa Xosé Maria Da Rocha."O imposto xustifícase como só un prezo, pero hai outros sistemas para valorar ese custo —continua—. O mecanismo máis descentralizado seria estabelecer o prezo, pero no outro extremo está que se determine canta contamintación pode xerar unha empresa e se lle obrigue a que cumpra ese límite, pero o que queremos é desentralizar a responsabilidade de reducir a polución porque é moi costoso impor un sistema de vixianza que estexa enriba das empresas". "Outro mecanismo, como o do mercado, teria un resultado similar —engade Lavandeira—, o prezo introduciriase cunha série de direitos de emisión de contaminación transferíbeis entre as empresas meiante un sistema de cotización en bolsa, como sucede en Chicago, o que conseguiriamos seria que as empresas introducisen, como un custo máis da produción, esa contaminación. O problema desa alternativa é que para que funcione o mercado ten que ser relativamente amplo —engade—, no caso do SO^2 hai unhas emisións por parte das eléctricas que supoñen o 93% das emisións totais galegas, é dicer que son realizadas pola central de Endesa nas Pontes e pola de Unión Fenosa en Meirama, iso implica que hai dous grandes contaminantes e o mercado non funcionaria ben. Neste caso a alternativa impositiva se cadra é mellor. Pero só se pode haber polémica no referente ao tipo de instrumento que se usa para internalizar estes custos, para ecotaxa ten que haber".

> 'As empresas teñen que internalizar os custos da contaminación'





Xavier Lavandeira e Xosé Maria da Rocha. A. IGLESIAS

Segundo estes economistas, o obxectivo a priori da ecotaxa non é recadar, "a idea é que paguen pola contaminación e iso vai provocar que contaminen menos —di Da Rocha—; as empresas teñen que pagar por contaminar, pero non han soportar un custo impositivo". "Con respeito a isto —engade Lavadeira—, o proxecto da Xunta non se emarca tanto na pretensión de reducir os niveis de contaminación meiante a xeraración incentivos nas empresas, senón como un intrumento para recadar, para conquerir fundos. Vai ser difícil que este tipo impostivo xere unha redución da contaminación porque é moi baixo, o que vai xerar van ser 4.000 millóns de pesetas ao ano. Probabelmente, ao ser pouco incentivador a sua capacidade recadatória seguirá existinto nos próximos anos. O que sucede coa ecotaxa é que, se funciona ben, non recada. En Suécia un imposto destas características recadou o primeiro ano bastante, o segundo ano recadou algo e o terceiro non recadou. A Xunta se estabelece un imposto realmente incentivador, en dous tres anos vai quedar sen base impòsitiva da que obter recadación". "Poderia darse a perversidade de que algun governo galego desexara que as empresas fosen moi contaminantes para ter máis financiamento", suliña Da Rocha.

Cuantificación

A cuantificación que fai a Xunta dista moito da que fan estes economistas: "Na taxa que nos estamos a referir, a Xunta grava 5.500 pesetas por tonelada, o que supón 5,5 pesetas por quilo de SO^2 que se bota á atmósfera. O dano ambiental é moi superior a esa cifra, se temos en conta os efeitos negativos sobre a saude humana, sobre os boscos, sobre superfícies urbanas, estimamos que un quilo de SO^2 poderia ter uns danos máximos que rondarian as 90 pesetas", di Lavandeira. Por esta razón, a cuantificación total da contaminación seria de 50.000 millóns de pesetas en lugar dos 4.000 da Xunta. "Se o custo fosen eses 50.000 millóns, o segundo ano non recadaria nada porque tanto Fenosa como Endesa mudarian de combustíbeis, inroducirian desulfurizadores e descontaminarian, pero con 4.000 millóns de pesetas sailles máis caro descontaminar que pagar o imposto", di Lavandeira. ♦

PARLAMENTO

Os orzamentos abren o debate sobre o modelo de financiamento adecuado para Galiza

Beiras pede que Galiza reclame o IVE, pero Orza oponse

■ C.V.

Un presuposto calificado polo conselleiro de Economia Xosé António Orza como "restrictivo derivado fundamentalmente dunha evolución moderada das transferéncias correspondentes á nosa participación nos ingreos tributários do Estado" deu pé a un debate sobre o modelo de financiamento autonómico que debia defender o governo galego para responder aos intereses galegos.

Xosé António Orza, Conselleiro de Economia, e Xosé Manuel Beiras.

O economista e portavoz do BNG Xosé Manuel Beiras chamou a atención sobre o feito de representaren o 84% os recursos que dependen do Estado ou da UE mentras os tributários non pasan do 9%. Para Beiras o governo galego debia reclamar con contundéncia a obtención de "impostos do tipo do IVE dos que o Estado recada máis en Galiza que do IRPF" ao estar na "cola da curva de desigualdade de distribuición". A comparanza coa presión política exercida por Jordi Pujol á hora de abandeirar a iniciativa do 15% de IRPF, a inibición da xunta responde segundo Beiras a unha "falta de vontade política". Para o conselleiro de Economia, pedir o IVE "para unha comunidade non desenvolvida como é a galega é un erro. O modelo non lle foi mal a Galiza porque no tema da corresponsabilidade non se fixo na xa que o do 15% non foi nada e nós non pintamos nada nesa guerra". O deputado nacionalista sostivo o interese galego en recibir a parte do IVE e dixo que o governo teria que dar conta da "falta de peso político no Estado" ao non reclamalo para Galiza.

Na análise do déficit no que Beiras sinalou uha "incapacidade de xestionar os recursos próprios", Beiras recurriu ás teses do profesor Álvarez Corbacho para asegurar a existéncia dunha "debeda oculta" coa programación de previsións de ingresos superiores aos reais co fin de que o déficit pareza menor e eludir asi desviar os ataques.

Menos capacidade produtiva

Despois de pedir a dimisión do conselleiro de Economia por defender uns presupostos que merman a capacidade productiva galega, Beiras repasou as partidas por consellerias destacando o descenso acusado por Indústria cun nivel inferior ao de 1993.

A intervención do portavoz socialista Miguel Couceiro desviou o argumento da falta de autonomia financieira á hora de apresentar os presupostos anuais da Xunta, "Esa rixidez só nos afecta a Galiza? Non toca tamén a outras comunidades?" indicou para despois de aceptar a necesidade de modificación do sistema de financiamento reclamar que a "solidariedade e corresponsabilidade tamén se practiquen internamente".

Cortizo tildou de desiguais o reparto dos presupostos que non respondian ás necesidades xerais senón a intereses partidários e neste sentido sinalou que mentras se dedicaban 20 millóns para un sector que implica a un grande número de traballadores como o artesán ianse investir 1.000 millóns na busqueda de petróleo nun ano no que se experimenta un "descenso brutal" tanto no destinado a Indústria como a Agricultura. Nestas duas consellerias Cortizo mencionou o trato de favor recibido pola Semana Verde de Silleda para a que se destinarán 868 millóns de Agricultura e máis de 600 de Indústria.

Os dous portavoces da oposición criticaron o incremento de gastos correntes —nomeadamente os dedicados aos gabinetes da Xunta e a altos cargos— a pesares da restricción de presupostos que Orza considerou inevitábeis. ♦

POLÍTICA ENERXÉTICA



A. IGLESIAS

Os prezos que pagan os consumidores son iguais que no resto do Estado

Galiza produce un 44% máis da enerxia que consume

■ H.V.

Galiza autoabastécese de enerxia eléctrica, xa que produce un 144% do que consume. Os custes de distribución son menores pero, parellamente, está discriminada en canto non ten gas natural e a calidade da subministración é inferior á do resto do Estado. Sen embargo, o pago que fan os consumidores é o mesmo que o resto do Estado, unha zona deficitária pero con infraestruturas enerxéticas de maior calidade.

Como resultado da produción eléctrica galega extráese que hai un excedente dun 44%.

O conselleiro de Indústria, António Couceiro, pediu diante das autoridades europeas unha compensación económica ante a situación discriminatória que padece a Galiza. "O sistema eléctrico español caracterízase por un alto grao de intervencionismo da Administración debido á existéncia dunha tarifa única", argumenta Couceiro.

O cálculo do custe enerxético faise agrupando a todo o Estado e ignorando que abastecer ás zonas deficitárias supón un maior gasto no transporte e distribución da enerxia. Precisamente eses maiores gastos son os que son compensados en base ao cálculo conxunto do custe de produción e distribuci´n de enerxia. Os consumidores das zonas excedentárias son que rematan por pagar esa diferéncia. ♦

Temor nos afectados a ser enfrentados cos viciños do Salnés

Queren construir unha central hidroeléctrica no Úmia dicindo que é para abastecer de auga a Vilagarcia

■ H.V.

Tres plataformas viciñais —en Cúntis, Caldas e Moraña— opóñense á construción dun encoro que afecta a eses tres concellos e que, mália nominalmente esta previsto para embalsar auga para o Salnés, excede con moito as necesidades de abastecimento e forma parte dun proxecto dunha central hidroeléctrica no rio Úmia.

"Queren enfrentar a duas comunidades sob a excusa da auga, para poder construir un encoro que en realidade vai servir para producir electricidade e non para abastecer ao Salnés", dicia un responsábel do BNG de Moraña.

O anteproxecto de encoro do rio Úmia abrangue máis de cen hectáreas e ás parróquias de Lamas e A Choza, en Moraña, Troáns en Cúntis e San André de Cesar en Caldas. A represa de 34 metros de alto ten un orzamento de construción de dous mil millóns de pesetas. Mália que non afecta a nengunha vivenda directamente, vai esar situado nas proximidades de numerosos núcleos de povoación.

Exposición ao público

Até os primeiros dias de Decembro, o anteproxecto está en fase de exposición ao público. As tres Plataformas contra o Encoro —unha en cada concello afectado— teñen pensado que os viciños apresenten máis de mil alegacións. Ademais, as Plataformas en conxunto pensan elevar ao conselleiro de Obras Públicas e Ordeación do Território, Xosé Cuiña, unha alegación de carácter xeral.

Os planos eléctricos para a Galiza preven a construción de dous encoros no rio Úmia, un deles é a presa da Baxe. Ainda que o anteproxecto asegura que o encoro da auga ten como única pretensión o encoramento de auga para garantir a subministración ao Salnés, os viciños sospeitan que detrás está a produción de enerxia eléctrica. A plataforma considera excesivos os máis de seis millóns de metros cúbicos de capacidade, máxime cando se trata de abastecer a unha povoación de noventa mil persoas. O encoro de Vigo, que dá auga a unha povoación de 400.000 persoas, é dunhas dimensións semellantes ao que queren construir no Úmia.

"É absurdo que un país que ten excedentes elécricos monte unha central deste tipo", protesta Xoán Xosé Bua, concelleiro do BNG en Moraña.

Impacto na área

Unha das maiores preocupacións dos viciños do entorno ao lugar onde irá o encoro é que o estudo de impacto meioambiental encargado polos promotores do proxecto xa preve o aumento de néboas nesa área e o incremeno das moscas e os roedores, por canto a zona é moi rica en substáncias orgánicas e en verán, cun menor nível de capacidade cuberto, os lodos que arrastre a auga serán unha fonte de contáxios.

Como contrapartida, "prevense a criazón de espazos recreativos" e ábrese a posibilidade de que o encoro traia consigo o estabelecimento de novos asentamentos urbanos e un aumento do valor dos terreos das proximidades. "Parécenos unha bulra que queiran vendernos iso —di Bua—, cando recoñecen os efeitos negativos do encoro". As alegacións dos viciños refísenre ao aumento probábel das enfermidades respiratórias, ao impacto paisaxístico e a eliminación de ecosistemas naturais.

Doutra parte, os opoñentes ao encoro consideran que "hai outras alternativas, como o bombeo de auga desde Pontecaldelas ou un encoro menor, pero é algo que ten que ser estudado polas autoridades, non nos corresponde a nós esa labor". ♦

MEIO AMBIENTE

O trazado xa está preadxudicado tras rexeitar a alternativa dos ecoloxistas

Os viciños do Val de Neira resístense á desfeita que provocaria a autovia

■ A. ESTÉVEZ

Os viciños de Neira de Rei continuan mobilizándose para que unha estrada non estrague o val no que viven. As esperanzas de modificar o proxecto de autovia ao seu paso polo val son poucas pero a obra ainda non comezou. A preadxudicación ponna nun ponto perigoso para os viciños que, sen coñecer a data da aprobación definitiva do proxecto, non queren imaxinar as consecuéncias medioambientais. O alcalde de Baralla xa ofreceu un terreos para instalar as oficinas da obra.

> A asociación viciñal organiza escursións e os ecoloxistas interésanse por coñecer esta paraxe, que pode ser atravesada por unha autovia.

Acampadas e marchas polo val serven para concenciar á xente e ás institucións da importáncia de non estragar o medioambiente. A situación non está para optimismos e esa é a razón de que os viciños se manifesten. A alternativa que a Asociación de Viciños Neira de Rei e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) apresentaran hai meses, cun estudo de impacto ambiental feito pola firma madrileña Martinez Segovia e Asociados, e que fora enviada á Secretaria de Estado de Medioambiente, foi rexeitada sen recoller nengun aspecto da mesma. O concelleiro do BNG de Baralla, Cesar Guzmán, cre que pesou a decisión da Secretaria Xeral de Infraestructuras. "Medioambiente acolleu con optimismo a nosa alternativa, que estaba feito dun xeito profesional e elaborado. Comunicou que lle parecia viábel, o cal entusiasmou aos viciños pero a decisión que pesou foi a de Estradas. Non aceptaron o noso proxecto", comenta.

O cámbio do trazado proposto pretendia evitar a destrucción dunha carballeira e de espécies animais protexidas, ademais de ter en conta os prexuízos a gadeiros e aos cultivos. A solución formulada para non atravesar o Val de Neira era un túnel dun quilómetro. A alternativa achegaba a autovia á estrada Nacional VI, nun trazado case paralelo. Tendo en conta o grande desembolso dunha obra deste tipo, os redactores do proxecto alternativo afirmaron que este non supuña un aumento importante no gasto.

O rexeitamento da alternativa apresentada polos viciños non fixo que desistiran das mobilizacións. X. TEJERO

Xa está preadxudicada

A asociación viciñal organiza excursións e os ecoloxistas interésanse por coñecer esta paraxe, que pode ser atravesada por unha autovia. Depende da aprobación do Consello de Ministros pero esto xa se da case por seguro. As accións viciñais xa se orientan ao que se poderia facer despois desa resolución. "Nós seguimos pensamos que se pode facer algo para que a autovia non faga ese dano ecolóxico. A obra xa está preadxudicada e semella que vai ser Dragados quen a execute. Xa se publicou unha información na que o alcalde de Baralla ofrecia uns terreos para as oficinas da obra. Semella que todo está sentenciado pero, despois do esforzo viciñal, buscaremos saidas para continuar opoñéndonos a ese trazado", comenta Cesar Guzmán.

A incertidume xira ao redor da data na que poden comezar as obras. A Asociación de Viciños Neira de Rei non quere consentir que isto aconteza e contan co apoio de asociacións ecoloxistas e grupos políticos como o BNG. As mobilizacións continuan e non se descarta seguir estudiando medidas que poidan correxir o dano ecolóxico do trazado de Obras Públicas. ♦

SOCIEDADE E TERRITÓRIO

A DEPUTACIÓN DE LUGO PRETENDE PAGAR A 0,50 PTA. O METRO CADRADO

EXPROPIACIÓN FORZOSA EN AUGASMESTAS

A construción do denominado *Club Náutico de Rairos* provocou unha enxurrada de expropiacións forzosas de terreos a viciños de Augasmestas no Concello de Quiroga. A *Comisión de Afectados* impugna neste artigo tanto o prezo que pretende pagar a Deputación: 0,50 pta/m² a segundo o catastro de 1953 como as supostas irregularidades cometidas no levantamento de actas prévias á ocupación.

A zona de Augasmestas como o seu nome indica e unha península comprendida entre os leitos do rio Sil e máis o seu afluente o Lor.

Desde moi atras no tempo foi habitada polos celtas, os romanos, etc., como asi demostra un estúdio arqueolóxico referente á zona, e tamén por ser visíbeis hoxe alguns restos, como os da exprotación aurífera, que ainda non destruiu a Deputación co seu *Club Náutico de Rairos*. Foi sempre, polo tanto un lugar habitado, até a década dos 50 cando *Saltos del Sil*, cunha simples negociación conqueriu que o povo se fose e anegou unha parte co encoro de Santo Estebo, sendo a parte non anegada recomprada por viciños da zona e por antigos proprietários que laboraban unha boa parte do terreo ali situado.

A Deputación de Lugo publicou o catastro do ano 53, poñéndolle o nome de Rairos á zona.

A 28 de Xuño de 1994 chegaron unhas persoas que din que fixeron un "levantamiento de actas prévios de ocupación". Uns non baixaron do coche, outros recoñecen ter paseado pola zona. Ninguen se entera do que pasa. O 90% dos actuais proprietários non somos citados.

Cando empeza a soar o rumor da expropiación, en Novembro de 1994, pedimos o proxecto de obra que legalmente deberia estar exposto ao público. Ainda hoxe, o Concello de Quiroga, non resolveu a petición.

Personándonos alguns nas oficinas da Deputación fomos desouvidos e desprezados: "vallanse ustedes puesto que alli no tienen nada". Alguns temos os restos da nosa família no camposanto da zona espoliada e queremos espricacións do que está a pasar. Por toda resposta tentan comenzar as obras. Ao final consígueno o 20 de Xaneiro de 1995 coa protección da Garda Civil, por orden guvernativa.

Pedimos que se valore a parte non anegada dos nosos terreos. Por toda resposta asoballan árbores e róubannos o canto rodado acumulado, para moer na canteira que está situada na beira do rio.

Mándannos a alguns unha valoración dos nosos terreos máis baixa que o prezo pagado por *Saltos del Sil*.

Mándannos escritos que son manipulados pola TVG, posto que os colle para contar o que nos pasa e logo emite o que lle da a gaña. O Presidente da Deputación entende como "un bien público" a construción de un motel, piscinas, etc., destruindo os restos arqueolóxicos do lugar, para ensinar logo en maquetas e fotos informativas o que ali houbo.

Decidimos coller un avogado e presentar un contencioso administrativo. Posteriormente en Maio de 1995 presentamos unha querela criminal por falsedade en documento público, pois nen foi estabrecida a mesa para o levantamento de actas prévias, nen o simulacro que houbo foi, nen estiveron presentes todos os representantes legais que asinan as actas.

Nen que dicer ten que para o concello de Quiroga o proxecto é bon, sobre todo para o tenente alcalde, co-proprietário duns terreos colindantes á zona expoliada e que se ven revalorizados de forma incalculábel pola devandita obra. ♦

> "O Presidente da Deputación entende como "un bien público" a construción de un motel, piscinas, etc., destruindo os restos arqueolóxicos, para logo ensinar en maquetas e fotos informativas o que ali houbo"

O 0,7% PARA OS EMIGRANTES

O asombro do mar nos ollos dunha nena emigrante

Fraga xa prometera o pago da Seguridade Social nos centros galegos

PSOE e BNG non saben dos cartos destinados aos emigrantes

■ ARANTXA ESTÉVEZ

Entre os grupos da oposición parlamentária, PSOE e BNG, hai inquedanza polo tema da emigración. Inquedaza que se traduce en diferentes propostas para acadar saidas á complexa problemática dos que, sen deixar de ser galegos, asentáronse noutros países. Algunhas delas, apresentadas no Parlamento, refírense á situación concreta dos grupos de pobreza formados polos xubilados e pensionados en América. As propostas apontan a aportar solucións desde Galiza e as solucións tradúcense en cartos.

Precisamente, Manuel Fraga, na sua viaxe por América, promete a devolución da nacionalidade española aos emigrantes que a perderon e, con ela, os direitos derivados. As solicitudes de pensións complícanse até a denegación cando se perde a nacionalidade, algo moi habitual no colectivo de emigrantes. Moitos o tiveron que facer para obter mellores avantaxes económicas no país de destino. Xosé Giraldez é, dentro do PSOE, o parlamentário que se ocupa de todo o relativo á emigración. Para el, o simbolismo dun *0'7%* nos presupostos para atender as necesidades médicas dos máis pobres non é unha idea desacertada. "De feito, o noso grupo xa apresentou unha proposta nesa dirección. Pedimos que fora a Xunta quen aportara os cartos da seguridade social dos vellos emigrantes xa que non a teñen garantida. A situación económica nos países latinoamericanos non lles permite o acceso aos medicamentos", di o parlamentário.

Para Giraldez, o xeito de axudar consistiría en pagar as cuotas dos emigrantes nos centros galegos que funcionan como sociedades mutuais. "Esa foi a nosa proposta concreta. Por suposto, que desde a Xunta díxose que si pero a lonxania impide ter coñecemento de como e cantas axudas se conceden", comenta. O deputado socialista di que non está de acordo en que esta medida leve a discriminacións para determinar quen necesita que se pague a cuota ou quen non. As *Axudas Asistenciais Individuais*, que outorga a Xunta, como xa se informou (ANT Nº699) teñen pouca cuantia e pouco alcance en canto ao número de persoas que as reciben. Ao redor de mil foron concedidas este ano, cada unha de catro mil pesetas ao mes. "É a nosa xente e, como tal, ten o mesmo direito a ter seguridade social. Cremos que hai que pagar as cuotas sen facer crebas", di Giraldez.

Desde o BNG, Alfredo Suárez Canal sinala que é difícil controlar os cartos destinados á emigración. A imposibilidade de manter unha presenza política constante en América dificulta as posibilidades de comprobar as axudas. "Temos constáncia de que existen axudas individuais aos emigrantes pero hai que regularizar quen as pode outorgar e cómo se poden recibir", di. Asimesmo, o parlamentário nacionalista sinala que as partidas presupostárias destinadas á emigración son as máis difíciles de controlar e de verificar.

Aumento e control dos cartos para a emigración

A via que promove o PSOE só implica ao Governo galego porque, segundo o representante do grupo, "nos orzamentos deberia haber unha partida para esta finalidade". Segundo os seus cálculos, non se trata dunha cantidade esaxerada. "Coido que a Xunta de Galiza ten capacidade para isto. Cuns mil millóns de pesetas máis para a emigración, se solventaria este problema. Pero, asi como cando se formula a proposta, semella que todo está feito, despois o governo fuxe do problema e non fai nada", comenta.

Xosé Giraldez afirma que se se destinan cartos para arranxo dos edificios dos centros galegos e para que estes dispoñan de medios como fax ou teléfono, tamén se debe tender unha mán ás persoas. Para Suárez Canal, do BNG, non hai información de abondo sobre o destino dos cartos que van para a emigración. A última iniciativa do grupo nacionalista no Parlamento foi a criación do Museu do Emigrante, onde se lembre a odisea da viaxe a outro continente e que sirva para rescatar a memória dun feito que marcou ao povo galego até hai ben pouco tempo. ♦

O DIREITO A PRODUCIR

Lidia Senra,

secretária xeral do Sindicato Labrego

'Hai unha total coincidéncia de obxetivos coa mobilización da CIG'

■ CARME VIDAL

O Sindicato Labrego Galego vai participar na mobilización convocada pola CIG o dia 25 en Compostela. A secretaria xeral do sindicato, Lidia Senra sinala a coincidéncia de reivindicacións ao falar da defensa dos sectores produtivos e dunha política de fomento dos postos de traballo nun sector que pode ver perigar nos próximos anos 75.000 empregos. Mentras rexeita calquer limitación á produción agrícola e ás vistas dunha posíbel compra de Lactárea Española por Leyma, Lidia Senra asegura que a inibición da Xunta na constitución dun grupo lácteo galego poderia ser "o toque definitivo de morte do sector".

A. IGLESIAS

O SLG apoia a mobilización convocada pola CIG o dia 25 en Compostela. Como afecta ás reivindicacións aos labregos?

Hai obxectivos claros nos que se coincide, entre eles a defensa dos sectores produtivos e a criación de emprego. Neste momento os postos de traballo no agro están moi amenazados, hai uns dias o próprio conselleiro de Agricultura anunciou ao respeito do sector lácteo que o obxectivo cara o ano 2000 seria concentrarse en explotacións superiores aos 75.000 quilos. Tendo en conta a cota que ten Galiza e a média de explotación isto significaria que nos obxectivos do governo da Xunta estaria a desaparición de 50.000 explotacións e como pouco 75.000 postos de traballo. Hai pois unha coincidéncia total de obxectivos e por iso imos apoiar a mobilización non só cun pronunciamento público, senón tamén coa preséncia dunha delegación do SLG.

Hai uns dias o economista Gonzalo Fernández dicia que os problemas do agro galego viñan da falta de capacitación e falaba dun camiño de diversificación de cara á rendabilidade.

Este pais ten actitude para producir moitas cousas pero fundamentalmente leite e carne de vacun. Se nestes momentos estes sectores non están máis desenvolvidos é porque nunca houbo na Galiza un Plan de Política Agrária baseado nas nosas necesidades. A princípios de século promoveuse a exportación de carne de boi e despois o mercado foi desprazado pola indústria frigorifica arxentina. O mesmo aconteceu coas mulas para Castela abandonadas pola mecanización nos anos corenta. Nun momento determinado que ao Estado Español lle facia falta leite alentousenos para que producisemos e despois impedennolo coa política comunitária. Non é normal que se nos fale de abandono cando ainda hoxe o mercado do Estado Español non está abastecido, son polo tanto as necesidades alleas as que nos están dicindo o que temos que producir.

> 'Se no Estado Español recibimos de media 150.000 pesetas de axuda pública en Holanda reciben catro millóns"

Segundo esa tese os labregos galegos tamén estarian a desaproveitar as axudas da PAC.

Axudas que están pensadas para paises desenvolvidos e que nunca van compensar calquer política de cotas. Hai unha verdade que sempré se esconde e é grande apoio público que recebe a agricultura nos paises ricos. Se no Estado Español recibimos de media 150.000 pesetas de axuda pública en Holanda reciben catro millóns. Con iso nós claro que produciriamos con rendabilidade, habida conta tamén de que ainda asi resistimos e fomos quen de artellar por nós mesmos o sector lácteo. Se falamos de competir que sexa en pé de igualdade.

E as axudas comunitárias son iguais para as explotacións agrícolas de todos os paises?

Nas primas de vacas nodrizas por exemplo a média que recebe un produtor francés están en máis dun millón de pesetas cando ao galego só lle chegan unhas 100.000. Por que acontece isto? Porque o sector produtor de carne de vacún en Francia está desenvolvido e o próprio sistema establece as axudas

en función do censo de vacas do 92. É igual que no leite, implántase as cotas cando practicamente todos os paises da UE tiñan sobreprodución, mentras o Estado Español non tiña cuberto o mercado. Incorporámonos cun sector sen desenvolver e esa é razón de que non podamos acceder a esas axudas.

É necesário para os prod utos galegos buscar mercados fóra?

É unha barbaridade neste momento cando non se nos deixa abastecer os nosos. Precisamos unha protección dos nosos mercados tradicionais. A hipocresia neste aspecto é grande, dísenos que hai que buscar mercados fóra e faise unha lexislación que nos expulsa dos nosos, como aconteceu co da augardente ou mesmo co que pasou coa produción de queixo artesanal. Queremos producir calidade para o consumidor, pero é absurdo que se usen baremos como o etiquetado, a presentación... Nunca se fala do produto en si e iso é o que nós denunciamos.

Excedentes

Sobran traballadores no agro galego?

Abonda dar unha volta polos mercados para ver a cantidade de produtos que veñen de fóra cando serian máis sanos se se producisen aqui tanto por non facermos agricultura intensiva, nen abusar de produtos químicos como por ter un circuito corto de mercado sen que fagan falta conservantes. A quen fale dun excedente de traballadores agrários haberia que perguntarlle en función de que. A porcentaxe baixaria se se desenvolvese unha política activa de criación de postos de traballo en todos os sectores. O que sobra é agricultura industrial e os excedentes dos paises centroeuropeos alén dos que van vir a través dos acordos que se firmaron do GATT, nos que se obriga á UE a importar o 5% de todos os produtos agrícolas que se consumen co que se incide ainda máis no descenso da nosa produción.

Acusaron aos Servizos de Extensión Agrária da Xunta de estar a presionar aos labregos para que entren no mercado da cota láctea.

Hai unha política por parte da Xunta de presión para que participen no mercado das cotas, tan forte que chegan mesmo a denegar axudas alegando que se as explotacións non compran cotas non serán rendábeis e non se lle pode axudar economicamente. A pesares de que coa campaña que desenvolvimos o mercado está praticamente paralisado. O que teria que estar facer o presidente da Xunta e o seu governo é alentar á produción de leite porque sabe que, se non se cobre a cota do Estado, a UE pódella quitar alegando que non lle fai falta mentras si a necesitan outros paises. Pero neste momento á Conselleria de Agricultura non lle interesa que o sector siga presionando porque se entra a governar Aznar serialle incómoda a existéncia dunha mesa do leite da Galiza que pulara pola eliminación da política de cotas, O PP aplicaria as cotas tal e como se teñen pactado na PAC.

Grupo lácteo galego

Nestes dias anúnciase a posíbel compra de Lactárea Española por Leyma de cara á constitución dun grande grupo lácteo de capital galego, como o valora o SLG a respeito da iniciativa popular apresentada hai un ano?

Pensamos que a Xunta aproveitou determinadas operacións que foi facendo *Leyma* para dicer que se estaba a criar o grupo galego e asi oporse á *iniciativa popular*. Daquela nós defendimos a creación do grupo galego como empresa mixta na que a Xunta aportase máis da metade de capital. A partir dai iniciaríanse as conversas con indústrias galegas para a sua incorporación ao grupo e abriríanse as negociacións con *Tabacalera* e o Ministério para comprar *Complesa* en Lugo e cos franceses para adquirir *Larsa* e reintegrala ao capital galego. Este plano segue vixente e neste momento no que se fala da venda de *Lesa* a Xunta teria que potenciar todos os mecanismos para activar o grupo.

> 'Dísenos que hai que buscar mercados fóra e faise unha lexislación que nos expulsa dos nosos"

A Xunta deulle as costas a ese plan ao negar a criación do grupo con participación pública, que suporia a sua inibición agora no apoio deste grupo privado?

A constitución de empresas de capital galego serve para a defensa dos intereses do pais e nós seguimos a pensar que é fundamental que desde o sector público participe no apoio dos produtores frente á brutal competéncia que se está facendo desde as multinacionais. A participación pública teria a capacidade de aportar diñeiro e defender o sector complementado cunha fundamental política activa de comercialización.

Seria unha irresponsabilidade grandísima por parte da Xunta e do Ministério que *Lesa* caise en mans dunha multinacional que están a copar a pasos axigantados o mercado do leite. Seria gravísimo e poderia ser o toque de morte definitivo do sector lácteo galego.

Parques eólicos

O SLG ven de denunciar a forte agresión que pode supor para o agro a implantación do plan de parques eólicos, como se concretan os perxuizos?

Estamos en contra porque vai significar un expólio máis deste pais. Non se entende como exportando enerxia se fai ainda un proxecto desmesurado de parques eólicos co único fin de seguir xenerando enerxia. Pensamos tamén que os únicos beneficiários van ser as multinacionais supondo unha auténtica hipoteca das terras que vai condicionar o futuro e o desenvolvemento do pais. Por riba, por onde pasen as liñas vai haber unha enorme deforestación e grandes problemas de contaminación acústica que poden perxudicar tanto ás persoas como ao gando.

Fala sempre dun modelo alternativo de política agrária, que liñas fundamentais persegue?

Estamos por unha política en función dos intereses da sociedade e por iso proxectamos un plan galego que defenda a nosa capacidade produtiva e xenere uns produtos sanos e de calidade respeitando o meio ambiente. Opoñémonos polo tanto a seguir os mandatos das multinacionais que son as que nos din o que temos que producir, as hormonas que debemos utilizar, para logo recolleren elas os produtos e mesmo rexentar os laboratórios nos que se fabrican os medicamentos que fan falla para as enfermedades producidas pola mala alimentación controlando asi todo o proceso.♦

'As mulleres non poderán participar nas eleicións ás Cámaras Agrárias'

Que releváncia van ter as próximas eleicións a cámaras agrárias?

Reflexan a falta de democrácia que hai ainda hoxe no agro. O noso proxecto para medir a representación dos labregos e establecer unha relación fluida co governo galego non pasa polas cámaras agrárias que son organismos totalmente obsoletos. Desde o noso ponto de vista teria que crearse un consello agrário galego que servira como foro de debate e elaboración das políticas que nos afectan cunha composición en función dun proceso eleitoral. A Xunta non optou por esta via senón por adoptar a normativa estatal eliminando as cámaras agrárias locais e mantendo as provinciais como organismo para medir a representación dos labregos.

Neste proceso eleitoral moitas labregas poden quedar á marse.

Denunciamos desde o SLG que moitas labregas non imos poder votar porque unha das condicións para poder participar no proceso eleitoral vai ser estar dadas de alta na Seguridade Social Agrária e neste pais con rendas tan baixas na maior parte dos casos só un membro da explotación cotiza por non poder soster as duas pagas. As mulleres no agro están asi dobremente discriminadas.

Como se pode cambiar esta situación?

A nosa alternativa é que a cotización á Seguridade Social Agrária non fose fixa senón en función da renda real que teñen as explotacións e iso é ben facil de facer desde o momento en que todo o mundo fai a declaración da renda. A cotización pódese establecer de forma variábel segundo eses critérios de xeito que todos e todas os que desenvolveran unha actividade agrária estivesen recoñecidos como traballadores.♦

Lobbies

MANUEL CAO

Na elaboración da política económica os grupos de presión ocupan unha posición clave sendo inevitabel, nunha sociedade democrática, o artellamento dos intereses económicos mediante grupos organizados. En Estados Unidos e na Unión Europea o recoñecemento destes grupos é explícito, de xeito que calqueira colectivo que pretenda influir nalgunha decisión política ou administrativa de índole económica deberá constituirse en grupo de presión ou "lobby" ou contratar os servícios dalgún xa existente.

Así o fixeron por exemplo os Governos vasco e catalán en EEUU mentras que en Europa organizáronse xa moi cedo mediante institucións ou oficinas semipúblicas ou privadas para obviar as absurdas reticéncias da diplomácia española. En España, tende a estigmatizarse a figura dos grupos de intereses como algo esencialmente negativo, pois o Estado ha de ser absolutamente inmune e resistente a calqueira tipo de presións pois —dicíase— debería defender "os sagrados e superiores intereses da pátria". Habitualmente, tales intereses tiñan nome e apelidos privados concretos, pero descoñecidos para o cidadán normal que non estaba preparado para entender as altas responsabilidades que desempeñaban os rectores da cousa pública. Así todos viñan a ser servidores do Estado sen intereses próprios.

> 'A reacción dos grupos de interese en Galiza tende a ser espontánea, esporádica — incluso, a veces, violenta— pero discontínua e fácil de neutralizar"

Un Estado intervencionista e arbitrário suplantaba ao sistema económico de mercado máis ou menos transparente típico das democrácias occidentais para benefício dos sombríos grupos incrustados nos lindeiros do poder exentos da calqueira mecanismo de control e esixéncia de responsabilidades. A utilización e consideración de términos tan pouco cuantificábeis como "orgullo patrio", "honra", e outras reminiscéncias dos cabaleiros medievais non impresionan a nengúnha equipa negociadora moderna e avezada. Non é de estrañar que a inexperiéncia e o descoñecemento do funcionamento dos mercados lastrasen a capacidade negociadora das delegacións políticas e sectoriais españolas na adhesión á UE.

En Galiza, a defensa dos intereses económicos tende a misturarse con conceitos ultrapasados doutras épocas. Así, no ámbito do governo da Xunta é curioso comprobar a nula reacción do mesmo e do país, en xeral, diante de afirmacións como a realizada o día 8 de Novembro polo deputado do PP, José Ramón Pascual, sintetizando a postura do seu partido no debate sobre o acordo con Marrocos no Congreso dos Deputados: "É un erro matar un sector sano, como o hortofroitícola, para tentar salvar un moribundo, como o pesqueiro". Ninguén se ocupou de lembrarlle ao PP, maioritário en Galiza por qué apoía a un grupo parlamentário que considera un sector clave para a nosa economía como moribundo, preparado para ser ultimado xa. A reacción dos grupos de interese en Galiza tende a ser espontánea, esporádica —incluso, a veces, violenta— pero discontínua e fácil de neutralizar ao acusar manipulacións políticas. Velaí un comportamento típico dos grupos denominados "latentes" e tal parece que toda Galiza é un grupo latente incapaz de constituirse en organizacións estábeis e eficaces. A supervivéncia de Galiza como país viabel e diferenciado está en xogo.♦

CONFLITOS PESQUEIROS

Enfrentamentos na confraria entre dous sectores vinculados ao PP

A Xunta pasiva ante o estoupido violento en Noia

■ **H.V.**

"Onde está a autoridade", dician alguns viciños mentres se producian enfrentamentos entre dous sectores de mariscadores que pugnan polo control da confraria de Noia. A violéncia, que de momento só provocou alguns feridos, é contemplada con pasividade por parte da Xunta, cando esta institución está relacionada coa división dos bandos e agravou o conflito ao suspender a Consellaria unha campaña marisqueira que estaba a resultar moi rendíbel.

A Xunta asegurou que non vai levantar a suspensión da campaña en tanto non se proceda á renovación na dirección da confraria, pero son os enfrentamentos dentro do PP e a inibición da Xunta os principais provocadores da violéncia na confraria de Noia. A formación de duas candidaturas á dirección da confraria e os apoios que cada candidatura recebiu desde distintos sectores do PP, un o local e outro o galego, van acompañados dun cruce de acusacións de irregularidades entre os dous colectivos. A intervención da Xunta, suspendendo a campaña marisqueira ao tempo que se inibia na solución do conflito encrespou ainda máis os ánimos e provocou acusacións cruzadas entre os dous colectivos, que consideraban á outra parte responsábel da decisión da Xunta.

A decisión da Xunta de suspender a campaña marisqueira agravou os entrentamentos. X. ÁLVAREZ

Semanalmente na campaña marisqueira de Noia estanse a recoller produtos por valor de 300 millóns, algo que deixa uns beneficios de 40 millóns. A suspensión da campaña por parte da Xunta, en tanto non é resolto o problema que impede a renovación da dirección da confraria, cortou o ingreso de cartos e provocou que as partes enfrentadas incrementarsen a sua belicosidade e que se acusasen ambas de provocar a infeliz intervención da Xunta.

A Administración galega, en lugar de intervir na confraria e deixar rematar a campaña marisqueira, decidiuse pola inibición no conflito que afecta ás eleicións no pósito noiés. A Xunta di que non é da sua competéncia. Mentres se demora a situación, medran a violéncia e as posibilidades de que os incidentes teñan efeitos irreversíbeis. "Pode haber linchamentos, porque uns viciños toman nota do que fan os outros e ameazan", comentaba un político local.

A xestión do patrón maior Xosé António Agrafoso Arestiño á frente da confraria non era do agrado dos grupos achegados ao PP, a iso uníase o feito de que o Agrafoso contaba co apoio explícito co parlamenário socialista Ventoso Mariño. O recámbio era posíbel porque Agrafoso viña de ser inabilitado xunto co antigo alcalde da localidade, Pastor Alonso. Ademais, ambos foran multados con 60 millóns de pesetas, das que tanto o Concello como a confraria eran responsábeis civis subsidiários. A primeira vista, a operación para desbancar ao patrón maior apresentabase como unha disputa entre o PSOE e o PP. Pero nada sucedeu como estaba previsto. Agrafoso apreséntase mália estar inabilitado e o candidato alternativo Ramón Blanco Freire, apoiado pola alcaldesa popular Maria do Carme Abeixón, ve como desde a Xunta chegan ordes para non mover a Agrafoso do seu sillón. A partir de entón comezan os enfrentamentos. Desde os círculos de Blanco Freire dise que a Xunta non quer que se destapen irregularidades nas que supostamente estarian implicados políticos *populares*.

Destapan escándalos que implican á Xunta

Os partidários de Blanco Freire comezaron a destapar escándalos tan pronto como a Xunta se decantou por Agrafoso. Os 150 millóns en débedas que deixou á confraria eran *pecata minuta* a respeito doutras acusacións, que implicaban a membros da Administración autonómica: cartas cruzadas entre un e os outros, comunicándose as irregularidades no seo do pósito e a necesidade de "tapalo todo" son esgrimidas polo grupo de Blanco Freire.

A elaboración do censo para a eleición do novo patrón maior tamén motivou acusacións cruzadas, segundo as cales eran excluidas persoas con plenos direitos e se incorporaban elementos alleos á confraria. Todo isto provocou que un amplo colectivo impedira a celebración, o Sábado 18, da consulta.

Cando o Luns 20 convocouse de novo ao censo, os enfrentamentos agraváronse. Os acesos á confraria estaban tomados por persoas contrárias a Agrafoso e os poucos votantes que, a pingas, acudian ao pósito, eran ameazados pola multitude. O proceso eleitoral era impugnado por falta de *cuorum*.Várias persoas foron detidos e se rexistraron dous feridos.

Peden a intervención da Xunta

O grupo do BNG local pediu a intervención da Xunta para impedir que se reproducisen os acontecimentos. Para a forza nacionalista é necesário nomear unha xestora independente, levantar a suspensión da campaña marisqueira e agardar ao seu remate e abrir unha investigación para aclarar as irregularidades que se denúncian. A partir de entón, cun censo transparente, poderia procederse á renovación da confraria. "Cando hai problemas na confraria a Xunta non pode inibirse dicindo que non é da sua competéncia, porque ao tempo, meiante un edicto, paralisa a campaña marisqueira —dixo Lois López Rico, do BNG—, ademais iso é unha irresponsabilidade porque agrava o conflito". Para o BNG, "a Consellaria ten competéncias no ordenamento pesqueiro, non pode lavarse as mans cando hai enfrentamenos entre os viciños e non debe ter medo a investigar, a que roden algunhas cabezas, porque se trata de impedir que haxa máis violéncia".

Pero de fundo está o modelo de explotación marisqueira. Durante estes últimos anos estiveronse a extraer grande cantidade de recursos na zona sen que se profesionalizase a actividade marisqueira nen se preparase un plano para tratar de transformar. Con Agrafoso a confraria foi utilizada de xeito caciquil e a modernización no sector ficou estancada. "Ten que haber profesionalización, hai que contar con técnicos que ordenen a acividade estractiva e cómpre transformar o marismo porque é unha fonte de riqueza que pode dar traballo na zona", di López Rico.

Consuma
produtos galegos

Viños, Conservas, Móveis, Cerámica,

Traxes, Queixos, Frores,

Camisas, Antenas parabólicas,

Carne, Pedras ornamentais,  Iogures,

Barcos..., son produtos orixinados,

cuidados e postos á venda por mans galegas.

Produtos de alta calidade.

Consumir produtos galegos é o máis razonábel

para contribuir ao progreso de Galiza

É o consello dun periódico galego

A NOSA TERRA

VIOLÉNCIA SEXISTA

Vintetrés mortes no que vai de ano por maos tratos no Estado

A falta de medidas xudiciais pon en perigo a vida das mulleres

As mulleres seguen a morrer nas mans dos homes. As cifras asi o sinalan; vintetres mulleres morreron por malos tratos antes de que remate o ano. A Comisión para a Investigación de Malos Tratos a Mulleres sinala que a agresión física segue sendo a maioritária e que, mália o arrepiante da cifra, no ano 1994 chegaron a sobrepasar os cuarenta o número de vítimas mortais por estas agresións. O Sábado 25 celébrase o "Dia da Non Violéncia contra a Muller", instaurado por un grupo de mulleres latinoamericanas en 1975.

■ ARANTXA ESTÉVEZ

Hai mulleres que chegan aos centros de acollida nunha desesperación total. Xa non é só que os seus homes as maltraten senón que sofren un rexeitamento social no que a única saida é unha casa de acollida. Algunhas delas deciden voltar a casa non só polas promesas dun home abandoado senón porque non ven outra solución para elas e os seus fillos. Non é fácil refacer a vida. A agresión dos homes segue a ter unha xustificación social.

Chegar á morte por unha malleira non é algo que extrañe a asistentas sociais e ás responsábeis das casas de acollida. Elas atenden os casos máis graves. Sabela Lahuerta, que dirixe a de Vigo, ten relación todos os dias con mulleres que buscan un respiro tras anos de golpes. "Un dos exemplos máis dramáticos foi o dunha muller que, despois de pasar pola casa, separouse e foise viver soa cos seus seis fillos. O que fóra o seu home incendioulle a casa. Foron os viciños os que avisaron axiña aos bombeiros e evitaron que se produciran vítimas. O piso quedou destruido e el segue ameazando á muller. Ela ten a certeza de que vai ir a por ela até que a mate. Tivo que entregar a tutela dos fillos polo perigo que corren", relata.

Sabela Lahuerta, directora da *Casa de acollida* de Vigo.

Perdoar ás veces pode ser un paso atrás. Pero, na opinión de Sabela Lahuerta, case sempre é necesário que a muller reingrese na casa para que recapacite sobre a sua situación. "Hai unha tendéncia entre as mulleres que levan as casa de acollida a crer que é un fracaso que abandoen a casa e volten co home. Para nós, non é asi. É triste pero é preciso que a muller caia na conta de que as promesas de cámbio non se cumpren e que se decida a reingresar na casa de acollida", conta.

O traballo máis decisivo no tratamento das mulleres maltratadas é o desenvolvido polas psicólogas. A falta de sensibilidade social cos maltratos tamén influe na própria agredida. Síntense culpábeis de seren maltratadas e xustifican seren golpeadas. "Moitas veñen dicindo que provocaron a malleira. Cal é a causa tan importante para elas? Pois non terlle o xantar feito ou ir a visitar a sua familia. Pensan que é causa de abondo para que lle batan", conta a directora da Casa de Acollida de Vigo.

XURXO S. LOBATO/ARQUIVO

A muller sufre maltratos durante anos antes de denunciar, algunhas nunca se deciden.

Muller mallada por todos

En Ourense,por unha moción da concelleira nacionalista Pilar Gato, habilitarase unha casa de acollida. A razón exposta é a cantidade de casos de maltratos e a falta dun centro público. En Santiago, a casa ten un funcionamento semellante á de Vigo. Concebida para dez residentes, a finais do verán albergaba máis de vinteduas persoas, entre nenos e nais. E é que a ocupación varia por tempadas. No verán, a maior convivéncia, a violéncia recrudécese.

> "As mulleres chegan golpeadas ás casas de acollida pero sen perder o sentimento de culpabilidade"

A maioria das agresións son producidas polo home pero a muller vítima de paus que caen por todos os lados. O pasado ano, dentro dos concellos da mancomunidade de Vigo, un 12% das mulleres agredidas recibiron os golpes por algun outro familiar. En Santiago, acolleron a unha rapaza que era maltratada pola avoa por ter quedado preñada. En Vigo, deuse o caso contrário en canto á xeración; a avoa era agredida polo xenro e polos netos, que reproducian o comportamento do pai. "É moi comun que os cativos utilicen os insultos cos que o pai se dirixe á nai. Mesmo chegan a perdirlle o respeto ao ver que a nai atura os golpes do pai sen dicer nada. É o normal nesta sociedade: ou pensan que é estúpida por aguantar ou argumentan que algo lle faria ao home para que este a agreda", comenta a responsábel da casa de Vigo.

As institucións non poden solucionalo todo; o servizo é limitado, tres meses de tempo máximo na casa de acollida e non hai un rede social que posibilite a integración da muller lonxe do agresor. "É unha frustración moi grande ver que non sempre consigues que unha muller poida viver en paz. Pero o papel das casas de acollida e dos centros de información é indispensábel. Son necesárias máis; é moi doroso ter que dicer a unha moza que ven co seu fillo que non podemos atendela. E se nos imos ao rural, a situación é terribel. As asistentas sociais das zonas non urbanas contan por centos os casos de violéncia doméstica, case institucionalizados nas parróquias. Nen elas se atreven a denunciar, nen hai sitios para atendelas a todas", conta Sabela Lahuerta.♦

Da primeira labazada ao ingreso no hospital

A primeira vez que a muller sofre unha malleira do home non é a que lle fai buscar axuda. Na maioria dos casos, a denúncia ou a solicitude de asesoramento danse cando hai desesperación, cuns dez anos de violéncia nas costas. "Por chamar ao centro de información, non quere dicer que se atrevan a formalizar unha denúncia. A maioria non o fan, non teñen forza para dar ese paso", comenta Sabela Lahuerta. Denunciar significa facer pública unha situación que leva moito tempo entre catro paredes.

Mulleres de todas as idades e de todas as condicións (as responsábeis dos centros de acollida din que o maltrato non se pode identificar sempre coa pobreza) sofren as lesións que produce a violéncia. Un dia son marcas no pescozo, outro a cara destrozada e, ao final, nunca se sabe o que pode pasar. Case nengunha muller ten conciéncia do perigo, incluso mortal, ao que pode levar a violéncia do home.

"Os maltratos van medrando dun xeito intenso pero lento. O primeiro é un empuxón, despois ven unha labazada e, xa por último, unha malleira. Pero ninguén pensa na morte agás en casos moi extremos", conta a responsábel da casa de Vigo.

Pedir axuda é un paso. Pero é moi frecuente retroceder sobre ese avance. A presión é incríbel. "Teño moitas veces mulleres diante miña que, ante a decisión de voltar, cóntame que saben que o home vai voltar mallar nelas pero prevalece a seguridade dos fillos. Elas, cando veñen onde nós, están sen traballo, sen casa e sen cartos. O seu razoamento é que, se voltan, os seus fillos terán un teito. Por iso, moitas esperan a dar o paso definitivo cando os fillos xa son maiores. Hai que ter en conta que a própria família da muller, os próprios fillos vólvense contra ela. Cando pasa un mes da agresión, o home xa tivo influéncia no entorno familiar, na muller e nos fillos. Estes son os que ven a diferéncia entre o papá, que ten cartos e o enche a xoguetes e a nai, que ten que viver nunha casa de acollida", conta Sabela Lahuerta.

> "A un home cústalle o maltrato reiterado á sua muller vintecinco mil pesetas e quince dias de arresto domiciliário"

Alguns homes tolean cando as suas mulleres deixan a casa e non paran até atopalas. Son moitos os que queren entrar nas casas de acollida a buscalas, as perseguen pola rua ou no seu traballo. Elas e os nenos saen con protección policial. Hai moito medo. "Non hai medidas xudiciais ou sociais de protección para a muller. O maltrato é unha falta, non un delito. Cando unha muller acude á policia, o que lle din é que necesitan feridas, sangue, porque se non as hai non poden actuar contra o agresor. Houbo un caso dunha muller que foi maltratada durante anos polo home, cunha grande dose de sadismo e, cando se decidiron a actuar contra el, puxéronlle quince dias de arresto domiciliário e vintecinco mil pesetas de multa. Atreveuse a dicer en público que se chega a saber antes que lle costaba só vintecinco mil, mallaria máis tempo nela", conta Sabela Lahuerta.♦

Paul Preston, biógrafo de Franco

'Franco cometeu enormes crimes contra o povo para dar a volta ao relóxio da história'

■ G. LUCA DE TENA

A história do franquismo cambiou despois de Paul Preston (Liverpool, 1946) publicar o seu monumental ensaio biográfico sobre o Ditador. O profesor da Faculdade de Económicas de Londres estableceu a partir de documentación nunca antes revisada a profunda convicción fascista de Franco e a sua resolución de facer unha guerra lenta na que a erradicación dos nacionalismos e as ideas de esquerdas eran máis importantes que os obxectivos militares. Preston veu falar a Galiza sobre o seu biografiado aos 20 anos do 20-N.



A. IGLESIAS

Como puido o bloque hexemónico do franquismo conservar os seus priviléxios na Transición?

Coido que é moi revelador facer a comparanza coa República. Dunha parte porque fora o primeiro intento de establecer unha democrácia, e doutra porque se fai tamén nun momento de depresión económica mundial. O obxectivo de construir a democrácia na República vai contra os intereses das oligarquias. Na República os poderes económico, social e político estaban nas mans dos mesmos grupos. Coa caida da Dictadura de Primo de Rivera e a fuxida de Alfonso XIII, despois da decisión popular das municipais de Abril do 31, o poder político pasa á mans dunha coalición de esquerdas. As clases dominantes van empregar o seu control dos meios de comunicación e do aparato hexemónico intelectual para recuperar o aparato do Estado e cambiar o control social. Iso anúncia a guerra civil. O grande desafio era a reforma agrária e o máis significativo das clases dominantes eran os latifundistas. A depresión económica agudiza esa loita porque o latifundismo non pode absorber as reformas da República aumentando a producción, que é moi ineficiente de seu. No segundo intento de democrácia, houbera xa grandes cámbios estructurais e a parte dominante do bloque hexemónico xa non son os latifundistas, senon a banca, a indústria e un forte compoñente multinacional. Chegada a crise económica do 73, o interese deste grupo é procurar a colaboración da esquerda e da clase obreira para facer fronte á crise. Por que? Porque como mínimo é precisa unha democrácia formal para poder entrar no Mercado Común; despois do desenvolvemento dos sesenta, o mercado aproxímase á saturación. Para medrar, cómprelle acceso ao exterior. Nunha economia coma a latifundista dos anos 30, os métodos policiais e militares de impor a represión poderian funcionar nunha economia agrícola. Dous *guardias civiles*, podian controlar un campo con labregos, pero nunha fábrica as posibilidades de sabotaxe non se dan coartado cunha parella de gardas. Compren formas distintas de dominación, como os acordos sobre produtividade etc.

> "Meu xeneral, os seus plans equivalen à matar a meia España», dille un xornalista a comezos da guerra. E Franco resposta que está preparado para iso"

E na Transición?

A Transición ocorre nun contexto económico e social diferente, por os mesmos cambios socio-económicos dos anos cincuenta e sesenta. En canto a esquerda, estaba traumatizada pola guerra e os anos de represión intensiva, e comprende que a relacion de forzas non lle é favorábel. A esquerda tende á moderación e móvese cara o consenso coa direita. Un caso interesante é o de Garrigues, representante legal de várias multinacionais que quer cambiar un modelo politico obsoleto. A base de que a Transición sexa relativamente pacífica e abondo conservadora é que hai grandes zonas de coincidéncia.

Racismo e paternalismo

Estados Unidos aposta por unha evolución máis conservadora da Ditadura e defende a Fraga como candidato.

A política norteamericana tende a confundir entre España e os paises latinoamericanos. Para eles, todo e *España*. No inglés dos Estados Unidos, o termo *Español* val igual para designar un mexicán un guatemalteco etc. De entrada hai unha atitude notabelmente paternalista de cara á situación española. Doutra parte, os Estados Unidos prestaran un forte apoio a Franco durante máis de vinte anos. Mesmo antes do acordo de 1953, apostaran por Franco coma garante dun espazo estratéxico de importáncia dentro da Guerra Fria. Nas visitas de Kissinger, Nixon e Ford, viaselles o medo de que todo acabase nunha hecatombe. Desconfiaban do Euro-Comunismo como dunha pel de año. Estaban contaxiados polos lugares comúns que forman a base do cativo pensamento político de Franco: os españois *non estaban prepara-*

> "Nas visitas de Kissinger, Nixon e Ford, víaselles o medo de que España acabase nunha hecatombe. Estaban contaxiados polos lugares comuns que forman a base do cativo pensamento político de Franco"

dos para
nores de
e paterna
sas idea
unha tra
de Fraga
mento
hington
soa en
eficaz. E
vian unh
da confi
franquis
renovad
para non
á esquer
ra saben
foi a Tra
pero, se
únicos q
paron o
eran Cl
Semprún
formes d
lles vale
pulsión d
ran tan v
coma os
de Trost
o fascis
ano 31.

**Cal era
ción po
Juan Ca**

Non me
que até
de Franc
se quen
o que
Transici
guén sa
se man
Juan Ca
guindoo
lembro q
Carlos e
Franco, c
non habi
tura dem
tura era
como se
mos a Tr
so sen co
tes das e
non conta
ción era c

**O SPD a
legalizac
ba a Feli
taba pola**

O apoio
pero lem
deste pa
aos comu
tre socia
Alemaña
con toda
que se at
Durante
SPD tiñ
RDA na c
mo co qu
euro-com
cara suav
os *duros*
Para eles
significab
esaxerar
mo os no
queles ar
renteaba
ban da id
ir de vag
comporta
dania do
que con
SPD, per
sibilidade
mesmo c
de qued
non pode
cia cativa

Golpism

**Que exp
brero de**

Unha pa

dos para a democrácia, eran menores de idade etc. Por racismo e paternalismo, participaban desas ideas. Asi que favorecian unha transición lenta na persoa de Fraga, que tiña bon predicamento en Washington como persoa enérxica e eficaz. En Fraga, vian unha persoa da confianza dos franquistas e tan renovadora como para non provocar á esquerda. Agora sabemos como foi a Transición, pero, se cadra, os únicos que anticiparon o proceso eran Claudin e Semprún. Os informes do 62, que lles valeran a expulsión do PC, foran tan visionários coma os escritos de Trostky sobre o fascismo, do ano 31.

> "O obxectivo de construir a democrácia na República vai contra os intereses das oligarquias. A Transición ocorre nun contexto económico e social diferente, polos mesmos cambios socio-económicos dos anos cincuenta e sesenta"

Cal era a definición política de Juan Carlos?

Non me parece que até a morte de Franco houbese quen de definir o que seria a Transición. Ninguén sabia como se manifestaria Juan Carlos. Seguindoo ao dia, lembro que, para a maioria, Juan Carlos era o can de palleiro de Franco, que non tiña futuro e que non habia outra saida que a ruptura democrática. Pero se a ruptura era derrotar ao franquismo, como se podia facer? Agora vemos a Transición como un proceso sen costuras, pero incluso antes das eleccións do 77 o PSOE non contaba. O partido da oposición era o PC.

O SPD alemán estaba contra a legalización do PC pero apoiaba a Felipe González, que si estaba pola legalización.

O apoio do SPD era importante, pero lembremos que no interior deste partido hai un odio feroz aos comunistas. As divisions entre socialistas e comunistas na Alemaña remóntanse ao ano 21, con toda a porfia subseguinte á que se atribue a subida de Hitler. Durante os anos de poder, o SPD tiña aos comunistas da RDA na outra banda. O comunismo co que eles lidaban non era o euro-comunismo de Carrillo ou a cara suave de Berlinguer, senon os *duros* de Alemaña oriental. Para eles, a palabra comunismo significaba outra cousa. Se non é esaxerar, os alemans, tanto como os nortemaericanos, tiñan naqueles anos un paternalismo que renteaba o racismo e participaban da idea de que era cousa de ir de vagar. Poucos preveran o comportamento maduro e a cidadania do povo na Transición. Asi que comprendo a atitude do SPD, pero Felipe tiña moita sensibilidade política. Sabia que o mesmo que unha muller non pode quedar un *migallo preñada,* non pode haber unha democrácia cativa.

Golpismo inviábel

Que explicación ten o 23 de Febrero dentro da Transición?

Unha parte da oligarquia e do movemento obreiro concidiran en favorecer a democrácia, ainda que fose conservadora. Pero iso deixaba fora a certos elementos nos extremos. Dunha parte están os golpistas, que son os máis activos representantes da nostálxia franquista. Para o seitor da sociedade que gozara de privilléxios durante o franquismo, debeu ser moi dolorosa a Transición. Hai unha sicose de pauperización nestes seitores que está por estudar. Despois coido que, tanto na ETA como no IRA, hai unha clase de nacionalismo que non saberia situar na esquerda ou na direita. O feito de que ETA optara por unha estratéxia de provocar aos militares, daba na chaga. Visto estructuralmente, o golpismo poderia ter causado estragos e vitimas, pero non tiña opción. Que teria pasado se triunfase o 23-F? Tentarian un camiño coma o de Pinochet, pero iso morreria decontado. España non é Chile. As multi-nacionais non tiñan as mesmas atitudes que á respeito de Allende. Suárez non era Allende e despois estaba o Mercado Común. Poderia durar alguns meses pero non haberia regreso á Ditadura. As suas consecuéncias serias as mesmas que as do golpe fracasado do 10 de Agosto na República ou o de Katt na República de Weimar. só serviron para afortalaren a democrácia. Hai unha entrevista na que Carlos Reixach di que alguns pensaban que coa democrácia marcaria máis goles. O *Tejerazo* fixo que moitos lembraran o que poderian ter perdido, como deseguida mostraron as manifestacións, e tivo un efecto positivo para a Democrácia. Por certo, o golpe colléranos a Regis Debray e a min nun avión de Vigo a Madrid.♦

A. IGLESIAS

'Franco non queria só derrotar un exército, senon erradicar para sempre a esquerda e os nacionalismos'

Franco adicara toda a sua vida a erradicar os nacionalismos e o socialismo. O menos que se pode dicer é que fracasou de plano.

Franco apostou pola volta ao pasado. A comezos da guerra explicou os seus planes a un xornalista norteamericano e este faille a seguinte observación: "Meu xeneral, iso equivaleria a matar a meia España". E Franco resposta que está preparado para iso. O seu obxectivo foi erradicar nacionalismo e socialismos. En cantidade de ocasións, representantes de Alemaña e Itália pregúntanlle por que non aceleraba a marcha da guerra. El precisa que non quer derrotar un exército sen mais, senon erradicar *para sempre* un veleno que para el era o *rojo-separatismo,* a esquerda e os nacionalismos. É un proxecto absurdo. Non se poden erradicar as aspiracións de mellor vida da clase obreira e das nacións históricas, con aspiracións ben fundadas. A história ensina que todos os intentos de erradicar pola forza esas aspiracións, só serven para facelas máis fortes. No vinte aniversário da morte de Franco, preguntáronme várias veces que xuicio faria del a história. O xuicio da história sobre este home e os seus cōlaboradores (porque non actuou el só), será que cometeron enormes crímenes contra o povo con tal de dar a volta ao relóxio da história. Lóxicamente fracasaron. O trauma da guerra e da represión produce un rechazo da violéncia que chega deica hoxe é que se cadra ten que ver coa madurez democrática e a sensibilidade cidadán. Certamente, esa madurez pagouse cun baño de sangue, o exílio e a emigración económica. O prezo foi desmesurado. Cando a Manuel Vázquez Montalbán lle piden un xuicio sintético sobre Franco sempre di: *foi un criminal de guerra.*

No seu ensaio biográfico sobre Franco, concede pouca importáncia á nacionalidade do personaxe. Se o considerase coma un exiliado en España, acaso a sua alienación seria máis fácil de explicar.

Sempre aceptarei esa crítica, porque eu non son de aqui e non estou en condicións de comprender ese ponto de vista. O único que podo engadir é que, no meu escaso coñecimento de Galiza, o Ferrol debeu ser, nos tempos da minoria de idade de Franco, coma un enclave militar, con relativamente pouca relación co pais. Non digo que a experiéncia do Ferrol non fose importante, pero na pasaxe do neno ao ditador teño tendéncia a diminuir a importáncia do seu galeguismo. Coido que foi máis importante o seu contacto con Africa. Il mesmo explica nalgunha ocasión que sen Africa non se daria explicado a si próprio. En Africa é onde se brutaliza, ainda que o seu procedimento para facer fronte ás dificuldades familiares foi valeirarse de sentimentos humanos. É coma unha reacción de protección. A sua raposeria na Africa é a que descobre na guerra e o desprécio pola vida tamén.♦

VINTE ANOS DA MORTE DE FRANCO

UN DITADOR NA CONFITARIA

XAN CARBALLA

Nunca en duas décadas fora tan prolífica a televisión en programas de divulgación histórica. Os dous motivos principais foron a Transición e o aniversário da morte de Franco. Ambos e dous acontecementos solápanse inevitabelmente, conseguíndose nese cruce de mensaxes aminorar a realidade de quen era aquel xeneral golpista, e eliminar a sensación de que a monarquia tiña sido concebida polo próprio Franco como continuadora do rexime ditatorial.

A análise da Transición faise con auséncia popular. Agás excepcións dignas, todo o discurso dominante fai petar repetidas veces a idea de que foi unha operación dirixida polos reformistas do réxime, divididos nos da via lenta (Fraga) e a máis audaz (Suárez, Areilza), que terian conseguido estabelecer unha ponte de prata coa oposición exiliada e interior. Todo baixo o manto protector do Monarca. Cando nun debate Iñaki Anasagasti négase a admitir esa exclusividade e proclama que foi o povo e a sua presión quen obrigaron á mudanza, surxe Santiago Carrillo para soltar unha sibilina verdade de perogrullo que desarme as conciéncias: "Digámolo como queiramos, pero Franco morreu na cama". Ninguén fala da grave situación económica á que se chegara, nen da importáncia do panorama internacional, sobretodo após o 25 de Abril en Portugal e por suposto da insostíbel situación interna, con miles de presos políticos e unha crecente presión política dunha xeneración que perdia o medo apesar do aldabonazo dos fusilamentos do 27 de Setembro.

> 'Docificado pola morte, nas reportaxes sobre Franco estiveron ausentes os exiliados, os presos, os represaliados, homes e mulleres"

Pero foi o aniversário do Franco o que deixou máis á vista a subtilidade do análise que se fai da figura do militar golpista. A escolla de opinións e imaxes está medida. Frente aos inquéritos que descubren que "moita xente nova xa nen sabe quen era", o balance faise sobretodo como resultante final do que foi o seu "periodo de governo". Apenas sen excepcións non se recorda que Franco se abriu paso a golpe de bombardear o seu próprio país, enviar ao exílio e ao cementério a esperanza imensa das xeneracións formadas no espírito da República e impedindo a balazos que ninguén abrise a boca, montando un estado policiaco que nunca foi xulgado. O retraso no Estado e na Galiza que provocou esta imensa ferida cóntase por décadas, e non estivo apenas presente neste aniversário.

Docificado pola morte, as reportaxes tiveron a total auséncia dos exiliados, dos presos, dos represaliados, homes e mulleres. Ninguén saiu a dicer que o 20-N levantara unha copa de champán, nen como se celebrou nas cadeas. Só Antonio Gutiérrez (CCOO) dixo que despois dun siléncio no autobus que o levaba á fábrica na que traballaba, houbo unha grande balbordo. Ou Arzallus que non negou que moitos bascos se alegraran. O colmo manifestouno un caduco Gonzalo Fernández de la Mora que se atreveu a analisar, "ninguén podia dicer como pensaba Franco. Estou convencido que non tiña nengunha ánsia de poder".

Poñendo broche final a toda a enxurrada, Adolfo Suárez reapareceu nunha entrevista realizada en tono necrolóxico, e apontouse á esquizofrénia. "Fun ministro con Franco e secretário xeral do Movimento [partido único]. Despois culminei o paso a un réxime democrático que prefiro, transformando a Ditadura desde dentro. Nos dous casos sempre fun leal aos que me nomearon. De Franco non teño un mal recordo. O Rei é o meu amigo". ♦

NACIÓNS SEN ESTADO

ENSINANZAS DO QUEBEC

JASONE MANTEROLA

Quebec pon á nosa disposición un libro aberto de licións: a universalidade do direito de autodeterminación; a dinámica de aglutinación nacional e social; as suxas manobras e presións canadianas e, como colofón, o valor dun proxecto nacional integrador.

A primeira cuestión e que o direito de autodeterminación dos povos é universal, aplicábel a todos e en todas as condicións. Non é certo, nen bon, nen xusto, que haxa povos que, debido a un imposto "atraso" socioeconómico, polo feito de ser minoria ou, pior ainda, pola sua opción sociopolítica —sen falar de aberracións racistas— sexan excluíbeis dese direito, se lles negue ou se lles pospoña indefinidamente a sua realización. No caso do Quebec puderon exercer ese direito, a través dun referendo, primeira cuestión, e en segundo lugar, este exercício democrático ten respetado o marco territorial do Quebec. Mais tamén é certo, basicamente certo, que nengun povo será libre se, ao tempo, oprime a outro povo.

As colectividades índias votaron a favor da unión co Canadá e os quebequeses deberán recoñecer o seu direito inalienábel, se queren seguir aglutinando forzas soberanistas e, sobor todo, resolver unha insostíbel inxustiza histórica.

Quebec foi, até comezos dos anos sesenta, relativamente pobre. Pero a partires de entón, produciuse unha intensa e extensa industrialización especializada en dous campos: automoción e, sobor todo, novas tecnoloxias e a explotación dos recursos naturais, como enerxia eléctrica, madeira e pesca. En pouco tempo chegou a ser unha das rexións máis importantes do Canadá. Pero, as consecuéncias sociopolíticas e culturais foron tremendas, como foi a aparición dun nacionalismo quebequés moderno, láico, consciente da sua forza e atractivo para a xuventude. Criáronse, asi, dous bloques sociais con dous modelos nacionais: un, o quebequés, nucleado arredor dunha alianza entre a nova burguesia média, aparecida coa industrialización e as clases traballadoras e populares, que teñen no francés a sua seña de identidade. Outro, o canadiano, nucleado arredor dunha alianza entre a alta burguesía quebequesa, vencellada por esenciais intereses clasistas ao Canadá e fraccións quebequesas con pouca conciéncia, máis os emigrantes canadianos no Quebec. Este bloque exerce a sua dominación económica e cultural, impoñendo a superioridade lingüística do inglés, conscientes da sua importáncia na batalla da confrontación nacional.

> 'Quebec foi, até comezos dos anos sesenta, relativamente, pobre"

En 1980 realizóuse un referendo, no que resultou gañador o segundo bloque, o canadiano, cunha folgada superioridade do 58,2% contra o 41,8% independentista. Desde entón, pouco a pouco, foi aumentando a implantación independentista, parellamente, á cerrazón canadiana. Unha sábia política de aglutinación e modernización nacionalista era o segredo do auxe. Deste xeito, chegouse á situación presente, na que o modelo de construción nacional quebequesa superou en coeréncia democrática, garantias sociais e laborais, programas fiscais... ao canadiano. É dicer, e esta é a segunda lición, nuns momentos de feroces ataques aos direitos laborais e sociais esixidos polo Tratado de Libre Comercio cos EEUU, o proxecto nacional quebequés aparece como garante de conquistas e como trampolin de novos avances. Ou sexa, como expresión concreta, material e social das necesidades e desexos do povo traballador, no seu conxunto. Algo polo que paga a pena loitar, votar e mobilizarse.

Precisamente, esta é unha das razóns polas que aumentou até o 49,4% e non descendeu até o 50,6% no recente referendo. Pero, existe outra razón que explica porque o *non* á soberania conseguiu deter a sua caida, recuperándose, incluso, nos últimos dias: a campaña de intimidación e medo, o terríbel peso do voto angustiado polo futuro. O Governo canadiano, as organizacións patronais, a alta burguesia en pleno, os aliados internacionais e os próprios EEUU, os *mass media*, as igrexas protestantes... todas as forzas unionistas e conservadoras arrimaron o ombreiro ao máximo. Incluso, saltáronse a sua própria legalidade, para frear o asenso do *si* e invertir a tendéncia. Destacan tres tácticas, especialmente, suxas: unha, a formada por mulleres; outra, a ameaza do paro, da pobreza e da incertidume do futuro económico, con intervencións especiais dos sindicatos canadianos e das burocrácias patronais e estatais e, por último, as mobilizacións das masas pagadas e organizadas, sen descaro, polo poder canadiano.

A terceira lición é, precisamente, ista: incluso, un Governo tan democrático, en apariéncia, como o canadiano, que recoñece e respeta o exercício do direito de autodeterminación, é capaz, neses momentos, de recurrir a todos os meios de presión, no seu dia incluso á presión armada, con tal de gañar un referendo. E esta lición ten dous apartados importantes: un, criar medo e, posteriormente, manipular ese medo, especialmente, nas franxas sociais menos concienciadas e, outro, dar o paso das campañas en prensa ás masivas mobilizacións, cargadas de contidos ameazantes, conservadores e belixerantes.

Podemos xa extraer unha conclusión final: a forza dun proxecto nacional emancipador radica nos seus contidos sociais, populares, progresistas e culturais. Esos contidos son os que, na prática diária, permiten aglutinar e atraer sectores indecisos, ilusionalos e integralos. Cando ese proxecto deba xogarse o seu futuro nun só e único acto consciente, como é o referendo, o perigo estará na ameaza e na presión do Estado e temerase que o poder estabelecido se adique a involucrar o virus do medo para acalar unha reivindicación lexítima, viábel e necesária. ♦

CÁMBIOS NO LESTE

A esquerda gaña en Polónia falando do futuro

Walesa xa é história

■ M.V.

Aleksander Kwasnieswski gañou as eleicións falando do futuro. Walesa perdeunas con repetidas alusións ao pasado. Cun 3,4% de votos de ventaxa a esquerda retorna ao poder nun prazo relativamente curto. O ex-lider de *Solidaridade* forma parte, desde que cerraron as furnas, o Domingo 19 de Novembro, da história do país.

Lech Walesa en 1981.

Lech Walesa, pésie a sua evidente falta de aptitude para governar, conseguiu representar a unha dereita dividida e máis dedicada á rapiña da que estivo afastada durante cuarenta anos, que de construir unha opción séria de governo. O antigo sindicalista recibiu a bendición do primado eclesiástico, dos financeiros alemáns e do Departamento de Estado norteamericano. No interior do país fóronlle obedentes a maioria dos méios de comunicación. Prensa, rádio e televisión estaban practicamente en mans dos seus afectos. Finalmente, mantiña no governo o control sobre os ministérios de Interior, Defensa e Exteriores, grácias a unha dubidosa prerrogativa presidencial.

Kwasniewski tiña ao seu favor un partido ben organizado. Walesa, en cámbio, nen sequera conta tras si con partido algun. Sen embargo, o ex-sindicalista, conseguiu contar para estas eleicións cunha escuadra de 12.000 interventores, frente aos 6.000 do seu contricante, nunha mostra se cadra de que o candidato dereitista non estivo falto de apoios económicos.

A esquerda que xa contaba con maioria parlamentária, desde as últimas lexislativas, ve con este resultado como se rompe o bloqueo á nova constitución que mantiña Lech Walesa.

O laboratório polaco

Desde 1980, ano no que se deu a coñecer o sindicato *Solidaridade*, Polónia actua como observatório aventaxado do que sucede nos paises do Leste. A rebelión frente ao socialismo real, primeiro, a clara proclividade dos seus habitantes cara o capitalismo, despois, foron interpretados como termómetro do que sucederia noutros paises. Agora, o voto a Kwasniewski poderia quizá interpretarse do mesmo modo.

A esquerda, através dos antigos partidos comunistas reformados, governa xa en Hungria, Bulgária e Rumania e, cun modelo algo diferente, tamén en Eslováquia.

En Bulgária conseguiu o 75% das alcaldias, despois dos comícios locais celebrados o pasado 11 e 12 de Novembro e xa ostentaba a maioria no parlamento de Sofia. Finalmente está Rúsia, onde o crecemento do Partido Comunista é notório. A esquerda que agora parece impoñerse, sen renegar do seu pasado, presenta, con todo, programas políticos, xunto cun talante, que a distingue dos históricos partidos comunistas.♦

O PODER DO PETRÓLEO

O escritor nixeriano mantiña unha campaña contra a destrución das terras dos ongoni

A empresa petroleira *Shell* puido evitar a morte de Ken Saro-Wiwa

■ X.C.

O aforcamento do escritor nixeriano Ken Saro-Wiwa e outros oito compañeiros seus, puxo algo de luz sobre un longo conflito que se desenvolve desde hai trinta anos no delta do rio Níxer e o papel que xoga a compañia de petróleos *Shell*.

A ditadura militar nixeriana recebe o seu sustento principal da *Shell*, verdadeira reitora das orientacións políticas do réxime. Ken Saro-Wiwa levaba vários anos denunciando internacionalmente a destrucción sistemática do meio de vida da étnia ongoni, asentada sobre as terras que cobren a riqueza petroleira de Nixéria, nunha das áreas de meirande densidade de povoación de todo o continente.

A *Shell* ten entregado ao governo nixeriano centos de miles de millóns de pesetas en conceito da explotación iniciada nos primeiros sesenta. En troques desa *subvención* está en condicións de dictar a política do governo. Os ongoni comezaron a organizarse e a dirixir simultaneamente a sua protesta no interior do país e internacionalmente cara á *Shell*.

O estado das terras dos ongoni é de devastación. Ao pé das casas prodúcense emanacións contínuas de gases, moitos deles en combustión, e mesmo ten habido roturas de conduccións de petróleo estragando toda fertilidade nunha manchea de hectáreas, sen que a empresa teña reparado eses danos apesar de facelo constar asi nos seus balances.

Foi precisamente o Departamento de Comunicación da *Shell* en Londres o que falou nunha circular interna de "contrarrestar a propaganda que está a facer Ken Saro-Wiwa e o seu grupo". As poucas semanas de emitir esta circular pechouse o paso á prensa na area dos ongoni. Producíronse várias matanzas en aldeas ongoni procurando excitar un enfrentamento tribal, que se puido desmentir ao demostrarse a intervención do exército nixeriano. A culminación do proceso foi o aforcamento de Ken Saro-Wiwa, apesar da protesta internacional e as tímidas sancións propostas pola Commonwealth.

Quen fica fóra do foco de atención é a própria *Shell*, que ainda recentemente se ten curado en saude no conflito da plataforma do Mar do Norte, un problema banal se se compara coa terríbel destrucción ecolóxica e de vidas humanas que está producindo a empresa na Africa esquencida.♦

A dispersión dos presos bascos

O diário **Egin** editorializa sobre a marea de opinión para que remate a dispersión do presos bascos nas cadeas españolas. "Mesmo os partidos asinantes do acto de Ajuriaenea (agás o PP, pero incluindo alguns sectores do PSOE), consideran que haberia que rematar a dispersión dos presos. Parece haber unha maior receptividade ás denúncias de Senideak, sobre todo o que implica a dispersión asi como a constatación do fracaso da sua finalidade proclamada de acadar reinsercións por arrepentemento. A dispersión proiciou espazos opacos que permitiron as palizas en traslados ou en módulos, a fallla de atención sanitária con consecuéncias irreversibeis en vários casos, o aillamento dos presos entre eles, a imposición de condicións por riba dos xuices de vixiáncia para comunicar, cartearse ou estudar e a aplicación arbitrária do regulamento que mantén presos a enfermos graves, coma no caso Iturriaga, ou persoas con direito á liberdade condicional. O *Director General de Prisiones*, David Beltrán, sabe que as folgas de fame son resposta á situacións límite e, cando acusa aos familiares de mentir nas suas denúncias, no fondo é consciente de que é el quen non respeita a verdade. O conselleiro de Xustiza da CAV, Ramón Jáuregui, esixira en Marrocos que nengún preso basco estivese só. Que razóns ten para non dicer o mesmo no Estado español? Igual co Beltrán, só motivos de política linguistica, non penitenciária".♦

Austeridade contra a discriminación

"Mellor que falar de agrávios (á Galiza) é recoñecer primeiro e solucionar despois as nosas próprias limitacións", di o director do Banco de España en Barcelona Vitor Moro, nunha entrevista que publica a revista **Zona Industrial**. "Nesas limitacións -sinala o exdeputado de UCD por Pontevedra-, está a causa de que teñamos os piores ferrocarrís de España e que ano tras ano fagan burla de nós coas auto-estradas, que a reconversión industrial e cifras relativas fose en Galiza a máis traumática do Estado e que se nos manteña discriminados nunha fileira interminábel de frustracións. Por suposto temos máis caréncias imputabeis ao sistema ca o home. Infraestruturas básicas, formación profisional e empresarial, imbricación universidade empresa, sistemas modernos de finanzamento (non o son as subvencións xeralmente baldias), e tecnoloxia adquirida de rápida asimilación. Canta tarefa urxente diante de tanto fogo de artifício! Na nosa posición xeográfica marxinal, o noso futuro na Unión Europea é dubidoso, ante critérios de converxéncia de difícil consecución. Nesas circunstáncias verdadeiramente duras, imponse a eficácia e a austeridade no marco do grande pacto social que a circunstáncia esixe para atraer investimentos e xerar emprego".♦

A Costa, non a Mariña

Juan Soto critica nas páxinas de **El Progreso** o nome de A Mariña. "Xente con sentido da conta comercial e da Xeografia, propugnan para o Septentrión da província de Lugo o nome de Rias Altas no canto de A Mariña, que é baptizo artificial, trapalleiro, improvisado, recentísimo e cursi. Un quer mellor para costa de Lugo o nome sinxelo de A Costa, que foi como chamamos toda a vida á costa lucense e como, polo demais, ainda se refiren a ela naturais e achegados desde Ribadeo a Vicedo, cen quilómetros que nen en Madrid nen en Santiago saben interpretar a direito. A Costa ou Rias Altas, calquera cousa mellor que a parvada administrativa de A Mariña. A Mariña é un invento de onte pola tarde, argallado por catro funcionários chochos e outros tantos asesores ignaros na materia do caso. Unha soneca de paxariños, xa digo, que acordou o retoque do singular para un nome acomodado de vello e sólidamente afirmado nos papeis, na carteleria e na soleira popular".♦



O Boletín / CIG

A ALDEA GLOBAL

Vivimos no mellor
dos mundos posíbeis
(Felipe González)

Manuel Fraga, doido polas primeiras críticas que lle dedicaron os méios de comunicación, despois da sua rendición a Aznar na polémica do IRPF, colleu o avión e marchou a Cataluña a entrevistarse con Pujol e non co candidato do PP. Queria demostrar personalidade e independéncia frente á rua Genova. O dia despois dos comícios cataláns arrancou por bulerias decindo que se alegraba da "baixada do nacionalismo". Da rua Genova saiu un surriso. Don Manuel segue traballando para a **galeria**, en canto outros governan a cociña.

Presentarase Fraga ás próximas eleicións? Ora di que si, ora di que non, ora afirma que todo o contrário. Os *fragólogos* esquecen un dato clave. Don Manuel acaba de visitar Santo Domingo onde visitou ao presidente **nonaxenário** Balaguer.

Eleicións en Polónia. A notícia cando se previa que gañase Walesa: "Kwasniewski escrebia editoriais do periódico das mocidades do Partido Comunista, cando o país estaba baixo a lei marcial e Walesa laguidecia no cárcere". A notícia despois: "Kwasnieswski é fillo dun médico, ten modais suaves, luce garavatas italianas, está a favor da economia capitalista, da UE e da OTAN, o governo do seu partido fai unha política máis de dereitas que a

Problemática do Conservatório de Vigo

Centos de "aspirantes a alumnos" do Conservatório de música de Vigo poden quedar este ano —unha vez máis— sen posibilidade de poder ingresar no único centro de titularidade pública que imparte ensinanzas musicais na cidade de Vigo.

A decisión tomada pola dirección do Conservatório de non ofertar prazas escolares novas na maioria de especialidades instrumentais, cremos que obedece, sen embargo, a critérios de calidade e eficácia educativa. A aplicación da LOXSE establece uns mínimos an canto ao tempo de adicación de cada profesor en relación a cada alumno.

Esta medida, polo tanto, e ainda que nun princípio poda parecer a orixe do problema, deberíanos motivar para facer unha análise máis profunda. Debemos ir ás causas últimas e exixir responsabilidades.

A cuestión que está sobre a mesa é a falta de profesorado suficiente para atender unha demanda de alumnos que, ano tras ano, veñen padecendo esas caréncias.

As competéncias em matéria de contratación de profesorado xa non dependen do próprio conservatório, senon da Consellería de Educación. Recordemos que a Xunta asumiu hai uns anos ditas competéncias, que lle foron transferidas do Concello de Vigo.

Estas Escolas de Música terían como finalidade descentralizar o ensino básico no Conservatório Superior de Música

Polo tanto a Xunta, a traveso da Consellería de Educación, é a responsabel do que está a suceder actualmente. Pero non é a única. A anterior equipa directiva do Conservatório xa elevara no seu momento unha proposta ao anterior Concello para poñer en funcionamento as Escolas de Música en diversas áreas de Vigo. Esa proposta fora incluida no Plan Estratéxico de Vigo.

Estas Escolas de Música responderían ao establecido no O.M. de 30 de Xullo de 1992 (BOE, 22.8.92) e terían como finalidade descentralizar o ensino básico no Conservatório Superior de Música.

Sabemos que a nova dirección do Conservatório solicitou á Consellería de Educación un determinado número de profesores, tendo en conta as necesidades do centro. Non obstante a Consellería só concedeu profesores nunha porcentaxe insignificante.

As razóns alegadas polo delegado de Educación redúcense a "falta de presupostos", engandindo ademáis que o ensino musical non é obrigatório no actual plan de estudios.

A Xunta di que non ten diñeiro para pagar aos profesores necesários. Sen embargo hai várias persoas que levan máis dun ano cobrando un salário mensual para organizar unha orquestra sinfónica de máximo prestíxio, a tristemente famosa OCAG. E finalmente parece que tampouco se vai facer. E para iso destruen a XOGA, que levaba oito anos traballando para sacar adiante aos músicos do país. E ademáis incumpren os compromisos contraidos cos músicos seleccionados para integrar dita orquestra, algúns galegos, a maioría doutros países.

Por outra parte o problema da falta de profesores —que impide a entrada de novos alumnos— non é exclusiva do Conservatório de Vigo. Na Coruña tamén hai problemas. En Santiago non existe conservatório de titularidade pública. O que hai é privado. Moitas filiais de conservatórios están a piques de desaparecer ou infradotadas.

E ao mesmo tempo hai que dicer que hai profesores de música titulados que están no paro.

Todo isto, por suposto, referido á música mal chamada culta, clásica, ou como se queira decir. Do resto das músicas, en matéria educativa e en canto ao trato que reciben das institucións públicas, mellor deixalo para outro momento. Iso, por desgrácia, é moito pior e xa é outro cantar.

A Comisión de afectados pola falta de prazas para ingresar no Conservatório, criada espontaneamente entre descoñecidos para tratar de solucionar este problema, leva realizando innumerábeis xestións diante das autoridades educativas e políticas, Concello, Consellería de Educación, prensa, rádio, TV. Quixera expresar un recoñecemento público á capacidade de Faustino Alvarez. Rosa e ás demáis persoas que compoñen a Comisión, tratando de recabar compromisos institucionais e dando a coñecer á opinión pública un problema que non afecta só aos posíbeis alumnos sen praza, senon ao futura da música no noso país.

Se non se fomenta a educación musical de base, o futuro musical continuará hipotecado e as orquestras futuras seguirán a estar integradas por músicos procedentes de países onde sí se investiu en educación musical. Os músicos procedentes de calquer país deben ter aquí as portas abertas sempre. A conciéncia histórica de Galiza debería servir para non fomentar nunca sentimentos de xenofóbia. Pero o futuro hai que diseñalo no presente, tendo en conta a experiéncia do pasado. E as experiéncias falan de países con educación musical e outros onde non a hai. Ou é deficitária. Esa é a diferéncia.

Como resultado das xestións levadas a cabo pola Comisión de afectados, entre as que se incluen recollida de asinaturas e concentracións diante do Palácio de Xustiza, na rúa do Principe —os Venres ás oito da tarde—, presentación dunha Moción que foi aprobada por toda a Corporación no pleno do Concello de Vigo o 26 de Outubro, a Consellería concedeu dous profesores para este curso. Un de violín, e outro de viola. O Concello acordou, pola sua parte, comprometerse na criación dun novo conservatório de grao elemental para o vindeiro curso 96-97.

Pero o problema continua para a maioría dos posíbeis alumnos de piano, guitarra, clarinete, saxo, percusión, flauta, trompeta, etc. Mesmo en gaita galega, o instrumento musical máis emblemático de Galiza, non hai oferta de prazas escolares.

Desde esta páxina é necesário reclamar da opinión pública unha toma de conciéncia con respeito ao problema e solicitamos o apoio ás nosas razóns.

A educación musical non é un luxo. E unha necesidade real. Non se comprendería hoxe unha formación integral sen ter estudiado desde pequenos matérias como literatura ou matemáticas. Algúns pensamos que a música é a gran "cenicenta" dos programas educativos, a gran "maria" da LOXSE no ensino primário. E por iso tentamosIle dar aos nosos fillos un ensino musical de calidade.

Por iso pensamos, con Pondal, que *só os iñorantes non nos entenden. Non*. Eu agardo que o leitor non participe "xenéticamente" desta última característica. Todos somos iñorantes en algún tema ate que deixamos de selo, porque coñecimos algo máis que antes non sabiamos.

Estariamos moi agradecidos de que o leitor se sumase á nosa campaña, na que estamos involucrados alumnos, pais, simpatizantes e mesmo a dirección do Conservatório. ¡Ensino musical, xa!♦

PABLO MORAN
(VIGO)

TODO FLUE, NADA REMANECE

NANINA SANTOS

Deciao o vello sábio grego e a vida vaille dando a razón.

Esta vil ferramenta que é "o mercado" pode surprender á xente máis reácia a considerar as suas virtudes. As sondaxes de audiéncia televisiva en USA viñeron por ao descuberto que no tramo horário de 8 a 11 da noite son máis as Elas (43,5%) que os Eles (40,5%) e tamén que as mulleres invisten semanalmente 32 horas con 33 minutos diante da pantalla polas 28 h.11 dos varóns.

Asi as cousas os programadores decidiron que haberian de dirixirse primordialmente a audiéncia maioritaria, e dicer ás mulleres de xeito que os sempiternos advogados, vaqueiros, médicos, espias, soldados, polis, van desaparecendo das pantallas en favor de mulleres que loitan por se abrir camino socialmente (Murphhy Brown, Doctora Quinn, Caroline na cidade, Irmáns, etc).

Ademáis, outro estudo da Universidade de Os Anxeles Califórnia concluiu que esta primacia de series de mulleres fixo descer os contidos violentos. Seique so en 10 das 121 séries emitidas o ano pasado en cadeas xeneralistas de EEUU abundaban as cenas de violéncia.

Namentras, seica unha parte non pequena de audiéncia masculina ve as televisións por cable onde abondan os espácios deportivos e informativos.♦

SUSO SANMARTIN

Non usedes ao M.E.U.

A Coordenadora do Movimento Estudantil Universitário, MEU[1], quere manifestar o seu desacordo coa carta publicada en A Nosa Terra (ANT) o 16 de Novembro de 1995, asinada por Raimundo Viejo Viñas (RVV) (membro do Consello Nacional de Esquerda Unida), debido a que mostra un carácter tendencioso cando vincula o proxecto de MEU coa prática política de EU.

Queremos deixar claro definitivamente que MEU non ten nen-

gun tipo de vinculación orgánica partidária nen con EU, nen con nengun outro partido. Isto non quere dicer que o MEU careza de referentes ideolóxicos e políticos que, no noso caso, se situan nas coordenadas da esquerda e do nacionalismo. Respeitamos moito ás organizacións políticas, que teñen toda a lexitimidade para traballar no seu ámbito, mas o noso eido de actuación é outro diferente que non ten por que estar confrontado con aquel: o social, e máis estritamente o universitário.

En MEU negámosnos a ser usados por un partido político

MEU é unha organización soberana que non está disposta a ser correa de transmisión de ninguén e, por iso mesmo, non ten unha visión tan nesgada do panorama universitário actual. A visión de Raimundo Viejo probavelmente procede de confundir os anccios políticos desta persoa coa realidade universitária e política. A nosa concepción dos movimentos sociais difire moito da que destila a mencionada carta, que expón unha correlación directa entre os partidos políticos e as asociacións universitárias.

Tamén é de salientar a confianza que RVV pon en que MEU sexa "...a organización... que nos vindeiros anos fornecerá...", forneceremos, iso si, *O grande movimento que a Universidade Galega precisa*, máis nunca o proxecto político que RVV intenta facer ver na carta mencionada. Polo mesmo motivo polo que en MEU nos negamos a seren utilizados e utilizadas por un partido político, tampouco permitimos que se nos utilice como arma arreboladiza contra outras organizacións políticas ás que temos moito respeto.

Outra ideia que lanzaba RVV e que non podemos deixar de criticar é o paralelismo que traza entre a traxectória de EU e o movimento que cristalizou o ano pasado MEU na universidade, sobre todo polo apoio sistemático de CCOO e EU ao reitorado de Dario Vilanueva, que pola sua política antisocial e represiva no representa o modelo que MEU defende na universidade.

Finalmente, queremos aproveitar a ocasión que nos brinda ANT para solicitar deste xornal un trato informativo cando menos equitativo co dispensado aos actuais usurpadores das siglas CAF, que coinciden na intención co autor da carta que hoxe criticamos.♦

ANTONIO IGLÉSIAS
ÓSCAR MARTINEZ E LOIS GARCIA
E OS REPRESENTANTES DE CADA FACULDADE NO CAMPUS DE SANTIAGO

(1) A Coordenadora do MEU é o órgano máximo da organización entre asembleas.

Fillos

Son da nacionalidade que o idioma indica, e a verdade ate que tiven fillos pensaba que ser galego, era "ser". Si, dalgun xeito a necesidade de reafirmarnos naquel que nalgun momento, pasou por un trance dubidoso, (como dubidosas poden ser todas as cousas das que dubidan a metade dos cidadans); isto fainos polidimensionar aquelo que pensamos que posuimos.

Comencemos a deixar de desvalorizar á xuventude que nos, e únicamente, nos, fixemos

Todas estas vaidosas valoracións, fixéronme pensar que ata podería educar convincentemente aos meus fillos *mal pocado*. (Bendita aquela expresión dunha centenária, tia miña). Primeiro teríanme que reeducar a min. Incluo a todos os pais do mundo, pero neste intre fago unha especial chamada aos galegos, para que comencemos, xa, a deixar de desvalorizar á xuventude que nos, e únicamente, nos, fixemos. Cómo pensa un pai que se sinte un fillo ao que se lle pide constantemente que faga o que él non puido, moral nen físicamente facer? Qué sentirá ese rapaz cando ve que non pode facer outra cousa que decepcionar a seu pai, e este precisamente, non vai mirar de ocultar a sua decepción? Metámonos na cabeza que non é o mesmo obción que obrigación. Por favor non lle recordemos ao fillo de quen depende economicamente, deixemos de chantaxealos aproveitando este motivo. Isto pódelle facer perder a confianza nos pais e a sua própria ilusión ou facer que salla neles un sentido de culpabilidade que ten tanto de aberrante e triste que a calquer ser humano pode destrozar. Sexamos desprendidos con estes que todo o que fixeron marcamosllelo nos, non tomemos as suas rebeldias ou diferentes maneiras de ver a vida, coma un xeito de desobediéncia. Non é asi. E unha forma de ver a vida diferente a nos.

Eles teñen que mover a nosa filosofia, que como queira que sexa casi sempre é copiada. Viva a xuventude, que é a única que fai que a ditadura patriarcal se mova. Fagamos un desprendemento xeneroso para eles, e valoremos ese salto que sempre diron as novas xeneracións. Se o teu fillo pensa coma ti, non pensa moito. Unha aperta xuventude. Que ninguén vos quite a idea de buscar algo mellor; que ese mellor sea sempre en beneficio dos que veñen.♦

O.M.S.
(O BARQUEIRO)

Galego quer dizer celta

No numero 695 d´ANT, na carta 'De novo o celtismo', vexo com estupor como algem que se chama galego, e emriba para misturar as cousas dise nacionalista, permétese de negar sem mais nim mais a historia da Galiza e do feito insultar aos galegos. A cousa e que nom da ningum feito, como fam os historiadors espanhois e espanholeiros ao servizo da idea de imperio e raza iberica, nom da mais que des sujetivismos; o mito celta na Galiza; ser celta leva ao racismo; os espanhois som mais celtas, ... O que ai que escoitar. Eu me pregunto como un jornal tam serio e bem reconhocido como ANT nom lhe devolveu a sua carta moi amablemente pidindolhe de ler a historia da Galiza, nom a ofial do estado espagnol mais a nossa a que esta escrita na nossa memoria, na nossa toponomia, na nossa lingua, nas nossas tradiçoms, na nossa cultura e nos olhos das nossas rapacinhas. Pertenecer a umha familia nom e racista, como tampouco e ser racista ser branco ou prieto. Os celtas de Europa ainda abalados no tempo e na geografia tenhem moito mais em comum com os galegos, que os galegos cos iberos ainda que sexam vecinhos. A gram familia dos celtas de Europa se atopa nos Finisterres da Europa, ja que forom os primeiros dos indoeuropeos a chegar e isto nom e coincidença que as novas invasioms os puxeram a oeste da Europa. Os iberos da peninsua nom som indoeuropeos mais ficavam nela cando os celtas chegarom, forom botados da Galiza como os galos os botaronos para o sul do Pirineos. Ainda hoje se atopam nas fronteiras da Galiza povos celtiberos como em Portugal, Miranda do Douro, quem conserva moi certo umha tradiçom celta no folklore, ca gaita galega, misturada ca tradiçom ibera da danza dos paus, como no pais basco e em povos de castela e mesmo de Alicante. Dous povos, duas culturas, os curros de cabalos, a rapa das bestas dos celtas e os 'toros' (ista verba eis em galego) dos iberos. Reconhocer a suas arnelas e propio para o futuro.

O autor dista carta permitese impunemente de dir o que lhe covem a as suas ideas sem ningum respeto pola nossa historia e nom merece que lhe respostem, mais cando eu decidim de escreber isto nom pensei mais que na desinformaçom que esta a facer no mesmo momento u e propio de conhocer, dispois de catrocentos anos, cales som as nosas arnelas. Nista carta o autor nom aporta nimgum feito mais os nega com un sujestivismo que nom e do noso tempo. El mesmo tratose, na sua carta, de 'hespañolista' mais eu nom crio que o nome lhe covem. Malia e certo que il lhe ganha ao mesma dereita e el decrárase avergoñado do seu pasado marxista". Conclusión: segundo os xornais, as **dereitas** sempre gañan.

Lido noutro periódico: "Ao votar a Kwasniewski, os polacos elexiron un estilo máis democrático de exercer o poder". (Perplexidade no leitor). Pero o que trouxera a **democrácia** non fora Walesa, en tanto que Kwasniewski estivera ao cargo de dous ministérios baixo a ditadura comunista?

A frase que pasou de moda: "A esquerda é algo do **pasado**. Xa ves o que pasou no Leste".

O BNG debate. Máis preséncia das mulleres ou condicións cara a participación nacionalista nun próximo governo. Cal é o debate **prioritário**? Pero que mellor garantia para governar que oferecer un modelo social diferente e que mellor respaldo que o da maioria da povoación que hoxe apenas participa nas esferas de decisión, coma por exemplo: as mulleres.

Nieves Herrero interroga a Francis Franco: "Leo un libro de COU: *coa morte de Franco remataron coarenta anos de ditadura.* Algo que engadir?" Resposta: "Si. *E comezou a transición que el **diseñara***".

Dublin . Unha viaxe na noite
MARTIN CODAX,11 VIGO - TELÉFONO 22 07 50

A ALDEA GLOBAL

Os presentadores de televisión incorporan a moda norteamericana de falar de lado. Nada extraño. O raro é que nesta era das comunicacións tarden tanto en imitar un estilo que nos Estados Unidos leva trinta anos poñéndose en pratica. Ou sexa, que se cópia e, inda por riba, **tarde**.

Anúncio radiofónico de Caixa Pontevedra: "*—De donde vienes? —De Caja Pontevedra*". Continua o diálogo e intervén de novo a segunda personaxe: "*—Y a donde te vas ahora? —A Caja Pontevedra. —Carai, no se te puede decir nada*". Outro anúncio: "*Ha, ha! Ria, ria... ria con Rianseira*". Non son cuñas do ano **cincuenta**, senón desta semana.

O 2% do mercado alemán de granito xa é das canteiras galegas. O 3% é das portuguesas. O 95% pertence ás italianas. Claro que o *Rosa* ***Porino*** leva o 40% das vendas italianas na Alemaña, pero como *Granito de Carrara*.♦

♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦

QUEIXAS

Xan X. Piñeiro

Hai tempo que decidin ser optimista só respeito do pasado. E unha posición que conxura as zafanadas antes de que estoupen na cara. E fai que un acabe queixándose do porvir bastante antes de que este mostre as suas gadoupas.

Até hai pouco, sen embargo, daba en queixarme coma un choromicas da barbárie cotiá dos titulares da prensa, o Sergas, a Axéncia Tributária, o xulgado ou a empresa de autobuses. Coma un cotovio, ia á OCU ou ao Valedor do Povo para descobrir que os tales valedores xa daban a paga por xustificada moito antes de que eu puxese pé por ali. Logo, e facendo un grande esforzo, os receptores de tanta queixa acababan vendéndome unha tirita para tapar puñaladas no meio do peito.

Á tal OCU xa hai tempo que deixei de queixarme. As últimas queixas foron da própria OCU, naturalmente. Ao Valedor do Povo téñolle preparada unha queixa coma un mundo sobre o comportamento do próprio Valedor e o seu fato de estatísticos. Seguramente vai ser a última. Coido que, de agora en diante, só cabe queixarse do porvir, por ver se asi un lle rabuña un anaco de indulxéncia.

Posto a ser pedichón, teño de certo que só me vai quedando o de sacar número para papá Noel. Este ano debo ser dos primeiros. É unha auténtica pena que un só sexa optimista respeito do pasado.♦

A Aldea Global

está aberta ás vosas colaboracións, débense incluir o nome e apelidos. Os textos **non deben exceder as 45 liñas**.

Envios a:
A ALDEA GLOBAL
A NOSA TERRA
Apart. 1.371 36200 Vigo
ou através do Fax:
(986) 22 31 01

mais espanholeiro para criar o balbor e desinformar os galegos. Mais nom e so, fai pouco leim niste jornal a umha 'gaditana' que tamem se permitia insultar e negar os orixems dos galegos falando de 'celtada', como si eu ou um galego calquera nos pusexemos a denegar a influencia capital da cultura arabe na Hespanha e especialmente no sul e tamem o moito do sange berber que especifica bem a ista cultura. Hoje ningum galego pode ficar neutro diante distos atropelhos, diste tipo de difamaçom, a desinformaçom ai que denonciala. Hoje o galego tem que espertar, basta ja, ninguem quer catrocentos anos mais.

Si bem e certo que os historiadors de 'una, grande y ...' modificabam a historia, como os nazis, para que fique nos seus desinios, e Galiza nom podia estar feita com um povo desasemelhante do povo da peninsula iberica. E malia da evidencia arqueologica nom quixerom aproveitar o nome de celtas, ja que facia dos galegos um povo com arnelas em europa desesamelhante da raza espanhola, preferindo inventar o de *cultura castrexa* para negar aos castros galegos e aos galegos o calificativo de celtas. Mais hoje, e para nos os galegos, de sempre, se sabe moi bem pola historia, a arqueologia e a tradiçom que nossos devanceiros forom bem os celtas. O nome *galego* e o nome que os latinos lhe dabam a os que os antergos grecos lhe chamaban *celtas*. Como o deus greco *Zeus* e o mesmo que o deus *Jupiter* dos romanos, o nome *galego*, e o mesmo, quer dizer *celta*.

Mais eu crio que e propio para os letores de ANT, ainda que axinha, apresentar algums feitos que testemunham da nossa herdade celta. Tuda nossa toponomia esta chea de nomes com verbas celtas. Si bem e certo que as linguas celtas de fai dous mil anos nom eisistem hoje, as verbas de nossos devanceiros se atopam espalhadas pela tuda Galiza. O autor da carta a que eu fago alusiom nom e sem conhocer que a sua cidade era umha cidade celta co nome de Brigantium, ainda hoje leva um nome celta Cor-unha. Ja que como tantas puntas da toponomia galega, Corcubiom, Cor-ubedo,... e umha descriçom perfeta em lingua de nossos devanceiros celtas dum cacho da natura. No caso da Corunha pode bem ser o de punta arredonda, si se tem conta da semelhanza do nome co de Corono, ala na ria de Arousa, que tem como no caso da Corunha uhma comuniom coa natura moi fonda, e seus deuses dali vinham, istes forom traduidos ca chegada do cristianismo, pedras, rios, montes, fogueiras,... sempre ai algum santo do ceo... A mais tipica foi o solstizo do veram para celebrar o deus sol, ainda que, tamem e certo, nom era aparta-da dos celtas, outros povos a tinham, era a mais propia e que veu a ser a festa de sam Xoan. Ainda temos umha cidade Lugo que leva, sem sabelo ja que os historiadores da raza iberica fixerom o que lhes facia falta, um nome dum deus propio celta, o deus Lug que fegura a gralha.

A celtidade é para os povos celtas o que a galeguidade é para os galegos, o meio de atopar a cultura comum

A comuniom coa natura e o culto aos mortos som umhas das caraterísticas que se espelham na cultura de hoje e que venhem de fai moito tempo. A historia da Galiza nom comenzou na idade meia. A historia de Galiza comenzou cos celtas dos que ainda se conserva a mais viva de tudas as tradiçoms celtas de tudos os paises celtas sem que o povo galego o saxa. As anemas dos mortos e o dinheiro que ganam os cregos polas misas dos difuntos e os floristas pelas flores dos cimenteiros chegam para probalo. A procesion dos mortos na Poba do Caraminhal, ou en Santa Marta de Ribarteme nas Neves e em outos pontos da Galiza venhem do tempo dos celtas. Ista e tradiçom que vem de mais ala que a idade meia e ainda mais velha que o cristianismo. Eu que vivim em paises celtas podo asegurar que a tradiçom celta mais viva atopase na Galiza e o mais aviscado e que o povo galego nom o sabe, aviscado nom e ja que catrocentos anos nom ficam para algumha cousa. No seculo da democracia e das libertades dos individuos e dos povos nom se pode escurecer a verdadeira historia do povo galego.

Nom temos mais que olhar tantos vestigios que ficam do tempo dos celtas, os castros espalhados por tuda Galiza, ainda cidades celtas enteirinhas como no monte Tecla, nos montes de Cervantes, nos Ancares... tudas as citanias nas rias baixas e mamoas do Barbanza, que se atopam tamem en tuda Galiza. Quando dispois da derradeira guerra umha espediçom de irlandeses veu ao Barbanza, iles sabiam bem o que vinhan catar, labregos que os virom tamem fixerom fortunas, nomes podense dar, cos torques celtas de ouro que ali atopabam. Hoje ainda ai coleçom como a de Blanco Ciceron em Compostela ou no museo de Ponte-Vedra com torques celtas atopados na Galiza, um dos mais propios sendo o de Ricadieira, em Mondonhedo, com mais de 1400 gramos de ouro. As espadas, ous escudos, as estatuas de pedra dos guerreiros celtas do tempo dos romanos cos seus vestidos... as ceramicas co trisquel ou a esvstica celta que servia a representar o deus sol... ai moita evidença junta para podela facer desparecer... e ainda que o fagam ficaram os galegos para lembrala e testemunhar do nosso origen celta...

Cando se conhecem os paises celtas da Europa o mais sorprendente e como ista gente, separada no tempo e no espacio, dispois de tantos anos, como o seu viver e a façom de atopar as soluçom aos problemas e a mesma. Doulhhe um caso, o das encrucilhadas, os cruceiros galegos os 'calvaires' bretons. A celtidade e para os povos celtas o que a galeguidade e para os galegos o meio de atopar a irmandade, a cultura comum, a nossa façom de viver. Ainda os povos celtas som tudos povos do atlantico que so o mar celta os separa. Nossas arnelas se atopam de cara ao atlantico.

As linguas galega e espanhola tenhem foneticas moi desasemelhantes que espelham os respetivos orixems. Moito se pode falar disto, como caso as labiales que se conservam em galego e nom nas linguas a sustrato iberico: farinha (galego), (h) arina (espanhol), irin (basco). Os soidos como o galego da 'x' nom eisistem em espagnhol e em xeral nom o poden dizer. A nom desasemelhanza nas linguas a sustrato iberico dos soidos das letras 'v' e 'b' como pode ser o galego 'avo' e o espagnhol 'abuelo', a despariçom da derradeira consonante intervocalica nom se atopa en galego, mais e moi frecuente no sul da hespanha e no basco, como tamem no portugues de hoje, a influença dos iberos no sul de Portugal.

Os testemunhos da lingua galega, da toponomia da Galiza, dos historiadors antergos que falam dos povos celtas da Galiza, da arqueologia cientifica moderna, da mesma etnologia, as tradiçom da Galiza e costumes, a fascinaçom do povo galego co que fica mais ala, a imbricaçom de nossos crianzas na naturaleza, o conhecemento que hoje temos dos outros povos celtas, dos castros celtas, dos tesouros quem Galiza se atopam de ojetos celtas, dos anagramas e simbols celtas comuns, do flokore tradicional, da musica que e nossa, ... da nossa memoria no tempo, e do nome de galegos que levamos, nos dim que nos como nossos devanceiros somos celtas.♦

Fuco Soer
New Brunswick (Canada)

SabeBen
RESTAURANTE

Cociña caseira galego-portuguesa

Onde vostede pode petiscar uns deliciosos bolos de bacallau, empanadas variadas ou disfrutar de outros pratos máis fortes coma o arroz de marisco, bacallau á portuguesa, carne ao caldeiro... e rematar coas nosas sobremesas.

García Lorca 8 A Florida (As Travesas) Telf. 23 48 26 VIGO
Horario: 11,30 - 15,30 / 19,30 - 00,00 horas
Descanso: Domingos pola tarde e Luns todo o día.

A primeira vez que a capitalidade cultural se comparte en várias cidades faise na Unión Europea ao grande. Nada menos que nove son as urbes nominadas para o ano 2000 nunha decisión na que non houbo excluidos. Compostela que puxara forte por conseguir a designación entra asi nun circuito de máis de 200.000 quilómetros no que non se sabe cal será o fin, nen o inicio.

O Alcalde de Santiago, Xerardo Estévez, entre Mª Xesus Sáinz (PP) e o Conselleiro Vítor M. Vázquez Portomeñe. XOAN SOLER

Un noveno de capital cultural europea

O Estado noméa á "representante española" pero só lle concede 64 millóns, o resto virá do "autofinanciamento"

■ C.V.

O Luns dia 20 a expectación crecia por minutos no concello de Santiago. A designación da capitalidade cultural europea retrasábase máis do previsto e ninguén puña xa a man no lume sobre o resultado. Os máis de dous meses de visitas e encontros oficiais da delegación compostelana en diversos destinos europeos supuñan un esforzo non superado por ningunha das capitais candidatas. Compostela xogaba máis que todas elas e por iso no Pazo de Raxoi a solución se volvia máis angustiosa.

Era xa a tarde do longo dia cando as campás da catedral comezaron a repinicar como estaba previsto se a cidade era designada. Pero a noticia non viña soa, Compostela ia compartir a nominación con Avignon (Francia), Bergen (Noruega), Bolónia (Italia), Bruxelas (Bélxica), Cracóvia (Polónia), Helsinki (Finlándia), Praha (República Checa) e Reykiavik (Islándia). Absolutamente todas as candidatas apresentadas.

A expectación criada arredor da designación desde o governo municipal, nomeadamente da man do seu rexedor Xerardo Estévez, quen en todo momento se felicitou pola colaboración institucional na campaña, viase desbordada polos resultados. Ninguen sabia no momento as consecuéncias da resolución europea pero pronto chegaron as noticias remitidas pola Ministra de Cultura Carmen Alborch de que os presupostos destinados á comemoración non se ian incrementar —os xa case testemuñais 64 millóns— e que a celebración requeriria un completo "autofinanciamento" por parte dos paises correspondentes.

O que ia ser unha grande festa foise entoldando polo momento a pesares das mostras de satisfacción que tentaban amosar os promotores. Xerardo Estévez viuse na obriga de recalcar que triunfara "a proposta elaborada polo concello e a Xunta de constituir unha rede de cidades no ano 2000" e de intentar destacar o papel que nese destino teria que ter a cidade como "locomotora do proceso" en todo o circuito europeo.

Tanto o alcalde como o conselleiro de cultura tiraron ferro ao tema do financiamento do programa que Compostela apresentou para o 2000. Vázquez Portomeñe falou de que se trata "dun proxecto de Estado, Santiago de Compostela representa a España e sexa quen sexa quen governe entón terá que apoiar a celebración". Tamén para Estévez o problema do financiamento non ia contar a brilantez do evento e para iso falou dun "proxecto sólido e ben trabado que consiga a unidade de esforzos sobre el".

Máis alá de Maastrich

A concelleira nacionalista Encarna Otero destacou o feito de que a designación recoñecese a cidades de paises que ainda non integran a UE. Para a voceira do BNG o circuito "mostrará a variedade e diversidade nacional europea que con esto rompe o conceito de Maastrich para amostrar a esperanza de que se empece a construir unha Europa dos povos".

Á vez que tanto Portomeñe como Estévez falaban da universalidade de Compostela, Encarna Otero esforzouse en reclamar a preséncia "da cultura galega no proxecto xa que esta cidade é a capital de Galiza". Ademais Encarna Otero sinalou que o seu grupo vai defender desde o concello a participación das asociacións culturais de base e o establecemento de infraestructuras e proxectos que revertan a longo prazo na vida cultural da cidade.

O deslucimento da celebración do Luns botou abaixo moitas das expectativas tecidas sobre o ano 2000, como Portomeñe recorda xusto despois dun novo Ano Santo. As dúbidas sobre a difuminación da comemoración, —xa de por si nunca demasiado relevante— cairon sobre unha cidade que leva longo tempo escoitando a importáncia de ser designada pola UE para a capitalidade cultural. Xusto despois de que a escasez de investimentos das tres administracións botarán abaixo o proxecto xa ultimado da Orquestra de Galiza, as dúbidas sobre a posibilidade de manter o complexo e costoso programa xurden con forza. Da Unión Europea non vai vir nada, o autofinanciamento das tres administracións xa deu ao tacho en máis dunha ocasión, o turismo repartirase entre nove cidades... Máis de un está xa a preguntarse de que vale ser capital cultural de Europa no ano 2000. ♦

NINGUÉN MENCIONA QUE É A CAPITAL DE GALIZA

CARME VIDAL

O lema co que se apresentou o programa Compostela 2000 para a capitalidade europea da cultura reza *No corazón do mundo*. A programación que tentaba fuxir do etnocentrismo buscaba eixes asociados "inexcusábelmente cos valores da espiritualidade e o coñecemento, peregrinación e universidade". A cidade, apresentada como candidata española, dá conta no proxecto de duas áreas de actuación ben definidas. Quérese destacar a preséncia de Compostela como ponto final de peregrinación e neste sentido entróncase tamén directamente co marco europeo de comunicación via *Camiño de Santiago*. Xa entre os primeiros proxectos do programa cultural proposto aparecen títulos: "A festa de Europa", "As epopeias sagradas", "A poesia do sentimento místico", "O camiño de Santiago: a época de Xelmirez", "A restitución do Camiño de Estrelas" ou os "Encontros Europeos no Camiño de Santiago".

O europeismo da cidade, defendido polos promotores do evento, esvae a sua consideración de capital de Galiza e resta protagonismo á cultura galega á hora de configurar o preprograma co que defendeu a candidatura. O poeta portugués Nuno Júdice un dos activos participantes no programa de *Lisboa Capital Cultural* e organizador do Encontro de Poetas, destacou na sua visita a Compostela que na capital de Portugal quedara a renovación da zona vella e a posibilidade de que os próprios lisboetas coñecesen dunha forma distinta a sua cidade con novos espazos articulados en torno á cultura. Se ese foi o destino de Lisboa cando era a única designada, tal vez a Santiago tamén lle quede o significado papel de pensar en si mesma á hora de afrontar o reto cultural do ano 2000. ♦

As novas tecnoloxias unen a mestres e alunos na aprendizaxe

A AS-PG celebrou o Encontro Estatal do Audiovisual no ensino

■ A. ESTÉVEZ

Verian os cativos de xeito diferente a televisión se se lle ensinara a facelo? E, se en troques de ser espectadores pasivos, puideran ter a sua própria televisión? Reuníronse en Pontevedra un grupo de profesores para estudiar as posibilidades das tecnoloxias no ensino. As xornadas multimedia da AS-PG trouxeron mostras do que se está a facer en todo o Estado en canto a vídeo educativo. Unha das conclusión foi o atraso da Galiza neste terreo en relación a outras comunidades autónomas.

Algun dos asistentes a estas xornadas, que duraron catro dias, 15,16,17 e 18, abraiáronse dos meios tecnolóxicos cos que contan os docentes doutras comunidades. Foi a primeira vez que os responsábeis de coordenación de médios audiovisuais de entidades de todo o Estado puñan en comun as suas experiéncias. Representantes de Valéncia, Canárias, Andalucia, Galiza e do território MEC (sobre o que ten competéncia o Ministério de Educación) expuxeron as últimas producciónss videográficas e multimedia para o ensino. Non puideron acudir os responsábeis destes programas da Generalitat de Cataluña, xa que, ao atoparse en periodo electoral, non recibiron o permiso para vir a Pontevedra. Os asistentes perderon a oportunidade de observar o traballo dos representantes catalanes que, segundo as alusións feitas polos outros coordenadores, é dos de mellor calidade.

As xornadas dividianse en dous apartados: a criación audiovisual e multimédia, ensinando aos profesores á elaboración videográfica e por ordenador, e no intercámbio de experiéncias. Hai que reseñar que a maioria dos asistentes descoñecian o que se estaba a facer neste terreo no resto do Estado. Un dos participantes no encontro foi Xosé Búa, coordinador da Area de Novos Medios da Conselléria de Educación e alguns dos asistentes queixáronse da auséncia da información da Xunta en relación aos catálogos disponibeis de criación videográfica. Tanto o representante de Canárias como a do MEC deixaron claro que existian convénios asinados coa Xunta para intercámbio de proxectos.

Disparidade de experiéncias

Cesar Yllera, responsábel do Programa de Audiovisuais da Consellaria de Educación de Canarias amosou vários vídeos entre os que se atopaba unha experiéncia protagonizada polos alunos dun coléxio de Fuerteventura. Tiñan a sua própria televisión en circuito pechado e comezaban a mañá lectiva cun programa feito por eles mesmos e visionado en todo o centro. "Hai que ensinar aos nenos a fala, a ter capacidade de expresarse oralmente. A escola céntrase moito na escrita", indicou. Tamén amosou como o vídeo podia conxugarse co ensino da história e da tradición de cada lugar.

A xefa do Servizo de Médios Audiovisuais do Programa de Novas Tecnoloxias da Información e da Comunicación do MEC, Carmen Candioti Lopez-Pujato amosou os programas cos que contaba o ministério. Uns tres mil centros, aproximadamente a metade dos que hai no seu território, están acollidos ao programa Mercúrio. "Isto significa que contan cunha dotación audiovisual, cinco ordenadores, un magnetoscópio, unha cámara de vídeo e, ademais, fórmase ao responsábel do centro nese área con cento vinte horas", indicou.

Eduardo Alvárez, coordenador de meios audiovisuais da AS-PG, sinalou que o dato dos tres mil centros neste programa do MEC era moi significativo. "Na Galiza estamos na contradicción de viver na era da Internet e coa auséncia de teléfonos nos centros rurais. Non hai vontade de introducir os medios audiovisuais nas escolas e iso que Manuel Fraga xa o contemplaba no Libro Blanco das Telecomunicacións que apresentou hai un ano. Non só é cuestión de médios senón de formación, xa que non hai profesores enmarcados nese área, contemplada no ensino. Os únicos ordenadores que hai nas escolas utilízanse na parte administrativa", comenta.

Para o responsábel de audiovisual da AS-PG, entidade cun importante catálogo de vídeos educativos, opina que a utilización do audiovisual na aprendizaxe ten razón de ser pola cantidade de información que os nenos reciben por esta canle. Ademais, é un xeito de aprender a ser crítico co médio e a coñecelo desde dentro, "A producción própria é fundamental pero todos os proxectos enriquécense intercambiando experiéncias con profesionais doutras comunidades. Tamén se ven as diferéncias; na Galiza, houbo docentes que quixeron introducir a matéria de Imaxe antes que se fixera a reforma educativa e non lles foi permitido", indica Eduardo Alvárez. ♦

Axenda Alternativa Galega 96
papelária

Axenda Alternativa Galega 96

Apónta-te á Axenda-Guía de ***papelária.*** Unha morea de información sectorial ao teu servizo. Colectivos, entidades, teléfonos, enderezos e voceiros dos seguintes sectores:
Asociacións Culturais - Cooperación Internacional - Ecoloxia - Feminismo - Galego - Insubmisión e Obxección de Conciéncia - Mocidade - Movemento Anti-sida - Movemento Veciñal - Obxección Fiscal - Sindicalismo - Solidariedade e Antirepresión
E ademais:
Días a Lembrar - Encontros Culturais - Festas Tradicionais - Feiras de Artesania e Feiras do Libro

FEITA EN PAPEL RECICLADO - ENCADERNACIÓN ARTESANAL - FORMATO 25x19 cm. - MAIS DE 200 PÁXINAS

Manda os teus pedimentos a: ***papelária***, Coruxo - Carrasqueira, 133 - 36330 Vigo
ou por teléfono - fax: (986) 46 07 63

NOME _____ APELIDOS _____
ENDEREZO _____ C.P. _____
TLF. _____ POVOACIÓN _____ N.I.F. _____
Solicita lle sexan enviados.....exemplar/es da Axenda Alternativa Galega 96, polo importe de 1.700 ptas cada exemplar, incluido xa o 15% de desconto. *(Ofertas especiais para pedimentos colectivos).*
FORMA DE PAGO
❑ Ingreso do importe na conta de Caixa Galicia 2091 0550 82 3040002831, adxuntando con este Boletín, copia do resgardo de ingreso.
❑ Envio de talón a nome de papelária.
❑ Contrareembolso (gasto adicional de 300 ptas). Sinatura

E DE AGASALLO: ALMANAQUE 96

UNHA FERRAMENTA PARA A GALIZA DIÁRIA

7 DIAS

■ Apoio dos concellos no cámbio dos topónimos provinciais

A Mesa pola Normalización Lingüística solicitou aos concellos das províncias de Ourense e A Coruña que apoien a galeguizacion da toponímia das mesmas. Despois de que o Parlamento aprobara por unanimidade a proposición de lei referida a este cámbio, *A Mesa* cre que é importante que os concellos se impliquen e que fagan forza nesa reivindicación. A lei debe ser aprobada polas Cortes Xerais. Por esta razón, *A Mesa* enviou aos alcaldes unha carta na que lles solicita que trasladen ao grupo municipal esta iniciativa e envien a resolución ao Congreso.

O Parlamento abordou o cámbio de denominación das duas províncias o dia 7 de novembro, debido ao carácter histórico dos topónimos Ourense e A Coruña e á contradicción que existe coas capitais de província, cuxo único nome oficial é o que contempla a Lei de Normalización Lingüística. *A Mesa* opina que é importante que toda a xente participe do cámbio, polo que suxire aos alcaldes que informen aos viciños da proposta. ♦

■ Homenaxe a Elpidio Villaverde

O que fora o último alcalde democrático de Vilagarcia de Arousa antes do golpe militar de Franco, Elpidio Villaverde Rei, foi homenaxeado durante toda a semana na sua vila. Ao cumprirse trinta e tres anos da sua morte no exílio de Arxentina, a CIG organizou vários actos de conmemoración. O Domingo 26 ten lugar o acto central no porto de Vilagarcia coa inauguración da via de enlace "Elpidio Villaverde Rei". Tamén o Balneário de Paco Feixó, na mesma vila, unirase á homenaxe, inaugurando unha sá co nome do que fora membro do Consello de Galiza xunto a Castelao, Picallo e Alonso Rios. ♦

MICHEL BOUCHOT

■ A arquitectura, fotografiada na Mostra de Lugo

A V Mostra Fotográfica de Lugo, que se desenvolveu desde o 10 até o 24 de Novembro, tivo como eixo, nesta ocasión, a imaxe arquitectónica. A Mostra, organizada polo Grupo Fonmiñá e coordenada por Eduardo Ochoa, contou coas obras de fotógrafos de vários paises, cuxos retratos recollen paixases urbanísticos e rurais. A V Mostra de Lugo contou cun ciclo de conferéncias na que participaron Fernando Gago, Luis Carré, Manuel Sendón, Xosé Reigosa e Xosé A. Franco Taboada, que deu unha charla sobre a foto como memória da arquitectura o Xoves 23. ♦

Teatro

Gil Vicente, mentres merenda o Conselleiro

Estrea de *Nau de Amores* polo CDG

Que interese pode ter para o espectador de 1995 esta galeiria de miñoranos de 1500 que perden o tempo na discusión de como mellor pasar o rio?

Se cadra, a pregunta non é banal porque hai case tres meses o CDG quixo levarnos ao melodrama de Posada Curros baixo pretextos de clasicismo e virtudes ocultas. Por sorte para nós, esta viaxe é diferente. Cándido Pazó volve a chamar as nubes da *Commedia dell´Arte* que tan rica sombra lle dera en *Un Xoguete para Goldoni*. Para o exercício de estilo de *Nau de Amores*, remexe, talla e remenda con man segura doce autos e farsas de Vicente, con ben de aportacións próprias.

Quince actores son o grande luxo desta representación que aforra pola contra en decorados e outros alimentos materiais. O traballo actoral ten que suplir con xogo e enxeño todo o que non se gasta en carpinteria, como en tempos da *Commedia*. Un viva polo teatro montado a pelo, que ten que engadar pola poténcia da ironia, a tensión do texto, os reviraganchos (*lazzi*), e caidas de cú e a rexouba cómplice. Certo que estamos a falar do teatro público, ben acubillado e pagado, mais comparativamente con moita menos cera que nas outras procesións do CDG, Pazó pasea moito mais teatro.

Deseños de Luís Seoane imspirados en diferentes "autos" de Gil Vicente.

Laura Ponte convence aos casadeiros, ao espectador e aos barqueiros do que mellor lles convén, traballo no que tira con experiéncia e seguridade a mellor parte. Outro tanto fai un X. Manuel Olveira Pico que prende os ánimos con a precisión e grácia coa que pisa a liña de división entre a fraxilidade e a paixón.

Se cadra todas estas grácias podian producirse sen Gil Vicente, que aqui é menos importantes que os recursos da *Commedia* e o traballo de dirección. En orde de importáncia deberia colocarse o labor de Cándido Pazó, que non por casualidade é un actor e autor que pisa os cenários desde os tempos en que Carrero Blanco pagaba o cupón do Opus Dei, disposto a nos librar do maligno. Velaqui un home convencido de que o galego é un tesouro no que pode estar a grande máquina da poesia continua e que está cargado ao mesmo tempo de homildade e respeito e temor polo teatro. De certo, outros coas mesmas táboas que Pazó non dan feito. A poesia non ten que ver co taylorismo nen co escalafón, pero recusa o finximento.

Teatro popular

As farsas vicentinas son a derradeiro teatro popular que precede a formalización burguesa do xénero. É, por exemplo, a ocasión final de ver como choutan entre bastidores os cregos saltarregueiros (non tanto a institución que representan) antes que a censura os obrigue a baixar do cenário. Pazó intuiu que, desde esta farsa de transición, podia establecerse un fio para reconstruir toda a forza da representación que encerran as actitudes do cotián, a comunicación polos xestos que serve de luz ao entendérmonos coa lingua. A risa que se anuncia desde o fondo desta representación é unha parte do segredo máis defendido da illa. Nel non deron entrado nen o teatro español da Contrarreforma nen toda a peste da comédia burguesa que acabou coronada polo membro de honra de *Fuerza Nueva* Alfonso Paso. De moi dentro deste exercício de *Commedia* ven un vento de rimos de nós mesmos que non paga impostos coloniais. Algo semellante procurara Blanco Amor desde as suas farsas para títeres e quen nos dera que crecese até dobrar as antenas parabólicas.

Cándido Pazó é un convencido de que o galego é un tesouro do que pode sair a grande máquina da poesia continua e cargado ao tempo de respeito polo teatro

Por fin, o resplandor de Escárnio e Maldizer de *Nau de Amores*, chega ao próprio Conselleiro de Cultura, persoeiro cómico na sua permanente intencion de formalidade burocrática. Preocupado polo futuro do *Eixo Atlántico*, o Conselleiro di que debemos sentirnos *mancomunados* cos tipos da farsa vicentina. Ben se comprende que o forte do encargado da cultura (é un maldizer) son as merendas e non a leitura. Ou poida que de verdade nos recomende o triángulo dos cornos (a parella como burla), o poder do diñeiro (viver sen traballar, a picaresca como ofício) e a policia moral (os cregos) con dobre moral.♦

G. LUCA DE TENA

Nau de Amores

Versión de doce textos de Gil Vicente, por Cándido Pazó

Con Luis Tosar, Santi Pintos, Laura Ponte Santasmarinas, Xosé Manuel Olveira Pico, Luis Castro Zaera, Lino Braxe, Vicente Montoto, Susana Dans, Andrés Pazos, Mela Casal, Maxo Barjas, Teresa Horro, Rebeca Montero, Xan Cejudo e Margarita Fernandez. Cenário, César Alonso; Música, Francisco Barreiro; Iluminación, Alfredo laforet; Maquillaxe, Ana Méndez; Estudo crítico, Rexina Vega, Producción, Francisco Oti.♦

conta de libros

Conflitos contemporáneos

Os conflitos derivados do imperialismo e da Grande Guerra ocupan os números catro e cinco dos *Cadernos de Historia*, que baixo o subtítulo de *Historia do mundo conemporáneo*, publica Edicións Xerais. Tanto **A expansión imperialista e o colonialismo** como **O impacto da Grande Guerra** están elaboradas polo Grupo Gándara.♦

A autonomia palestina

Outro conflito, non tan alleo ás cuestións anteriormente citadas, é abordado no último libro publicado pola editorial basca Txalaparta. **Gaza e Xericó. Pax americana** é unha obra de Edward W. Said que analisa a primeira fase da autonomia palestina en Gaza e Xericó e as perspectivas futuras, traballando como hipótese de que se trata dunha iniciativa norteamericana imposta despois da guerra contra o Iraq, no momento de maior crise conemporánea do mundo árabe e de máxima debilidade palestina.♦

Nordés e Isidro Conde

Edicións do Castro publica un número dobre da revista **Nordés**, subtiulada **Homenaxe a Isidro Conde**. Esta edición —que aproveita o XX aniversário— fai lembranza (e recolle poemas) dos autores Eusébio Lorenzo, X. Ramón Villar Chao, Gurra da Cal, Rafael Dieste, Otero Pedrayo e Gerardo Diego; e de Manuel Maria e Bernardino Graña, asi como obras edicadas e estes poetas polas últimas xereracións chegadas á poesia.♦

Avilés de Taramancos para estudantes

Xosé Agrelo Hermo e Pilar Sampedro Martínez son autores dunha **Aproximación didáctica a Antón Avilés de Taramancos**, que publica Toxosoutos na sua colección de ensino. O texto analisa o perfil do autor emarcado no seu tempo, amosa algunhas claves para entender a sua obra, estuda os seus libros e aborda alguns dos temas que centran a vida literária de Avilés de Taramancos.♦

Debate da história da Galiza

No verán de 1993 celebrouse en Santiago un seminário que levaba como título ***A história a debate.*** Publícanse agora os traballos que, alí, apresentaron os historiadores galegos: *História a debate. Galicia* . Luis Domínguez, Xavier Castro, Xosé Ramón Quintana e Concha Fontenla son algúns dos historiadores deste compéndio que desmiuza a história do pais na das suas mulleres, a sua arte ou a sua tradición oral.♦

NARRATIVA

A nosa mellor literatura



Catapulta, un libro de dez relatos cheos de humor desbordante que fai as ledicias de quen o le. Por *Catapulta* pasean eses protagonistas comúns, rutineiros, dos que tanto gusta **Alfonso Álvarez Cáccamo** que sempre teñen algo que dicir e que na maior parte dos casos nos sorprenden no momento máis inesperado do relato.

CATAPULTA

Alfonso Álvarez Cáccamo

XERAIS

NA MESMA COLECCIÓN



EXERCICIOS DE ESTILO
Raymond Queneau



MORRER EN CASTRELO DO MIÑO
Xosé Fernández Ferreiro

Cinema

A intriga da negritude

O demo vestido de azul

Xa é hora de que partamos dunha triple evidencia: 1º, a volta aos xéneros clásicos no cinema americano non é xa, desde hai anos, unha tendéncia conxuntural, senón que, pola contra, é un dos sinais de identidade máis evidentes do Hollywood moderno; 2º a continuación da busca que as grandes productoras fan nas estanterias das librarias para alimentarse e proveerse de "inspiración creadora" e 3º a amortización dos produtos e a conquista dos mercados e dos beneficios planetários depende, cada vez máis, da perfecta sintonia entre os dous elementos anteriores. Dito isto, non seria difícil explicar a orixe dunha película de intriga como "O demo vestido de azul" se non houbera nas suas imaxes alguns elementos anovadores e pouco frecuentados polo xenero.

A pelicula de Carl Franklin é realizada por un cineasta afroamericano, protagonizada por actores maioritariamente negros e cun discurso claro que tenta reflexar, en certa medida, a problemática sócio-racial nos Estados Unidos de finais dos anos cuarenta. Certamente, atopámonos diante da recreación dun xénero que sempre foi, no seu uso, monopólio exclusivo do universo vital anglosaxón (a dialéctica dos marxinados ou dos perdedores sempre foi transitada por personaxes "brancos", de angúrias existenciais), e que agora Franklin fai xirar sobre si mesmo para, sen perder as referéncias esteticas e de estilo, disporse a ollar cara outro horizonte humano, social e racial. Porque, ademais de ser unha boa pelicula, perfecta na recreación de espazos e de atmósferas próprias do xénero (con todas as suas limitacións, emprego de tópicos e mesmo de lugares comuns), sobérbia na sua estructura narrativa (suxestivo emprego da retrospectiva) e no guión e nos dialogos, moi coidada na posta en cea, no traballo de actores (Denzel Washington) e no deseño de producción, a fita de Franklin non agacha en nengun momento

Denzel Washintong en *O demo vestido de azul*.

o seu intento por reflectir algo mais que o equivalente, en negro, das aventuras de San Spade ou Phlilip Marlowe e tenta darlle ao personaxe de Easy Rawlins —un traballador en paro da escasísima clase media de cor, criado polo novelista afroamericano Walter Mosley— un sentido máis real, máis cotiá, máis apegado á realidade dos Estados Unidos saidos da Segunda Guerra Mundial.

> Sen perder as referéncias de estilo, Franklin fai unha película de intriga ollando cara outro horizonte humano, racial e social

O noso heroi pronuncia frases que son auténticas declaracións de intencións que informan sobre as formulacións de Franklin: "Moitos xóvenes negros de Louisiana ou Texas viñan a Los Angeles á procura de traballo", ou cando é despedido do seu emprego Rawlins non ten reparo en espetarlle ao seu xefe "como non comes, como non pagas a hipoteca da miña casa..." Este aviso da realidade, tan ausente neste xénero, este fogonazo de cotidianeidade (a busca de traballo, o prezo do pan) dalle á fita deste realizador de 46 anos un valor engadido que favorece o seu interese e que fai de O demo vestido de azul unha película sólida, atractiva e suxerente, onde o talento do director (estudante no American Filme Institute e formado, como Scorssese e Coppola, no laboratório de Roger Corman) agroma con soltura e insinua empresas de indudábel calidade.♦

CELSO X LÓPEZ-PAZOS

Afortunado debut

Contar de Manuel Abad

Con certo retraso, por mor de problemas de posproducción, chegou á pantalla do CGAI a ópera prima en 35 milímetros de Manuel Abad. Abondosamente coñecido polas suas realizacións na TVG, Abad é un profisional solvente nas 625 liñas que tiña desenvolvido a sua capacidade criativa ao longo destos anos, á marxe da televisión, no ámbeto do vídeo de criación.

Agora dá o salto á curtametraxe con *Contar*, un filme cun prateamento bastante orixinal na sua estrutura e ben dirixido, froito de moitos anos de traballo no eido da imaxe.

Esta película que dura arredor de 15 minutos, fíxoselle curta ao cronista, que pensa debia desenvolver a acción con maior metraxe, e non o digo por esa opción do autor de contar con celeridade a história da protagonista feminina no meio dos títulos de creto, pois esa parte podia quedar igoal como eleición do director por un remate dese tipo. O que sucede é que hai datos da história do protagonista, un convincente Vicente Montoto, que fican agochados e serian necesários para un maior achegamento ao relatado.

O protagonista, case único, de *Contar* princípia a fita deitado nun hospital e malferido e, desde ese instante, comeza a contarnos a sua vida na que fican detalles importantes por coñecer. Por exemplo, a batalla na que foi ferido aparece de súpeto e non está suficientemente explicada a sua presenza nela, nen o que aconteceu no campo de batalla.

O debut de Abad é con todo, afortunado porque a curtametraxe está coidada e ben feita e o que nos conta mantén o interés do espectador.

> O debut de Abad é con todo, afortunado porque a curtametraxe está coidada e ben feita

Dadas as características do noso audiovisual e a case nula estructura cinematográfica, que se tenta paliar desde sectores como a *Escola de Imaxe e Son* coa sua notabel xestión, encamiñada a darlle saída como realizadores de curtametraxes aos xóvenes, Manolo Abad debeu guiar os seus pasos cara á televisión para poder viver profisionalmente no eido da imaxe.

De ter contado cunha pequena indústria, é moi probábel que contásemos cun realizador cinematográfico tan solvente como no apartado televisivo.♦

ÓSCAR LOSADA

conta de discos

Beyond Words *Oregon*

Ralph Towner, Glen Moore e Paul McCandless son tres músicos que xunto con Collin Walcott (morto no ano 84) estaban tocando no Paul Winter Consort e decidiron xa aló polo ano 70 formar este grupo. E un cuarto de século despois seguen fieis á sua música e á sua formación —guitarra/teclados, baixo e ventos (Trilok Gurtu ocupou durante algun tempo o traballo na percusión do cuarto membro do grupo)—conseguindo ensamblar en este tempo as suas personalidades até acadar unha empatia asombrosa. Unha ledícia estes tres jichos. A sensibilidade e o apoio na improvisación dos tres é un gusto. Unha mescolanza de música de raiz "clásica" ben levada pola guitarra de Ralph Towner e unha criatividade cercana á carícia no acompañamento do baixo, instauran un espazo sonoro onde a música se expresa con maiúsculas através das emocións. Se a isto engadimos o virtuosismo de Paul McCandless aos sopros, temos setenta e un minutos de puro goce non só musical senón tamén auditivo, porque o disco está moi ben gravado. E un esta disposto a pasar por alto o seu elevado prezo (sempre pasa cos discos deChesky Records) e os non tan bons momentos do disco como os desmáns clasicistas na peza que pecha o disco, *Silver Suite*, o histrionismo nos sopros do tema 8 ou o 'regalo' do tema 2 ao gusto methenyano do produtor. Que queren! A un gustaríalle atopar un disco destes cada semana, e ademais combina á perfección cunha tarde de outono.♦

C.S.

Danças e Folias da Brigada Víctor Jara

O *Grupo Portugués Brigada Víctor Jara* recurre neste traballo a pezas do Estado español nas suas composicións (duas de Castela, unha de Extremadura, outra de Aragón e bota man de duas cancións fronteirizas). Nestas pezas, os lusitanos van desde as versións moi ben concebidas até aquelas ás que non acabaron de coller o punto óptimo, coma en *Donde Vas*, no que semellan navegar por mares bastante descoñecidos para eles e onde teñen problemas para tirar unha boa pilotaxe. Cando a *Brigada* mergúllase no seu próprio mar, o folclore do seu país, o leme está fortemente asentado, como nos ten amosada toda a andaina deste grupo, sobre todo nos seus concertos ao vivo, dos que poden dar fe os afeizoados que os teñen visto nas diferentes visitas que fixeron ao noso país. Catro temas instrumentais e sete cantados compoñen esta obra que se basea en temas tradicionais arranxados convenentemente por dous músicos importantes como son Ricardo Dias e Aurélio Malva, quen tamén é o cantante con boa voz desta formación, aínda que aquí axudouse nun tema das Açores, non moi logrado, de José Medeiros e en duas ocasións pola bela voz de Margarida Miranda.

Estamos diante dun traballo interesante, mais que non chega á altura que se pode esperar dunha banda das suas características, quitado no brillantísimo tema *Moda da Zamburra*, unha mostra, escasa nesta obra, do son máis puro e da intensidade que poden acadar.♦

O.L.

Brigada Víctor Jara. XICO ANAGÃO

A Candidatura de Santiago Triunfou en Bruxelas

BRUXELAS. - 20.11.1995

O Consello de Ministros de Cultura da Comunidade Europea, reunido onte en Bruxelas, decidiu nomear a Santiago de Compostela Cidade Europea da Cultura do ano 2.000. A decisión foi tomada por unanimidade e, no ano emblemático de comenzo do novo milenio, Europa contará ademais con oito Capitais Culturais que xunto con Compostela conformarán unha auténtica rede a prol da cultura.

Deste xeito, a proposta compostelana, de pasar do xa tradicional concepto de "Capital Cultural" ó de "Rede Cultural", foi o eixo central da reunión do Consello de Ministros de Cultura da Comunidade Europea, que ten carácter decisorio.

Temos que lembrar que Santiago de Compostela nesta ocasión representaba ó conxunto do Estado Español e, por tanto, foi a proposta oficial presentada polo Ministerio de Cultura dentro dos prazos que rexen para esta convocatoria. As decisións neste eido teñen a obriga de ser por unanimidade o que leva ós Ministros de Cultura a chegar a acordos concretos e satisfactorios para tódolos paises que integran a Comunidade Europea.

Tanto as autoridades municipais como autonómicas e do Goberno español mostraron a súa satisfacción e ledicia polo éxito acadado coa designación de Santiago de Compostela como Cidade da Cultura do ano 2.000. Unha vez máis, Santiago de Compostela tivo a capacidade de xerar un amplo consenso ó redor da idea e da proposta do Concello, tanto por parte da Xunta como do Goberno de Central.

Os esforzos realizados pola Delegación Española, que presentou o proxecto en tódolos Ministerios de Cultura da Comunidade Europea, viuse premiado co triunfo en Bruxelas da candidatura de Santiago de Compostela, que deste xeito se situa dentro da nómina de cidades cun marcado carácter cultural e de influencia na nova realidade política e social de Europa.

O proxecto de Compostela, Cidade da Cultura Europea do ano 2.000, foi elaborado polo Concello de Santiago e desde o principio contou co apoio da Xunta de Galicia, do Parlamento galego, das forzas sociais e culturais da cidade, da cidadanía en xeral e do Goberno Español que o escolleu para representar a España nesta ocasión tan emblemática e trascendente.

Compostela, unha vez máis, consegue triunfar no corazón do mundo da cultura cun avanzado proxecto de rede cultural europea que terá a súa execución no ano 2.000 inaugurando un novo e prometedor milenio para a Capital de Galicia.

A Capital de Galicia Representou a España

BRUXELAS.-20.11.1995

Santiago de Compostela, Capital de Galicia, foi a representante de España na elección da Cidade da Cultura para o ano 2.000. Oxectivo que quedou acadado onte en B... xelas. O proxecto ... sentado polo ... de Compostela ... amplo respaldo do Goberno Español e da Xunta de Galicia.

No ano 2.000, segundo a tese do Goberno Español e do proxecto do Concello compostelán, se porá en marcha unha Rede Cultural ... rarán as ... ultura ... olo ... Mi...

SANTIAGO DE EUROPA,
UNHA VEZ MÁIS.

Compostela
xa é
Cidade Europea da Cultura
do ano 2.000

CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A LITERATURA GALEGA A DEBATE

A LITERATURA DÉBIL

XOSÉ M. MILLAN OTERO

X.A. CASTAÑO

Na obra de arte aprenden o seu oficio os artistas. Ante os documentos edúcase a un público.
WALTER BENJAMIN, *Rua de dirección única.*

I

Releo a duas mans: nunha man números atrasados de *A Nosa Terra*; na outra *Literatura e sociedade en Galicia* (1975-1990), de X. González Millán. A máis de un chéiranos desde hai tempo que a literatura galega entrou en dique seco —¿talvez desde 1990?— e a ninguén parece preocuparlle canto baixa a maré. Acabou o *boom* da nova poesia galega —toda unha idade dourada, seica—; entra en causa a narrativa "pret-á-porter", —¿houbo tamén idade de ouro?—, e non sei por que dame a espiña que buscadores de vetas e filóns non han tardar en advertir a eclosión do ensaio histórico e literário. Por se é o caso, apúntome o tanto de ser o primeiro —¿ou o segundo?— en insinualo. A nosa é unha cultura que a forza de pasar fame cata a raspa da sardiña coma un manxar.

II

Leo a duas mans e, pobre leitor, reparo en cousas en que antes non reparara. E de veras que me soan de lonxe un tal Ingarden, H.R. Jauss, Raymond Williams e catro máis que convén traer a conto, aínda que non veñan, con tal de estar *á la page*. Por exemplo, reparo en que a literatura é un mercado, que o importante son os editores e distribuidores, os prémios literários, as subvencións, os consumidores, o marketing, a oportunidade. Reparo en que a literatura galega faise normal cando repara nisto e o asume. E reparo tamén en que hai autores que acaban por crelo e defendelo, e en último extremo críticos que acaban por teorizalo e dalo por xusto e necesário, como deber e salvación.

III

A quen levo perdida a pista é ao escritor. Un, desde que devorou aos oito anos *Moby Dick* e seis máis tarde *Xente ao lonxe*, tiña un chisco mitificada a palabra escritor. Conseguiu manter intacta a sua idiócia catro anos de instituto, cinco de universidade e de volta sete de instituto. E agradezo que avisasen a tempo, porque xa a un lle empezaba a resultar cargante pasar da leitura estética á leitura profunda, dialogar coas voces interiores da novela, buscar mensaxes cifradas, confrontar a ideoloxia. Todo é máis fácil agora que o escritor é un simple produtor, o leitor un consumidor e a principal función da literatura ampliar o mercado atraendo novos leitores... perdón, consumidores. Orabén, no cómodo horizonte que adiviño, aínda persisten duas nubes: a) Teño en COU tres alumnos que soñan ser escritores: ¿a quen lles recomendo que lean? ¿A Ken Follet ou a Álvaro Cunqueiro? b) Se o escritor é un produtor e o leitor un consumidor, a obra de arte literária —¡redondo nome! —, ¿que é? ¿Un artefacto ou unha botella de cocacola?

IV

Baixo ao chan. Tras o introito creo ter perdido a suficiente autoridade como para que ofendidos obxectores abandonasen a leitura. Xa non corro o risco de excomuñón, utilicei o suficiente grao de ironia como para ser literalmente inatacábel: só queda como resposta romper o artigo ou desafiarme a que sexa eu quen escriba o que pido aos demais que escriban para min. Disto último estou a salvo: a estas alturas non son máis que un leitor, deficientemente adestrado para consumir.

> "Se o escritor é un produtor e o leitor un consumidor, a obra de arte literária, ¿que é? ¿un artefacto ou unha botella de cocacola?"

V

Parafraseo a Castelao: o problema da nosa literatura é un problema de dignidade e liberdade. A marxe de certa crítica institucional, mesmamente nos círculos académicos se ten chegado a admitir como principal eixo explicativo da nosa história literária a situación de dependéncia colonial. "Dependéncia" e "colonial" non son conceptos baleiros, fetiches para exorcizar: son instrumentos descritivos que nos axudan a comprender unha realidade que doutro modo se fai case inintelixíbel. Mercede a un dramático paradoxo, as literaturas que xorden dunha situación tal vense condenadas a reproducir as relacións de dependéncia: cando procuran a normalidade porque o fan asumindo como modelo normal a literatura do colonizador; cando renúncian á normalidade porque se converten en contraliterarias, subversivas, pero incapaces de xerar un sistema literário autónomo[1]. A liberdade do escritor en Galiza hoxe ten como premisa prévia a plena conciéncia deste paradoxo; a sua dignidade está en procurarlle unha saída e dentro do posíbel mostrárllela aos demais. E sempre sen perder de vista que a plena normalidade cultural non precede, senón que aínda tarda en suceder, á normalidade política e social.

VI

Desde hai quince anos —creo que González Millán, a forza de ler mal a Francisco Rodríguez[2] ou por causa de certo esoterismo crítico adianta un pouco o cambio de paradigma que tanto a efectos estéticos como sócio-literários caberia situar arredor de 1980, no albor da autonomia—, a nosa literatura xoga ao perigoso xogo da normalidade inconsciente: a normalidade de situar aventuras eróticas en Nassau ou explorar o deserto do Sahara e a latitude austral; de criar investigadores privados de dezaoito anos e lampiños, que non fuman nen son calvos, nen conviven cun lagarto no seu cuarto;[3] de escribir poemas aos que lles sobran cen palabras, todas elas moi longas e de dubidosa pertinéncia... A nosa "normalidade" literária construíuse a golpes de DOG e bando municipal, de convocatória e axuda á edición, e asi nos vai. Posibelmente teñamos unha literatura máis plural, máis accesíbel ao leitor médio, máis requintada e ben escrita... sempre que admitamos que temos unha literatura.

VII

Polo médio desfigurouse a nosa história literária e a dos outros. Hai quen anda descubrindo as illas Cies da escrita automática, o criacionismo e o dadá; hai quen acaba de descubrir a vida urbana nas ruas do Ensanche compostelán ou en Coia non sen antes varrer a golpes de ignoráncia a Nova Narrativa, Blanco Amor, Vicente Risco e, se me apuran, Álvarez de Novoa e López Ferreiro. Anatemízase o ruralismo, aínda que ninguén se ten parado nunca a explicar ben en que consiste tal enfermidade —inócua para literaturas normais como a norteamericana ou a portuguesa, mortal de necesidade para a nosa—, cales son os seus síntomas e cales as suas nefandas consecuéncias[4]. Procúrase o universalismo cunha búsola e unha guia Michelin extendida aos pés da cama. ¿Gañamos? X.L. Méndez Ferrín peta na mesa, publica *Arraianos*, publica *Estirpe*,

TOKIO

e quince anos de ñoñeria saltan polo ar. ¿Gañamos? Borrón, conta nova e volvamos a empezar.

VIII

O problema da literatura galega é un problema de liberdade, de dignidade, de autenticidade. A marxe da crítica institucional, talvez é tamén un problema de amor. É o problema do escritor a quen talvez sexa necesário pedirlle siléncio. Aplicar a máxima de Benjamin veciña á que me serve de lema: "Ocupa as intermiténcias da inspiración pasando en limpo o escrito. Ao facelo, despertará a intuición". Talvez sexa máis profunda do que aparenta; do contrário, sempre se pode substituír intuición por reflexión. Non hai nengun escritor que poida escribir de calquer cousa —os produtores si: os escritores que un aprécia a penas se deron falado dun par de cousas, pero exprimíndoas até facelas sangrar. O escritor é moi libre de bailar polos temas, os xéneros e os subxéneros, pero que non espere que os leitores lle bailemos detrás.

> "A plena normalidade cultural non precede, senón que aínda tarda en suceder, á normalidade política e social"

IX

¿E Galiza? Un repasa mentalmente as páxinas da nosa literatura que máis o emocionaron —todo *Follas Novas*, a história da fidalga Micaela, "Cos cóbados no barandal", toda *A fiestra valdeira*, *A esmorga*, o *Sinbad...*—, e Galiza non está. Hai nelas seres humanos e hai galegos, pero ningun dos seus autores quixo escribir *El Regionalismo*, Sempre en Galiza ou *O atraso económico de Galicia*. É unha falácia querer enterrar o noso pasado literário con sete capas de ideoloxismo, unha falácia que se volve contra nós. Desde os seus inícios, a literatura galega, como calquer outra, é o resultado do esforzo do indivíduo e do grupo de interpretarse a si mesmo, o seu médio, a sua circunstáncia e por construír no imaxinário un futuro que moitas veces non lle era dado construír no real. Asi de fácil, asi de plural e asi de complexo. O escritor é moi libre de tensar o grupo até o extremo que queira, declararse occidental, europeu, universal; pode desligarse do grupo. Orabén, aínda que só sexa momentaneamente o grupo permanece e seguirá buscando quen o axude a interpretar.

X

Co risco de caír no apocalíptico, e portanto no grotesco, un non se resiste a sinalar como os retos principais da nosa literatura non mudaron moito nos últimos 115 anos. O tempo e o camiño deberian facérnolo ver con máis claridade. Os nosos escritores —Rosalia, Risco, Otero...—, sentiron a aguda conciéncia de viviren nun punto terminal, para o indivíduo e para a sociedade. Para achegarense ao universal tiveron a privilexiada atalaia dun país e unha cultura que se apagaban mesmo cando máis pugnaban por encenderse: médio século XIX e todo un século XX en menos de 30.000 quilómetros cadrados. A este reto non hai unha única resposta: o intimismo radical, o didactismo, a denúncia, o historicismo, o realismo, escribir como Hammet, como Butor ou como Quenau, todos poden ser expedientes válidos se por detrás persiste a certeza de vivirmos en estado de sítio constante, no centro da crise, o conciéncia tráxica de saber que o escritor galego non pode sobrevivir ao grupo para o que escribe e portanto por simple egoísmo e

supervivéncia ten de contribuír a definilo como tal. E despois, escribir torto, escribir dereito, escribir escuro, escribir como un sabe e pode, escribir como quen come pan...

XI

¿E a língua? Temos aceitado e espallado a idea de que o escritor galego é aquel, e só aquel, que escribe en galego. Esta verdade, que se foi abrindo camiño pouco a pouco desde os anos 50 —é a estas alturas merecedora de revisión. Podemos aceitar con todo o respeito para os alófonos que aquel que escribe en galego é galego; aínda lle queda por demostrar que é escritor. Se ollarmos de perto, o uso do idioma converteuse nos últimos anos en visa para introducir de matute sen pagar nengun tipo de alfándega moita máis quincalla que nos corenta anos de ditadura. E agora sen tan sequer a coartada ideolóxica. Escribir en galego deixou de ser en si unha toma de posición e en galego escriben moitos que non teñen posición, moitos que nen sequer pretenden adoptar posición e incluso alguns que pretenden gañarse unha posición. E ante isto, ¿como debe o leitor posicionarse?

> "O uso do idioma converteuse nos últimos anos en visa para introducir de matute sen pagar nengun tipo de alfándega moita máis quincalla que nos corenta anos de ditadura"

XII

Se á parte de galego hai quen pretenda ser escritor talvez deba como primeiro paso esconder os dicionários e as gramáticas, máxime cando estes son versións simplificadas para consumo infantil. Talvez cumpra volver a enfrentarse co idioma e rompelo en mil anacos, agora que se fixo aséptico e esclerótico. Talvez conveña botar man de novo de don Eladio Rodríguez ou, non seu defecto, de Franco Grande, onde se conservan tantas das palabras que quince anos de "normalización" botaron a perder. Con mil palabras non abonda para escribir unha novela; remexendo as mesmas mil nun bombo no se poden escribir cen. Fíxense que cada galego fala distinto, ¿por que os personaxes das novelas falan todos igual? ¿E por que fala igual ca eles o narrador? Se non está claro, lean a Bakhtine; se aínda non está claro repasen o "Prólogo útil" de Blanco Amor. Gasten mala uva, por favor: a ironia é unha mostra de complicidade e intelixéncia entre o escritor e o leitor. As cousas demasiado fáceis ofenden: non confundan a ironia co "humour", porque rima con "glamour" e é todo a mesma cutreria cúrsi. Sexan crueis, intenten enganar ao leitor, non dean máis facilidades. ¿Quen lles dixo que con cento cincuenta páxinas se pode facer unha gran novela? Podes conseguir escribir *A esmorga* pero se non o consegues todo queda nunha proba de preguiza. E, por favor, non máis engado nen máis truco: a literatura non está na trama nen no enredo; está no ser humano que leva dentro. Por favor, escriban esa noveliña para min: prometo ir con ela máis alá da páxina vinte e incluso recomendárllela aos meus alumnos de 1º, 2º e 3º de BUP.

XIII

Volvo ao princípio. Nos últimos quince anos boa parte dos produtores literários galegos teñen abdicado da sua responsabilidade, e non me refiro á sua responsabilidade para coa língua, a cultura, o país ou o home. Esas, no contexto de debate actual, son cuase —lérias que só entendemos catro. Teñen abdicado da sua responsabilidade ante a própria literatura cedéndoa ás políticas editoriais e, máis cinicamente, á criba do futuro que entre a quincalla escollerá as pérolas. Van quince anos de tendéncia ao documento e abdicación da obra, e isto é aínda máis lamentábel cando a produción de documentos está abafando verdadeiros artistas.

En quince anos temos producido e espallado unha literatura que na sua maior parte non sabe reflexionar nen sobre si mesma, nun país sempre escaso de reflexión metaliterária e no que a própria acción criadora suplia o diálogo sobre a criación. Producimos e espallamos unha literatura débil que se quere paradigma de normalidade e unha *troupe* de produtores envaidecidos que, en lugar de preseverar nos seus acertos, gastan o tempo en teorizar e defender os seus erros "de aprendizaxe".

Talvez sexa mexar fóra do testo, pero no devalar do posmodernismo un non pode deixar de observar que a filosofia débil, que se autocastrou e renunciou a pensar o mundo como totalidade, acabou condenada a quedar fóra incluso dos plans de estudo; unha literatura debilitada, a nosa, se cadra está gañando a pulso un final idéntico. Un non pode —aínda cando pón os lentes cor de rosa ou mira o mundo de azul optimismo— evitar pensar que estamos comendo o pan de onte e deixando case baleira a artesa para mañá.♦

(1) Quen necesite de confronto, que se mergulle nos magníficos estudos que Russell G. Hamilton, Manuel Ferreira ou Pires Laranjeira teñen adicado ás literaturas africanas de expresión portuguesa. A salvo sempre que aqui somos maioritariamente brancos e minorizadamente europeus, parece que falan mesmiño de nós.

(2) Cando menos, debeu saltarse a páxina 17 de *Literatura galega contemporánea. Problemas de método e interpretación*, ou o párrafo que postula "privilexiar feitos interiores ao país como explicación e base da periodización da nosa literatura, isto é, atender a aqueles fenómenos que sexan significativos na sua dinámica interna".

(3) O problema non é o subxénero. Quen crea que o problema é o subxénero que lea a *Balada da Praia dos Caes* de Cardoso Pires; que les *L´uomo che guarda* de Moravia; que lea *Delta de Venus*, de Anaïs Nin. Probabelmente queime entón un par de estantes da sua libraria. O problema é de autenticidade.

(4) Do antirruralismo si se poden describir: por hipérbole encontrámonos con un millón de vacas e con comedores de patacas; por transferéncia os bois convértense en Land-Rover. Disimulen os autores, a quen o que isto subscribe le e aprécia con distáncia.

Ricard Terré, a vangarda dos 50

Exposición antolóxica en Ourense

■ **MANUEL SENDÓN**

Na posguerra, nunhas condicións moi pouco doadas para a creación cultural, a actividade fotográfica non comercial desenvolvíase no seo das diferentes agrupacións fotográficas, centrando a súa actividade na realización de concursos e salóns nos que se mostraban as imaxes presentadas a estes. Nos anos cincuenta é o momento en que teñen maior actividade e interese, sen embargo é tamén, cando se rexistran as primeiras contestacións a esta forma de entender a fotografía, denominada "salonismo" polo fotógrafo catalán Oriol Maspóns.

Un dos fotógrafos máis significativo deste movemento foi Ricard Terré, quen no ano 1957 mostra conxuntamente con Miserachs e Masats as súas fotos, proclamando unha concepción diferente da fotografía, formando, todos eles, parte do grupo AFAL, que aglutina a fotógrafos de todo o Estado Español que se revelan contra o que para eles era a fotografía como *hobby*, considerándoa pola contra como unha forma de expresión, sen embargo a pesar de que a maioría dos membros de AFAL, tiñan ao ser humano e ao seu entorno como tema fundamental, as súas obras serán diferentes.

Ricard Terré participa en debates cos membros da Agrupación Fotográfica Galega desde o ano 56 dando a coñecer os seus posicionamentos e os de AFAL, traendo no ano 62 a Vigo unha exposición coa obra de O. Stenert, máximo representante do innovador movemento alemán "Fotografía Subxectiva". As súas concepcións moi diferentes ás dos membros da AFG eran consideradas como referencia do que en aquel momento chamaban a "fotografía moderna", e que para el era simplemente "o producto de individuos que viven o momento actual". O seu posicionamento era radicamente contrário aos concursos e a dinámica das asociacións, pensando que a fotografía debia de dirixirse a toda a sociedade, polo que cando no ano 61 expuxo en Vigo fíxoo fóra do local da agrupación.

Terré manifestará constantemente o seu interese pola persoa, considerando que a foto debe expresar unha emoción que poña de manifesto un feito humano. O drama, a alegría, a morte, a soedade, serán os temas máis tratados, neles dirá atopar os momentos expresivos máis fortes e universais, momentos que buscará, xeralmente en actividades que se saen do cotiá e dunha forma particular nas festas e romarías. As súas imaxes serán directas, non intentará pasar desapercibido como a maioría dos afeizoados da época, ao revés, renunciará ao teleobxetivo porque distancia e acabará usando practicamente só o grande angular de 28 mm, chegando en moitas ocasións a provocar ao fotografado para así poder lograr unha imaxe máis intensa. O gran craramente visíbel, o alto contraste con negros intensos, os desenfoques e os elementos movidos, contrastan coas imaxes que se realizaban nas asociacións, perfectamente enfocadas, con toda a gama de grises e composicións moi coidadas seguindo as regras tradicionais. Non é que el desprécie a técnica, simplemente convértea nun médio, deixando de ser un fin en si mesmo como sucedía na concursística. O que para esta eran defectos, Terré acábaos convertendo en recursos para mostrar un ambiente dramático que define toda a súa obra. Defenderá o branco e negro fronte á cor por consideralo máis directo, dramático e descarnado, gosta así mesmo de ampliar fotos a dimensións grandes, por considerar que o tamaño grande as simplifica, mentras en moitos casos o pequeno formato as abigarra, así xa no ano 1959 ten realizado ampliacións de 1.5 x 1 m.

Barcelona, 1957.

A pesar dos elementos documentais, que indudabelmente ten a súa obra, as imaxes transcenden ao feito concreto. A súa intención non é describir senón suxerir. Considera que se o fotógrafo se prantea unha reportaxe necesita coñecer o que está a fotografar, pero no seu caso non é necesario. As súas imaxes non están realizadas coa finalidade de denunciar unha situación social concreta "O labor do fotógrafo é que a un neno farrapento o vexan feliz. Ver o que hai detrás da pobreza" pero "ao estar vivindo as persoas fotografadas unha situación concreta acabará aparecendo reflectida dalgunha forma esa situación", podendo consideralo, seguindo a Barthes, como unha emanación directa do referente. Así, referíndose ás imaxes dos 50 e 60 dirá "Resultaron ser políticas aínda que esa non era a súa finalidade".

Nos primeiros anos da década dos sesenta realiza ao redor de 150 murais diferentes de grandes dimensións, a maioría deles de 2 ou 3 metros de longo chegando algún ata os 15 metros, partindo en moitos casos de negativos de 35 mm., resultando a área do negativo ampliada 10.000 veces, o que un tamaño enorme que ao conseguilo nídio, como el facía, xogaba un papel importante. Cada un deles era obtido a partir dun só negativo e fragmentado, en diferentes paneis, estando pensado cada un en función do espacio onde ía ser ubicado para cumprir unha función decorativa. Os motivos en moitas ocasións eran composicións abstractas, e noutras partes dun negativo que quedaban descontextualizadas ao ser ser ampliadas en tal proporción. Algunhas destas imaxes entroncan coas realizadas polos membros *Fotoform* e *Fotografía Subxectiva*, e dunha forma particular con algunha de Otto Steinert. Algunha destas "aplicacións", como el lles chamaba, aínda sobreviven en diferentes espácios da cidade de Vigo.

Na década dos sesenta deixa practicamente de fotografar volvendo posteriormente mediada a década dos oitenta. Como causa do abandono da fotografía sinala o cansancio que lle produciu a realización dos murais, sen embargo, creo que habería que falar tamén da falta de recoñecemento artístico e cultural da fotografía nese momento. A outros fotógrafos lles pasou o mesmo na mesma época, incluso poderíamos citar casos a nivel internacional como William Klein e Robert Frank, sen lugar a dúbidas os dous autores de fotografía documental máis importantes dese momento. Curiosamente voltará nos oitenta cando a fotografía consegue unha consideración cultural diferente. O traballo realizado nesta segunda etapa obedece globalmente aos mesmos prantexamentos que o realizado na primeira. Ao sumo poderíamos ver neste último traballo un maior dinamismo, así como unha actitude que o leva a involucrarse máis no tema, no sentido de que aumenta a relación co suxeito (imaxes tomadas máis perto e con maior provocación).♦

A exposición antolóxica estará aberta até o dia 30 no Museo Municipal de Ourense. Por outra parte a editorial Lunwerg en colaboración coa Fundación "la Caixa" ven de editar, cunha magnifica calidade de reproducción o libro Ricard Terré onde se recolle unha ampla escolma do seu traballo.♦

Convocatórias

Concurso de caricaturistas nóveis

A **Casa da xuventude de Ourense** organiza a segunda edición do concurso de caricaturistas nóveis, como aportación a terceira **Bienal da Caricatura** da que é responsábel a própria Casa da xuventude amais da **Asociación cultural Tres Pontes** e o **Clube Cultural Alxandre Bóveda**. O certame está aberto a galegos e residentes en Galiza de 14 a 30 anos que poden apresentar tantas caricaturas como quixer, de modelo e técnica libre, ainda que valorarán os referidos a actualidade galega. Os tamaños han de andar entre o DIN A4 (210x297cm.) e o DIN A3 (297x420cm.). As entregas teñen que ser baixo plica e lema, **antes do 15 de Xaneiro** na Casa da Xuventude: Celso Emílio Ferreiro, 27. 32004 Ourense. Hai un prémio á mellor colección (6 caricaturas) de 100.000 pta., e catro prémios de 25.000 pta. ás mellores caricaturas. Maior información na Casa da Xuventude: (988) 22 85 00, fax (988) 24 99 30.

Concurso de maquetas 2 de Copas

O bar Dous de Copas de Lugo convoca un concurso de maquetas ao que poden concorrer todos os grupos galegos non profisionais que non teñen gravado nengun disco. Para participar hai que enviar unha casete con 4 cancións orixinais xunto cun dossier cos nomes dos compoñentes do grupo, **antes do 30 de Novembro de 1995**. Nunha primeira escolma 14 grupos actuaran no Dous de Copas, para o que lles pagarán gastos de desprazamento e máis 10.000 pta. Os gañadores receberán 100.000 pta., para os que queden de segundos haberá un prémio de 50.000 pta. Maior información no Dous de Copas. Carril do Soido. Lugo.

Prémio literário Ánxel Fole

A Fundación Caixa Galicia e o xornal El Progreso convocan a décima edición do certame Ánxel Fole (prémio único de 1.000.000 pta), desta volta adicado á figura e obra de Aureliano José Pereira da Riva. Os traballos han ser inéditos cunha extensión máxima de 100 fólios mecanografados a dobre espazo por unha só cara. A entrega ten que ser por cuadriplicado e baixo plica **antes do 31 de Marzo de 1996** en calquer departamento de Obra social da Caixa Galicia. O teléfono de Obra social de Caixa Galicia en lugo é: (982) 22 40 12.

A saude pola alimentación

O médico hixienista Juan José Núñez oferece unha coferéncia o Venres 24 ás 8 do serán na libraria Verde de Vigo, sobre **A saude pola alimentación e o xexun**. A charla servirá para apresentar o retiro hixienista que se levará a cabo do 6 ao 10 de Decembro na casa de repouso A Levada (perto de Salvaterra), con colóquios, leituras, paseos, vipassana, ioga e práticas de xeobioloxia e radiestésia. No retiro haberá catro níveis de réxime: xexun de auga, froita, crudívoro ou vexetariano cociñado. Sempre con alimentos biolóxicos, Os prezos van das 4.500 a 5.500 pta. diárias segundo réxime. Só 9 prazas. Información e inscricións nos teléfonos (986) 66 64 13 ou 42 41 52.

Certame de vídeo ecolóxico

O cine clube **Os Papeiros** e máis a asociación ecoloxista **Xevale**, convocan un certame de vídeo ecolóxico paralelo as sétimas xornadas de cinema e ecoloxia que celebrarán no mes de Decembro en Chantada. O certame está aberto a montaxes audiovisuais en formato VHS, que fagan denúncia, dramatización ou reportaxe sobre o meio ambiente. Non é competitivo polo que todos os participantes receberán *agasallos medioambientais*. Collen envios **até o 4 de Decembro** na Casa da Xuventude de Chantada.

Prémio de guións Chano Piñeiro

O **Cine clube Lumière** organiza un prémio de guións, aberto a todos os galegos ou residentes na Galiza, en homenaxe ao cineasta Chano Piñeiro, finado neste ano. Para participar hai que ter entre 15 e 35 anos, e apresentar os textos (que non poden exceder os 15 fólios) por triplicado xunto aos dados do autor, **antes do 29 de Decembro** de 1995. Hai dous prémios de 150.000 pta. que pagará o Concello de Vigo, un para textos de ficción e outro para documentais. Os envios han dirixirse á Casa da Xuventude: López Mora, 31. 36211 Vigo. Maior información no Cine clube Lumière: (986) 22 09 10, ou na Casa da Xuventude: (986) 29 49 34.

Prémio de poesia de Dodro

O Concello de Dodro convoca a VIII edición do prémio de poesia adicado a **Eusebio Lorenzo Baleirón**, dotado con 300.000 pta. Para concorrer hai que apresentar un libro de versos, de tema e técnica libre, dunha extensión mínima de 400 versos, por cuadriplicado, baixo lema e plica, **antes do 30 de Novembro** ao: Concello de Dodro. A coruña. VIII Premio de Poesia Eusebio Lorenzo Baleirón. Maior información no concello de Dodro: (981) 80 20 62.♦

Actividades

Magosto antimilitarista

Organizado pola Krena o Sábado 25 a partir das 7 da tarde na Praza da Verdura de Pontevedra. Castañas e viño para todas as persoas.

Semana da Cultura Galega en Vigo

O Colexio Oficial de Doutores e Licenciados en Filosofia e Letras e en Ciéncias de Galiza Sul, artella a VI Semana da Cultura Galega, do 27 ao 29 de Novembro no Instituto Santa Irene de Vigo, desta volta adicada á figura de **Prisciliano**. Segundo Méndez Ferrin "Moito se ten discutido, e se discute, verbo do profeta galaico, pero, non desprezando este aspecto tán importante, o actual pensamento laico interésase tamén pola circunstancia económica, social e política que condicionou o xurdir de tales doutrinas e a aparición de tán pugnaces e constantes detractores como se lles opuxeron, no marco do Baixo Imperio en crise". Na Semana falarán **Xosé Alonso Estévez,** o Luns 27 sobre *Pensamento de Prisciliano e resonáncias galaicas*, **Xosé Eduardo López Pereira**, o Martes 28 coa charla *O Ronsel prisciliani sta na cultura de Galiza*, e **Uxío Romero Pose**, o Mércores 29 baixo o título *Prisciliano: história e ficción.* Todas as intervencións comezan ás 8,30 do serán.

Xornadas sobre o nacionalismo en Lugo

Os Comités Abertos de Faculdade do cámpus de Lugo artellan por segundo ano as *Xornadas de Nacionalismo Galego*. Comezaron o Martes 7 pero comprenden actividades até o 20 de Decembro no salón de actos de Maxistério, a partir das 8 do serán. A máis próximas: **o Xoves 23** o deputado do BNG **Francisco Rodríguez** oferece a charla **O nacionalismo á lus do Marxismo-Leninismo**; e o **Xoves 28** han tratar da **Universidade e a realidade nacional**, **Francisco Carracedo** (A Trabe), **Armesto Barbeito** (Decano da Faculdade de Ciéncias da Univ. da Coruña), **Xosé Miranda** (membro de ERGA) e **Xosé Ramón Hermida** (membro dos CAF). En posteriores charlas falarán figuras como **Alfonso Eiré** (Director de *A Nosa Terra*), **Pepe Rei** (Xefe da equipa de investigación do xornal de Euskadi *Egin*), ou o cantante **Suso Vaamonde**.

Mes do cómic en Moaña

O **Instituto de Bacharelato de Moaña** realiza durante o mes de Novembro unha série de actividades adicadas ao cómic. Até o dia 30, mostra no Instituto viñetas humorísticas de **Xaquin Marin**. O *mes do cómic* complétase cunha colección de cómics cedida pola libraria Paz de Pontevedra, que estará a disposición dos alunos na biblioteca do Centro.

Desde o Sul, protagonistas do desenvolvimento

O Xoves 23 ás 8 do serán na galeria Sargadelos de Vigo, falará **Benedita Serrano** representante da Central de Comedores Populares de Santa Anita en Lima (Perú).♦

O escudo de Galiza, deseñado por Castelao, agora en insígnia.

Solicita a cantidade que desexes ao apartado 1371, 36200 de Vigo.

ENVIA O IMPORTE TOTAL EN SELOS DE CORREOS

P.V. P. 200 PTA UNIDADE

O trinque

Prensa

O mensual *Le Monde Diplomatique* ven de presentar o primeiro número da sua edición española. Publicación especializada na información internacional e de liña socialdemócrata. Ocupa o lugar deixado por *Cuatro Semanas*, filial do mesmo periódico que incluia artigos próprios.♦

Anúncios de balde

■ **Oferécese moza para nenos e nenas, atender ao público nunha tenda de roupa, nunha libraria, ou outros choios.** Tamén podo facer as tarefas do fogar. Mañás ou tardes. Zona da Coruña. Chamar as fins de semana ao (981) 69 42 42, ou ás noites pola semana ao (981) 66 07 67, e perguntar por Margarida.

■ **Se queredes contactar co grupo *Badana*** chamade ao 96 555 49 69 perguntando por Miguel. O enderezo do Clube de Fans é: Manuel Bello Salvado, rua da Igrexa 10, 15685, Xanceda-Mesia, A Coruña. Atoparedes discos, fitas, camisolas, adesivos, etc.

■ **Se queres receber de balde até fin de ano *Irímia***, revista quincenal dos crentes galegos, escrebe ao Apartado de Correos 980 de Santiago.

■ **Galiza Nova Ferrolterra pom à venda adesivos e postais com o lema "Simboloxia Fascista Fora da Galiza"** a 60 pta. unidade. Mínimo duas unidades. Mandai o importe máis um selo de 30 pta a: Galiza Nova Trasancos. Galiano, 71-entreplanta. 15402 Ferrol.

■ **Faiscas músicas alternativas mudou**, agora podes atoparnos en **Mª Berdiales, 25**. Vigo. Telf. e fax (986) 22 69 76.

■ **Regálase gatiño palleiro**, negro de ollos verdes, de unha semana. Tel. (986) 220941. Marga.

■ **Intercambiamos estáncia nunha casa de campo (en Vilamateo, a 10 km. de Miño, Coruña) por un máximo de 2 ou 3 dias, por axuda nas tarefas agrícolas.** Non temos animais. Cultivo ecolóxico. Alimentación vexetariana. Non fumadores. Absterse drogatas e parásitos. Máis información na Asociación Vexetariana Vida Natural: Apartado 111. 15300 Betanzos. A Coruña.

■ **Na bisbarra da Ferrolterra estamos a constituir a asamblea comarcal de *ADEGA*** (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), **se desexades colaborar** poñédevos en contacto con Alberte Moán no enderezo: Rua Espiño, 162. 15405 Ferrol.

■ **Ajuda-nos coa tua aportaçom a pagar a fiança de Armando Ribadulha Pérez, militante da *AMI*, preso no Cárcere de Carabanchel.** O Juiz impuso-lhe umha fiança de 1.000.000 pta., Estamos intentando que a baixem, a família de Armando carece de meios. As aportaçons podelas fazer na **C/C nº 2091-0224-30-3040005608 de Caixa Galicia.**♦

Relacións

■ **Desexo facer amizade por carta con mulleres de entre 18 e 35 anos.** Góstame sair cos amigos, pasalo ben, os rallies, etc. Teño 28 anos. Escrebede a: Adolfo Blanco Rodríguez. Avenida dos Mallos, 9-3º Esquerda. 15007 A Coruña.

■ **Gostaria de intercambiar correspondéncia sobre arte, literatura, medicina, espeleoloxia, filatélia ou numismática**. Escreber a Mayra Bourricandy. Apartado Postal 3.057. Habana 3. 10300 Cuba.

■ **Dous mozos bretóns queren contactar con xente bretona que resida actualmente na Galiza.** Dirixirse a: Cécile Laborde. 8 rue du Stade. 29830 Plouguin. Bretanha. Ou a Davy Gyeniran. 6 rue Volnay. 29200 Brest. Bretanha.

■ **Forno refractário ao condicionamento capitalista en todas as facetas da vida, aireado no campo ao NO. Galaico, precisa leña vital afin**, crítica, solidária e licenciosa, para obter sagacidade, cordialidade, e cocer certos placeres sensíbeis... procurando que os fumes non tupan o tiro. Alleo ao espectáculo social e ás suas representacións persoais, e inimigo das respostas alienantes á alienación, os exclusivismos persoais, o patriarcalismo e a mansedume familiarista... amén das relixións... e os eucaliptos. Podo fornear aclaracións e precisións necesárias. PD: A miña cómplice coce testos semellantes. Xavi. (981) 78 88 20. De 9 a 22 h.♦

Teatro

Ai Carmela e Moaña

O Sábado 25 **Talia Teatro** pon en cena a obra **Ai Carmela**. Tamén en Moaña estará a compañia **Emeigual**, o Sábado 2 de Decembro coa Peza *O Pauto*. Os dous espectáculos son no Cine Veiga ás 11 da noite.

Os pátios da memória

A obra de Celso Parada interpetada por **Teatro do Morcego**, o dia 23 ás 20,30 h., e o 24 ás 22.30 h. no centro cultural Caixavigo.

Nau de amores

Polo **Centro Dramático Galego**. Actua no Teatro Principal de Ourense, en dias consecutivos do 22 ao 26 de Novembro (o 22 ás 9,30 da noite, e os demais ás 8,30). Logo pasan a actuar no auditório Gustavo Freire de Lugo os dias 29 (ás 21,30 h.), 30 de Novembro e 1 de Decembro (ás 20,30 h.).

Notas de cociña

A compañia madrileña **La Carniceria Teatro** trae á sala Galán (Santiago) un dos espectáculos "máis raros" do Festival de Otoño de Madrid de 1994. Estará os dias 29 e 30 de Novembro e 1 de Decembro ás 10 da noite. Información e reservas no (981) 58 51 66 e 58 51 21.

Mofa e Befa.

Para ser exactos

Mofa e Befa actuan o Venres 24 no Centro cultural do Porriño.

A histéria de Lilí Brown

Por **Arre Producciónss** estrea un espectáculo de tranformismo e transgresión, os dias 23, 24 e 25 ás 10 da noite na NASA (Santiago).♦

Danza

Rayo Malayo

A compañia madrileña integrada por **Francec Bravo** e **Michelle Mari**, interpretan a coreografia do próprio Francec **Situaciones cortas**, os dias 23 e 24 ás 10 da noite na sala Galán de Santiago.♦

Exposicións

Homenaxe fotográfica a Elpidio Vilaverde

A **Confederación Intersindical Galega** inaugurou o Xoves 16 na sala da cultura do Concello de Vilagarcia, unha mostra fotográfica sobre a vida do ex-alcalde da vila e membro do Consello Galego Elpidio Vilaverde Rey.

Os derradeiros alfares

A asociación etnográfica **A Coruxeira** (Saiáns. Vigo), xunta pezas tradicionais dos alfares de Gundivós, Buño e Niñodáguia entre outros, na mostra *Os derradeiros alfares*. A exposición é un complemento da unidade didáctica *A cultura do pan*, tamén aberta na aula etnográfica de Saiáns, para a que se poden concertar visitas de centros de ensino nos teléfonos (986) 81 02 82 (Património histórico) e 46 08 12 (Aula etnográfica).

Tres visións figurativas

Dos pintores **Carlos Fernández Iglesias**, **Jesus Calabuig** e **Luis Romero**, até o 30 de Novembro na sala Irmaslexos (no centro comercial Camélias) de Vigo. Abre de 9 da mañá a 10 da noite os dias laborábeis.

Colección Laxeiro

O terceiro andar da Casa das Artes de Vigo, garda a colección Laxeiro do concello. Unha morea de obras de várias epocas do grande pintor. Pódese visitar de Luns a Venres de 11 a 14 e de 17 a 21,30 h.

Artesania para un mundo máis xusto

Máis de 5.000 productos artesáns de África, América Latina e Ásia, á venda do 18 ao 25 de Novembro na mostra organizada por **Intermon** na Estación Marítima da Coruña. Intermon fai a proposta baixo o lema ***Comércio xusto***, xa que o obxectivo da exposición é apoiar o traballo de artesáns do Sul coa oferta dunha oportunidade de desenvolver un traballo digno cunha remuneración xusta.

Os fundos do CGAC

O Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC. Santiago) expón as obras adquiridas até agora para os seus fundos. As obras foron todas realizadas de 1960 a 1980 por dezasete artistas: Tino Grandío, José Mº Labra. Reimundo Patiño, Manuel Mampaso, A. Lago Rivera, Luís Caruncho, Leopoldo Nóvoa, Manuel S. Melzún, Jorge Castillo, Alberto Datas, Xose Lodeiro, Acisclo Manzano, Rafael Baxeras, Ánxel Huete, Francisco Mantecón e Xaime Quessada. Abre de Martes a Sábado de 11 a 20 h., Domingos e feirados de 11 a 14 h.

Alex Vázquez

O pintor impresionista expón na Nova Sala de Exposicións do Centro Cultural Caixavigo, até o 27 de Novembro. Abre laborábeis de 18,30 a 21,30 h., e festivos de 12 a 14,30 h.

Antonio Palacios

O Concello do Porriño celebra o quincuaxésimo cabodano da morte do grande arquitecto da vila Antonio Palacios, cunha mostra no centro cultural municipal. Ali expoñen até o 26 de Novembro unha escolma de fotografías da sua obra cedida polo Coléxio Oficial de Arquitectos de Galiza, e obras apresentadas aos concursos de fotografia e literatura organizados polo concello. A homenaxe complétase cunha mesa redonda, o Venres 24 tamén no centro cultural, baxo o título "Palacios, un home, unha obra".

***Unha película de pel*: José Noguero. Sen título.**

Páxinas coordenadas por IAGO LUCA

Olga Martínez

Saida da primeira xeración da Faculdade de Belas Artes de Pontevedra. Colga cadros até o 27 de Novembro na Sala de Arte Caixavigo. Segundo Xosé Antón Castro "Hai sen dúbida no traballo de Olga unha referenciallidade expresionista ligada aos "wilden" berlineses dos oitenta, a aqueles modelos que coñece e admira -casos de Feeting ou Midendorff- que consideran a pintura como un acto de imediatez biográfica... Para eles voltar ao taller significaba desinibirse através de xestos incendiários capaces de convertir a tea nunha sinfonia cromática de sensaións. Que son as que Olga Martínez oferece no mundo dos seus músicos e nalguns dos seus bodegóns que, como no caso de *Bodegón Roxo*, logran fundir os obxectos e o espácio...".

Outono fotográfico

Exposicións en todas as vilas de Ourense, Monforte, Santiago e Norte de Portugal, durante o mes de Novembro. Consultar número anterior ou chamar á Casa da Xuventude (988) 22 85 00.

Arte mexicana

Desde a vanguarda até a actualidade, é o título da mostra exposta no Centro Galego de Arte Contemporánea. Recolle obra, cadros, esculturas e tallas, aparecida nos últimos 50 anos, polo que deixan fóra a Rivera, Orozco e Siqueiros, pero si inclúen a **Rufino Tamayo** (finado en 1991 aos 92 anos) e **Carlos Mérida** como pioneiros da arte mexicana contemporánea. Tamén expoñen pezas de Helen Escobedo, Julio Galán, Alberto Gironella, Enrique Guzmán, Sergio Hernández, Miguel Leñero, Rocio Maldonado, Carlos Mérida, Rodolfo Nieto, Adolfo Riestra, Vicente Rojo, Francisco Toledo, German Venegas e Nahum Zenil.

Aniversário do Museu do Povo Galego

Cumpriu 18 anos o pasado Outubro, e o celebran dando a coñecer unha escolma das suas adquisicións máis recentes. Os materiais constituen unha mostra da vida tradicional con útiles de ofícios, enxoval doméstico, moblaxe, indumentária, obxectos de devoción ou pezas arqueolóxicas destinadas á futura Sala de Prehistória e História Antiga. Permanecerá aberta até fin de ano.

Unha película de pel

A sala Marisa Marimón (Ourense) pretende dar a coñecer as últimas tendéncias da fotografia contemporánea a través de obra de **Sophie Calle** (Paris 1953), **Carlos Nieto** (Ourense 1969), **Hannah Collins** (Londres 1956), **Chema Madoz** (Madrid 1958), **Susi Gómez** (Mallorca 1964) e **José Noguero** (Huesca 1969). A mostra é un complemento ao *Outono Fotográfico*.

Cores fortes

Até o 3 de Decembro na Sá dos Peiraos de Vigo, **Enrique Álvarez** expón pinturas e debuxos.

As novísimas pintoras galegas

Até o 26 de Novembro na Casa das Artes de Vigo. De Luns a Venres de 11 a 14 e de 17 a 21,30 h., Sábados só ás tardes e Domingos á mañá. A revista **Festa da Palabra Silenciada** co gallo do seu número máis recente, adicado ás Novísimas Pintoras Galegas, montou ista mostra cunha escolma de obra de **María Álvarez**, **Pilar Álvarez Pablos**, **Carmen Hermo**, **Menchu Outón**, **Natália P. García** e **María Ruído**.

O surrealismo na España

O Auditório de Galiza (Santiago) vai acoller até o 7 de Xaneiro do ano que ven, obra surrealista cedida polo Museu Raiña Sofia de Madrid.

Imaxes da SIDA

Na Domus, o Museu do Home da Coruña. Abre de Martes a Sábado de 10 a 19 h., Domingos e festivos de 11 a 14,30 h. Os Luns pecha.♦

Música

A Vargas Blues Band en Vigo

O Sábado 2 de Decembro ás 10,30 da noite na sala Ene.

Burning, aprazado

O concerto do grupo madrileño previsto para o Venres 17 na Iguana de Vigo, ven de ser aprazado para o Venres 15 de Decembro ás 12,30 da noite no mesmo local.

Os Skornabois no Bierzo

O Venres 1 de Decembro ás 10 da noite, na palloza *A Rudeira vaiche boa* no concello Ambasmestas (León).

Albert Plà

Actua na Casa do Patin (Santiago) o dia 23, e no Café Liceum (O Porriño), os 24 e 25.

Korosidansas

Auténtico rock batea de Vilagarcia cun directo frenético. Na xira de apresentación do CD **Cordura**, estarán o Venres 24 ás 12 da noite no Bahia Bissau (Náutico de Vigo), e Domingo 26 ás 11 da noite na sala Manicómio de Tui.

Juan Camacho

Concerto de jazz, o Xoves 30 no Café Odeón de Vigo.

Soul Taller

No Planta Baixa de Vigo o Sábado 25 ás 11 da noite.

Juego de Manos

Son cubano, o Venres 24 no Metropol de Tui, e o Sábado 25 no Bahia Bissau (Náutico de Vigo).

Concertos do Ateneo Santa Cecília

O Ateneo de Marin organiza o concerto do grupo de metais Ars Metal (o Domingo 26 ás 8,30 do serán), e do Coro Clásico de Vigo (o Domingo 3 de Decembro ás 10 d amañá). Os dous no Templo Vello de Marin.

Na cidade vella compostelá

O Martes 28 o duo **Tocayo Standar**, saxo e guitarra, actua no Momo.. a Rua; e o Venres 29 na Carrilana o trio de jazz **Tri-band**. As duas actuacións son a partir das 10,30 da noite.

El último de la fila

O Venres 24 no Coliseum da Coruña, e o Sábado 25 no Pavillón das Travesas en Vigo.

Héroes del silencio

O Xoves 23 no Pavillón municipal de Lugo, e o Sábado 25 no Pavillón Universitário de Santiago.♦



Albert Pla.

Ópera

Tosca

A **Ópera Nacional de Cuba** interpreta *Tosca* de Puccini o Domingo 26 de Novembro ás 8,30 do serán.♦

Cinema

Terra e liberdade

O **Cine clube Barbanza** pasa na Casa da Cultura de Boiro, o Xoves 30 de Novembro ás 9,30 da noite a fita de Ken Loach sobre a Guerra civil española.

Shati al-atfal ad-daain

Ou *A praia dos nenos perdidos* (1991. Marrocos-Franza. 88'), dirixida polo marroquino Jilali Ferhati, denúncia a represión da muller na sociedade marroquina, xa non a situación política, ou a represión da ditadura de Hassan. Pásana o Mércores 29 ás 8,15 do serán no **Centro Galego de Artes da Imaxe** (A Coruña). Entrada 200 pta., 100 co Carné Xove.

Área de servício

O **Cine clube Lumière** pasa o 28 de Novembro ás 20,30 h., no Auditório do Concello de Vigo, o filme *Área de servício*. Unha fita da directora Allison Anders (USA. 1991. 102'), ambientada nunha gasolinera de estrada intercontinental dos USA. Ali vive Shade coa sua irmá e coa sua nai, á que lle busca parella. Entrada 300 pta.

Cinema británico

O **Centro cultural Caixavigo** encetou o 20 de Novembro un ciclo de cinema británico, con pases en versión orixinal subtitulada en español ás 20,30 h. Ainda fican: o **dia 27** ***Terras de penumbra*** (1993) de Richard Attenborugh, **o dia 29** ***Orlando*** (1993) de Sally Potter, **e para o 30** ***Chovendo pedras*** (1993) de Ken Loach. En *Chovendo pedras* o director de *Axenda oculta*, *Riff-raff* e *Terra e liberdade* recrea con certo humor, a vida, a supervivéncia económica e social en Manchester. Ken Loach explica porqué escolleu a história "Teño traballado desde hai moito tempo con Jim Allen (o guionista) e sempre pensei que ten unha grande forza cando escrebe do que mellor coñece: a vida en Manchester, onde vive. Queriamos un tema que fora, ao mesmo tempo, un retrato e unha reflexión de como están actualmente as cousas, de xeito que escollemos a história dunha família católica en Manchester, de cómo manteñen o amor próprio e a dignidade frente as dificuldades".

William Dieterle

O **Centro Galego de Artes da Imaxe** (A Coruña), adica a sua programación de Novembro, ao cineasta xermano estabelecido en USA, William Dieterle. Os próximos pases: *Juárez* (Xoves 23), *Esmeralda a zíngara* (Venres 24), *O comunicado de Reuter* (Sábado 25, sobre o fundador da axéncia de información), *A munición máxica do Doutor Ehlirch* (Martes 28), e *O home que vendeu a sua ialma* (Xoves 30). Os pases son ás 20,15 h. de Martes a Venres, os Sábados ás 18,30 h. A entrada vai a 200 pta. (100 pta. con Carné Xove), o abono para 10 sesións val 1.500 pta. O teléfono do CGAI: (981) 20 34 99.♦

Portugal

Exposicións

En Lisboa:

Tejedores de voces: a arte do México antigo (dentro do **ciclo adicado a México**, aberto **até o 31 de Decembro no Centro cultural de Belém**, teléfono: 07-351-1-301 96 06). Comprende obxectos arqueolóxicos pre-colombianos do antigo México. A mostra estuda a diversidade cultural da república por áreas (Maias, Costa do golfo, Oaxaca, Planalto central e Occidente). O ciclo sobre México do Centro Cultural Belém, complétase coas mostras **Altares dos mortos**, **Trajes Mexicanos**, **Naturalistas mexicanos: os grandes mestres**, **Gráfica contemporánea** e **Casa acariaciadoras: arquitectura rural do México**. Ista última liga arquitectura e fotografia a médio do arquitecto Oscar Haggerman e a fotógrafa Mariana Yampoisk. No tocante aos **Naturalistas mexicanos**, recolle obra do grupo *Big Three*, ao que pertencen **José Clemente Orozco**, **Diego Rivera** e **David Alfaro Siqueiros**, autores do desenvolvimento dunha arte figurativa concretizada na chamada *Pintura mural* ou *muralismo*. A parte **Gráfica contemporánea, presença do México**, reune traballos de artistas recoñecidos (**Rufino Tamayo**, **José Luis Cuevas**, **Vlady**, **Fernando García Ponce**, **Alberto Gironella**, **Manuel Felguérez**) e ainda alguns destacados despois de 1960: **Francisco Capdevila**, **Nunik Sauret**, **Jesus Martínez**, **Ismael Guardado**, **Gilberto Aceves Navarro** ou **Gabriel Macotela**. **Artistas bascos** até o 31 de Decembro na Fundação Gulbenkian. Tres artistas bascos nunha mostra que responde á exposición de arte portuguesa apresentada en Bilbo no mes de Febreiro. Expoñen s escultores **Eduardo Chillida** e **Vicente Larrea**, e o pintor **Rafael Balerdi**. **Antonio Seguí**, tamén na Fundação Gulbenkian. Retrospectiva de pintura e escultura do artista arxentino, nascido en 1934 e instalado en Paris desde os anos 60. Inicialmente próximo ao expresionismo de Grosz e Dix, Seguí practicou desde os anos 60 unha "nova figuración" crítica que deu orixe a unha série de obras centradas no personaxe popular Juanito Laguna, á que seguiu obra de intención máis irónica próxima á estética do cómic.

Muralistas mexicanos

Teatro

No Porto:

Beijo no asfalto de Nelson Rodrigues, enecenificación de Roberto Lage, pola Seiva Trupe, no Auditório Nacional Carlos Alberto (07-351-2-200 45 40).

En Lisboa:

Uma comédia às escuras de Peter Shaffer, encenificación de Mário Viegas coa Companhia Teatral do Chiado, no Teatro Municipal de São Luiz (07-351-1-347 12 79). **De Afonso Henriques a Mário Soares**, de Filipe La Féria e Carlos Paulo, con Rita Ribeiro e os autores, no Politeama (07-351-1-343 12 00). **O concílio do amor** de Oskar Pannizza, ecenificación de David Dias polo Teatro de Praga no Auditório Carlos Paredes (07-351-1-715 45 65).♦

Director: Alfonso Eiré López
Presidente: Cesáreo Sánchez Iglesias
Empresa Xornalística Editora:
Promocións Culturais Galegas S.A.
Impreso en papel reciclado *Greenrecy-50* de 60 g/m² de *Green and Paper.*

A NOSA TERRA

Rua do Príncipe, 22, planta baixa
Apartado postal 1371 (36200 Vigo).
Tel.: Administración, Subscricións e Publicidade (986) 43 38 30*.
Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05.
Fax (986) 22 31 01.

ANO XVIII • 23 DE NOVEMBRO • 1995 **Nº 701**

De esquerda a direita e de frente, Méndez Ferrin, Antón Patiño (fillo), Hermínio Barreiro e A. Patiño (pai). A. PANARO

O CGAC homenaxea ao pintor no décimo aniversário da sua morte

Contra o siléncio sobre Reimundo Patiño

■ **CARME VIDAL**

Méndez Ferrin pediu solenidade para o momento. Por primeira vez os nomes dos componentes do grupo artístico A Gadaña ianse ouvir no Centro Galego de Arte Contemporánea. Foi con motivo do décimo aniversário da morte de Reimundo Patiño, o subversivo artista das múltiples faces.

"Unha étnia, unha comunidade, deita nos seus simblos e nos seus signos a nídia preséncia das suas ideias e dos seus feitos e —o que é mais— dos seus sonos rachados polo peso imposto dunha história allea". A forza dos signos que Reimundo Patiño reflicte no limiar dos *Poemas Caligráficos* de Uxio Novoneyra invoca, dez anos despois da sua morte, as mesmas razóns que o afastan do seu recoñecemento oficial.

Os seus amigos, nomeadamente alguns daqueles que compartiron con el a aventura Brais Pinto, reclamaron unha vez máis o espazo, e ainda débeda, do pintor. O escritor Xosé Luis Méndez Ferrin foi só o máis radical ao denunciar o siléncio tecido sobre a sua "arte subversiva que consistia en meter areas na engranaxe do poder". En Madrid xestouse entrambos unha "alianza contra a história e o nacimento dunha fraternidade" que se extenderia con Cribeiro, Bautista Álvarez, Bernardino Graña, Herminio Barreiro ou Uxio Novoneyra nunha "irmandade de fortes individualidades" que evocaba o nome do inexistente e logo aliteratado afiador de Nogueira de Ramuin que foi morrer a capital do Estado. Era *Brais Pinto*, un movimento de resisténcia e acción que respostaba ao enquistamento de Ramón Piñeiro e o seu "estricto macharthismo e disciplina estalinista" como un revulsivo que convocaba un tempo de aprendizaxe sen fin.

"A biografia de Reimundo Patiño está cheia de coraxe individual pero tamén de proxectos colectivos" dixo Antón Reixa ao recoñecer o difícil papel de "banda de miserábeis" que tiñan os da sua xeración, artistas profesionalizados fronte ao inagotábel labor dos do tempo do pintor homenaxeado, que montaban exposicións, actos, revistas, e até "partidos comunistas".

Reixa, co seu incombustíbel toque provocador, demandou para Galiza a necesidade dun servizo de intelixéncia para promover a figura de Patiño se é que, dixo con ironia, foi a CIA quen buscou recoñecer o traballo artístico de Pollock. Tamén Ferrin acusou a lousa plasmada sobre a vangarda plástica soviética —só coñecida agora, despois da desaparición da URSS— pero desta volta se trataba de conxurar dun xeito interesado un "estúpido, nécio e tosco socialismo" enraigado no estricto realismo. Como telón de fondo inevitabel e recurrente a desaparición de Patiño dos espácios e da história da plástica galega.

O artista das mil caras

"A individualidade se derruba intre a intre Mecen raices nos pes e nos brazos dos homes e ficamos xunguidos á mesa, ia sáa, io ambente, io jazz-band./ O ollo do meu veciño é o meu ollo, sua soedade é a miña" escribia Reimundo Patiño no seu emblemático *Homes-Bielas* pubricado na revista *Vieiros*. Desde a sua participación política no Consello da Mocidade e na creación da UPG, até o seu peso nos grupos *A Gadaña* e *Brais Pinto* pasando pola sua innovación no mundo da plástica, a reflexión teórica, ou a poesia, Patiño debúxase coma un artista global que conxunga á perfeción a sua faceta criativa coa de home de acción nun tempo que demandaba un compromiso forte e un irrenunciábel posicionamento á contra.

Antón Patiño, director do ciclo monográfico que ven de homenaxear a Reimundo Patiño no CGAC, afonda tamén na plural personalidade do artista na que "coexiste o labor de investigación teórica coa práctica pictórica máis avanzada, a partir dun nídio compromiso cunha Galiza que sen perder a sua raigame asume a contemporaneidade dun xeito radical". Por iso segue tan perto tanto de Uxio Novoneyra como de Antón Reixa, e por iso tamén tanto un como o outro confesaron no ciclo o seu maxistério. Novoneyra desde a amistade a colaboración personal plagada de anécdotas xa históricas e Reixa desde a admiración pola sua "vangarda sen complexos" e tamén polo "cabreo instantaneo" ao saber do seu descoñecemento do estudo de Galiza de Castelao.

Con *Brais Pinto* e *A Gadaña* como con *Atlántica* ou mesmo na complicidade co grupo poético *Rompente*, Patiño da carpetazo a calquer enfrontamento xeracional para participar, lonxe dos individualismos e da oficialidade máis encorsetada, da arte colectiva e da cultura como provocación, con nome próprio e claras resonáncias críticas.

Xavier Seoane pouco antes da morte do artista tiña xa claro o prezo que teria que pagar Patiño por ter sido fiel aos compromisos co seu tempo: "Contra a resaca mortifera dun tempo cruel de barbarie e represión, el, como creador, intelectual e humanista progresista tivo que realizar un labor en solitário, mal comprendido, incógnito, loitando contra un medio hostil. De nacer hoxe, Reimundo Patiño teria ocupado tal vez un lugar central no movimento de criación e teorización da arte galega. Pero quedou como un pioneiro do que hoxe se está facendo na Galiza e como un dos poucos que sobreviviu a aquel naufraxio histórico".

Dez anos despois da sua morte e un desde que o CGAC foi inaugurado por última vez, Patiño entra de xeito tímido no centro proxectado por Álvaro Siza. Tempo é de reclamar, como se fixo de xeito reiterado no ciclo, unha continuada e digna preséncia da sua obra nos espazos de arte galegos.♦

TRES EN RAIA

A tele-cópula

■ **X. F. PÉREZ OIA**

Tan grande é a eficácia do aparato persuasivo do poder, que fai da andrómena máis inverosimil algo verosímil aos ollos dos povos submetidos. Sexa todo para destruir a quen se opoña aos seu designios.

Asi que non surprende que unha comisión de profundadores cristianos vellos, certificara ante a católica coroa da nosa benamada Hispánia o vóo dunha nube de bruxas, dacabalo de basoiras sobre as chemineas de Compostela. De certo non foi un caso aillado. Velai temos o proceso do malfadado Urbano Grandier, o abate condeado á fogueira en Loudun por ter preñado várias monxas desde a cadea da Inquisición. Dilixentes demos levaban polo aire o seme de Grandier deica o vaso concedido pola próvida natura para o xénero feminino.

Casos chocalleiros dun pasado pasado, ha pensar algún leitor. Pero non, e como de mostra serve un gran, reproduzamos ao pé a cibertopia tecnolóxica que seriamente nos propón Paul Virilio, o prestixioso filósofo da informática, o iberespácio e outras cousas. "Vivemos nunha época sen par. A teleaudición (a rádio ou a TV) participaban nunha perspectiva sonora e visual que era ainda do Quattrocento. Nós entramos agora na perspectiva do tempo real, da óptica ondulatória, coa posibilidade de transmitir emocións e sensacións no momento. Aparece a nova perspectiva táctil, que permite unha sexualidade a distáncia, a tele-copulación. O suceso é insólito: nunca antes puidéramos tocar a distáncia, pero hoxendia, a quilómetros de distáncia pode non só tocar mediante luvas de dados (luvas de retorno do esforzo) senon que grácias a unha combinación especial podo facer o amor cunha moza de Tokio que transmitindo pulsións con certos sensores pode facerme gozar e eu a ela. Isto non é o divórcio, é a desintegración. Non é o divórcio da parella. É o divórcio da copulación: o preservativo universal".

Nun texto famoso, Marx ironizaba sobre o pequeno que Vulcano se voltara en comparación con certas indústrias siderúrxicas da época. Que son hoxe os demos semen-transportistas de Loudun ou as semprevirxes huries dos paradisos islámicos en comparanza coa ciber-geisha de Tokio? Para que queremos ceo se temos o preservativo universal? Woitila, maniféstate!♦

VOLVER AO REGO

A información é como un automóbil. Pasa a cen por hora por riba de certas notícias, pero detense noutras. O chofer, un que ten gorra oficial, acelera cando cruza o referendo do Quebec ou os resultados eleitorais de Polónia. Sen embargo, nas autonómicas catalanas albisca unha boa tallada e decide parar a comer. Hai estradas que pasan polo estreito de Florida, desde as cales o viaxeiro pode divisar aos balseiros que fuxen de Cuba, pero nengun camiño conduce á Nixéria, onde os aliados da *Shell* e a *Elf Aquitane* aforcaron a un poeta.

Ben está que fagan autopistas da información. Mais, cando terán os galegos o seu próprio coche? ♦